



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

INFORME DO SECTOR CULTURAL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA:

ANÁLISE ECONÓMICA E INVENTARIO DE RECURSOS E ACTIVIDADES

SETEMBRO 2021

Queremos agradecer á Concellaría de Cultura do Concello de Pontevedra a oportunidade de poder abordar este ilusionante traballo e a colaboración de todo o persoal de dito servizo na procura de información. Tamén estender este agradecemento a todas as institucións que están implicadas neste sector diferencial da cidade de Pontevedra pola súa transparencia e colaboración para atender todo tipo de solicitudes de información realizadas para a elaboración deste informe. Grazas tamén as diferentes empresas, asociacións e fundacións que fortalecen e dinamizan o sector cultural en Pontevedra. Grazas, moitas grazas.



«Unha cidade non se mide pola súa lonxitude e anchura, senón pola amplitude da súa visión e a altura dos seus sonhos»

-Herb Caen, periodista gañador do Premio Pulitzer



Universidade de Vigo



G4^{PLUS}

Desenvolvemento estratéxico:
organizacións e territorios



EQUIPO DE TRABAJO:

Grupo de investigación da Universidade de Vigo do Campus CREA, G4 PLUS Desenvolvemento estratéxico: organizacións e territorios.

Pedro Figueroa Dorrego (Director)

Daniel Gallego Ortigueira

Ana Branca del Valle Vázquez

José Ángel Tellería Couñago

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS, ALCANCE E METODOLOXÍA....7	
2 ANÁLISE DAS EMPRESAS DO SECTOR CULTURAL EN PONTEVEDRA E ÁREA XEOGRÁFICA DE INFLUENCIA.....13	
2.1 ANÁLISE DAS EMPRESAS DO SECTOR CULTURAL (2019)..... 13	
2.1.1 Análise das empresas no conxunto da área de influencia.....13	
2.1.2 Análise das empresas na área de influencia por subsectores culturais.....14	
2.1.3 Análise das empresas no concello de Pontevedra16	
2.2 ANÁLISE DAS EMPRESAS DOS SUBSECTORES CULTURAIS (2019) 17	
2.2.1 Creación artística e cultural17	
2.2.2 Produción de bens e servizos culturais19	
2.2.3 Fabricación de bens culturais.....21	
2.2.4 Distribución e difusión de bens e servizos culturais23	
2.2.5 Conxunto das empresas do sector cultural da área de influencia ..25	
2.2.6 Conxunto das empresas do sector cultural no concello de Pontevedra26	
2.3 ANÁLISE DA EVOLUCIÓN DAS EMPRESAS DO SECTOR CULTURAL NO PERÍODO 2013-2019 27	
2.3.1 Evolución xeral das empresas no período 2013-2019.....27	
2.3.2 Evolución segundo subsectores no período 2013-2019.....29	
2.3.2.1 Evolución no total da área xeográfica de influencia29	
2.3.2.2 Evolución no concello de Pontevedra.....32	
3 ANÁLISE DO EMPREGO NO SECTOR CULTURAL DE PONTEVEDRA E ÁREA XEOGRÁFICA DE INFLUENCIA.....37	
3.1 EMPREGO AUTÓNOMO 37	
3.2 EMPREGO NAS EMPRESAS 42	
3.3 TOTAL DO EMPREGO CULTURAL 46	
4 ANÁLISE DOS PRINCIPAIS ORZAMENTOS CULTURAIS.....49	
4.1 PRINCIPAIS ORZAMENTOS CULTURAIS EN PONTEVEDRA ... 49	
4.2 DETALLE DO ORZAMENTO CULTURAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA 51	
4.3 DETALLE DO ORZAMENTO DO MUSEO DE PONTEVEDRA 52	

5 OFERTA FORMATIVA NO ÁMBITO CULTURAL EN PONTEVEDRA..... 55	
5.1 ENSINO UNIVERSITARIO 55	
5.1.1 Universidade de Vigo55	
5.1.2 UNED.....57	
5.2 ENSINO NON UNIVERSITARIO 58	
5.2.1 Réxime especial58	
5.2.2 Ciclos formativos60	
5.2.3 Réxime xeral: bacharelato61	
6 PATRIMONIO E INFRAESTRUTURAS CULTURAIS EN PONTEVEDRA..... 63	
6.1 BENS DE INTERESE CULTURAL E OUTROS ASPECTOS DE INTERESE PATRIMONIAL 63	
6.1.1 Principais prazas do casco histórico de Pontevedra65	
6.1.2 Labras heráldicas67	
6.1.3 Cruceiros e fontes67	
6.1.4 Patrimonio gráfico de Pontevedra67	
6.2 INFRAESTRUTURAS CULTURAIS EN PONTEVEDRA..... 69	
6.2.1 Concello de Pontevedra.....71	
6.2.1.1 Pazo da Cultura.....71	
6.2.1.2 Illa das Esculturas72	
6.2.1.3 Teatro Principal.....72	
6.2.1.4 Casa da Luz73	
6.2.1.5 Casa Azul73	
6.2.1.6 Pazo Mugartegui.....74	
6.2.1.7 Centro de Interpretación das Torres Arzobispais74	
6.2.1.8 Sede Santa Clara.....74	
6.2.1.9 Local de Música75	
6.2.1.10 Centros culturais.....76	
6.2.2 Deputación de Pontevedra79	
6.2.2.1 Pazo Provincial.....79	
6.2.2.2 Edificio Administrativo80	
6.2.2.3 Arquivo Provincial.....80	
6.2.2.4 Palacete das Mendoza81	
6.2.2.5 Museo de Pontevedra81	
6.2.3 Xunta de Galicia.....85	
6.2.3.1 Arquivo Histórico Provincial85	
6.2.3.2 Biblioteca Pública Antonio Odriozola85	

6.2.3.3	Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia	86
6.2.3.4	Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga	86
6.2.3.5	Escola Oficial de Idiomas	87
6.2.3.6	IES Montecelo	87
6.2.4	Universidade de Vigo	88
6.2.4.1	Casa das Campás	88
6.2.4.2	Facultade de Belas Artes	89
6.2.4.3	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	90
6.2.4.4	Outros espazos da Universidade de Vigo	90
6.2.5	UNED	91
6.2.5.1	Centro Asociado UNED Pontevedra	91
6.2.6	Afundación – Obra social Abanca	91
6.2.6.1	Café Moderno	91
6.2.6.2	Sede Afundación	92
6.2.7	Fundacións	92
6.2.7.1	Fundación Manuel Moldes	92
6.2.7.2	Fundación Cuña-Casasbellas, Fabulario Novo -Hipofanías	92
6.2.7.3	Fundación RAC	93
6.2.8	Sociedades e outros espazos	93
6.2.8.1	Casino Mercantil e Industrial	93
6.2.8.2	Liceo Casino	94
6.2.8.3	Praza de Touros	94

7 CULTURA EN MOVEMENTO97

7.1 EVENTOS CULTURAIS E FESTAS TRADICIONAIS EN PONTEVEDRA 97

7.1.1	Principais eventos culturais e distribución anual	97
7.1.2	Detalle dos eventos e festas tradicionais segundo o seu ámbito	99

7.2 ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN E OUTRAS AGRUPACIÓN CULTURAIS 106

7.2.1	Asociacións culturais	106
7.2.2	Fundacións	117
7.2.3	Corais	118

7.3 APROXIMACIÓN AOS CLUBS DE LECTURA 118

7.4 LIBROS EDITADOS 121

7.5 COÑECEMENTO E USO DA LINGUA..... 122

7.6 ARQUIVOS E BIBLIOTECAS..... 125

7.6.1	Biblioteca Pública Antonio Odriozola	125
-------	--------------------------------------	-----

7.6.2	Bibliotecas do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo..	127
7.6.3	Biblioteca da UNED Pontevedra	127
7.6.4	Arquivos e biblioteca do Museo	128
7.6.5	Arquivo Deputación Provincial de Pontevedra.	128
7.6.6	Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	129

7.7 CAMIÑO DE SANTIAGO: CAMIÑO PORTUGUÉS..... 130

7.8 LOCAL DE MÚSICA..... 131

7.9 HÁBITOS E COMPRAS CULTURAIS..... 132

A. ANEXOS 135

A.1. RELACIÓN DE TÁBOAS 135

A.2. RELACIÓN DE FIGURAS 137

A.3. RELACIÓN DE EMPRESAS 140

A.4. ENQUISA REALIZADA A ASOCIACIÓNS 142

A black and white photograph of a large crowd gathered in a city square, with a large white sailboat in the foreground and historic buildings in the background. The sailboat is a traditional galleon-style vessel with a single large white sail. The crowd consists of many people, mostly men, standing in the square. The buildings in the background are multi-story, historic structures with many windows and balconies. The sky is cloudy.

1. INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS, ALCANCE E METODOLOXÍA

1 INTRODUCCIÓN: OBTXECTIVOS, ALCANCE E METODOLOXÍA

OBTXECTIVOS

O obxectivo do traballo é recompilar e analizar información sobre ecosistema do sector cultural no concello de Pontevedra e en xeral o seu impacto económico, laboral e social.

O informe está orientado a proporcionar información útil para a cidadanía e para a toma de decisións dos axentes públicos e privados do ámbito cultural, así como pór en valor un sector que constitúe un diferencial como elemento de promoción da cidade.

Dende unha visión holística do sector cultural porase o foco na análise económica da actividade empresarial e profesional das empresas de Pontevedra, así como doutros ámbitos do ecosistema cultural de Pontevedra (administracións públicas, infraestruturas, patrimonio, asociacións e fundacións e eventos culturais entre outros).

ALCANCE

En canto aos contidos deste informe, son máis de carácter cuantitativo que cualitativo, iniciando un traballo que recolla a máxima información posible da realidade cultural no concello de Pontevedra, poñendo o foco no impacto económico, no emprego, na formación e nos recursos físicos dispoñibles, entre outros. No futuro habería que completar cunha información máis cualitativa, abarcando aspectos de carácter histórico, situación actual e futura sobre os diversos ámbitos culturais (literatura, pintura, música,...).

En relación ao alcance xeográfico, este céntrase esencialmente no concello de Pontevedra agás na análise das empresas e do emprego, onde se colleu como referencia un área xeográfica máis extensa, que comprende aos concellos limítrofes con Pontevedra.

Figura 1 Área xeográfica da análise.



Fonte: elaboración propia

CAPÍTULOS DO INFORME E METODOLOXÍA

O informe componse de 7 capítulos incluída esta introdución. Nos primeiros epígrafes analízanse os aspectos económicos, o emprego e os orzamentos dos dous principais xestores culturais presentes na cidade. No resto dos capítulos abórdanse diferentes temáticas relacionadas co ecosistema cultural de Pontevedra: patrimonio, infraestruturas, eventos, asociacións, clubs de lectura, uso do galego, entre outros.

Nos dous primeiros capítulos relativos a análise das empresas e do emprego relacionados co ámbito da cultura, tómasse como referencia o estudo "O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica" publicado polo Observatorio da Cultura Galega que parte de traballos metodolóxicos realizados pola Unión Europea e o Ministerio de Cultura. Desta forma o sistema cultural queda configurado como se aprecia na seguinte figura.

Figura 2 Configuración do sistema cultural.



Fonte: elaboración propia

En concreto, para a elaboración da análise económica, no que concirne ás fontes de información empregadas, o instrumento fundamental foi a base de datos do Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI). Esta base de datos contén datos económicos das empresas con sede en Iberia segundo o concello no que ditas entidades teñen domiciliada a súa sede. Así, para obter o resultado agregado que se amosa nas seguintes páxinas, seguiu-se o seguinte proceso:

1. En primeiro lugar, recorreuse á Base de Datos SABI, onde se seleccionaron os códigos CNAE 2009 (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) relacionados coa actividade cultural, obtendo unha primeira lista, para os concellos seleccionados, das empresas con actividade dentro destes códigos. En concreto seleccionáronse os códigos CNAE 2009 que conforman o sector cultural partindo da relación de códigos empregados no informe elaborado polo Observatorio da Cultura Galega mencionado anteriormente.
2. A estes códigos se lles engadiron os relativos ás actividades propias das axencias de publicidade (7311) e o código 4649 – Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico, de xeito que o estudo contemplase a empresa Arnoia Distribución de Libros S.A., inscrita en dito código.
3. Do subsector de Actividades auxiliares unicamente foi detectada unha empresa, polo que foi reconsiderada dentro do subsector Fabricación de bens culturais co CNAE: 3220 - Fabricación de instrumentos musicais.
4. A continuación, procedeuse a filtrar os códigos CNAE e organizalos nos correspondentes subsectores seguindo a metodoloxía do informe citado no punto anterior.
5. A Táboa 1 contén a relación completa de códigos CNAE contemplados no presente informe e o número de empresas analizadas no total da serie histórica contemplada, entre os anos 2013 e 2019.

Para a elaboración do apartado do emprego, realizouse unha consulta á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa que existe un protocolo de colaboración coa Universidade de Vigo. De este modo foi obtida información relativa ás persoas autónomas no sector cultural do concello de Pontevedra e a área xeográfica de influencia. Só foi proporcionado o número de persoas, non foi posible obter a facturación das mesmas por razóns de segredo estatístico. Para esta consulta proporcionouse á AEAT unha relación de códigos IAE (Imposto sobre Actividades Económicas) equivalentes aos códigos CNAE empregados para a análise económica (ver Táboa 2).

Táboa 1. Relación de códigos CNAE contemplados e nº de empresas analizadas.

CNAE contemplados	Nº empresas
01 CREACIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL	26
900. Actividades de creación, artísticas e espectáculos	25
9001 - Artes escénicas	18
9002 - Actividades auxiliares ás artes escénicas	2
9003 - Creación artística e literaria	5
02 PRODUCCIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS	68
581. Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais	14
5811 - Edición de libros	4
5813 - Edición de periódicos	7
5814 - Edición de revistas	2
5819 - Outras actividades editoriais	1
591. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	11
5912 - Actividades de postproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión	1
5914 - Actividades de exhibición cinematográfica	3
5915 - Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	4
5916 - Actividades de producións de programas de televisión	2
5819 - Outras actividades editoriais	1
592. Actividades de gravación de son e edición musical	2
5920 - Actividades de gravación de sonido e edición musical	2
601. Actividades de radiodifusión	3
6010 - Actividades de radiodifusión	3
602. Actividades de programación e emisión de televisión	1
6020 - Actividades de programación e emisión de televisión	1
731. Publicidade	25
7311 - Axencias de publicidade	25
741. Actividades de deseño especializado	5
7410 - Actividades de deseño especializado	5
742. Actividades de fotografía	6
7420 - Actividades de fotografía	6
743. Actividades de tradución e interpretación	1
7430 - Actividades de tradución e interpretación	1
03 FABRICACIÓN DE BENS CULTURAIS	43
181. Artes gráficas e servizos relacionados coas mesmas	42
1812 - Outras actividades de impresión e artes gráficas	34
1813 - Servizos de preimpresión e preparación de soportes	6
1814 - Encadernación e servizos relacionados coa mesma	2
322. Fabricación de instrumentos musicais	1
3220 - Fabricación de instrumentos musicais	1
04 DISTRIBUCIÓN E DIFUSIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS	29
464. Comercio por xunto de artigos de uso doméstico	1
4649 - Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico	1
476. Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	24
4761 - Comercio polo miúdo de libros en establecementos especializados	12
4762 - Comercio polo miúdo de periódicos e artigos de papelería en establecementos especializados	11
4763 - Comercio polo miúdo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados	1
900. Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1
9004 - Xestión de salas de espectáculos	1
910. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	4
9102 - Actividades de museos	3
9103 - Xestión de lugares e edificios históricos	1
Total xeral	166

Fonte: elaboración propia

Táboa 2. Relación de códigos e epígrafes IAE contemplados.
IAE contemplados
01 CREACIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL

- 11 - DIRECTORES DE CINEMA E TEATRO.
- 12 - AXUDANTES DE DIRECCIÓN
- 13 - ACTORES DE CINEMA E TEATRO
- 15 - EXTRAS ESPECIALIZADOS, DOBRES, COMPARSAS E MERITORIOS
- 16 - HUMORISTAS, CARICATOS, EXCÉNTRICOS, CHARLISTAS, RECITADORES, ILUSIONISTAS, Etc.
- 18 - ARTISTAS DE CIRCO
- 19 - OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS CO CINEMA, O TEATRO E O CIRCO, N.C.Ou.P
- 22 - BAILARÍNS
- 29 - OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS CO BAILE, N.C.Ou.P
- 31 - MESTRES E DIRECTORES DE MÚSICA
- 32 - INTERPRETES DE INSTRUMENTOS MUSICAIS
- 33 - CANTANTES
- 39 - OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA MÚSICA, N.C.Ou.P.
- 861 - PINTORES, ESCULTORES, CERAMISTAS, ARTESÁNS, GRAVADORES E ARTISTAS SIMILARES
- 862 - RESTAURADORES DE OBRAS DE ARTE

02 PRODUCCIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS

- 751 - PROFESIONAIS DA PUBLICIDADE, RELACIÓNS PÚBLICAS E SIMILARES
- 774 - TRADUTORES E INTÉRPRETES
- 778 - DIPLOMADOS EN BIBLIOTECONOMÍA E DOCUMENTACIÓN
- 844 - SERVIZOS DE PUBLICIDADE, RELACIÓNS PÚBLICAS E SIMILARES
- 9611 - Produción de películas cinematográficas (mesmo vídeos)
- 9613 - Decoracións escénicas para películas ou cintas cinematográficas sempre que non se efectúe pola produtora.
- 9731 - Servizos fotográficos

03 FABRICACIÓN DE BENS CULTURAIS

- 322 - TÉCNICOS EN ARTES GRÁFICAS
- 492 - FABRICACIÓN DE INSTRUMENTOS DE MÚSICA
- 975 - SERVIZOS DE ENMARCACIÓN

04 DISTRIBUCIÓN E DIFUSIÓN DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS

- 657 - COMERCIO POLO MIÚDO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS EN XERAL, ASÍ COMO DOS SEUS ACCESORIOS
- 6594 - Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes
- 9621 - Distribución e venda de películas cinematográficas, excepto películas en soporte de cinta magnetoscópica.
- 9633 - Exhibición de películas cinematográficas e vídeos fóra de establecemento permanente.
- 9651 - Espectáculos en salas e locais (excepto espectáculos taurinos)
- 9652 - Espectáculos ao aire libre (excepto espectáculos taurinos)
- 9653 - Espectáculos fóra de establecemento permanente (excepto espectáculos taurinos)
- 9654 - Empresas de espectáculos.
- 9669 - Outros servizos culturais N.C.Ou.P.

05 ACTIV. AUXILIARES

- 851 - REPRESENTANTES TÉCNICOS DO ESPECTÁCULO
- 853 - AXENTES DE COLOCACIÓN DE ARTISTAS
- 854 - EXPERTOS EN ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS, ASEMBLEAS E SIMILARES
- 855 - AXENTES E CORREDORES DE APOSTAS NOS ESPECTÁCULOS.
- 983 - AXENCIAS DE COLOCACIÓN DE ARTISTAS
- 9891 - Expedición de billetes de espectáculos públicos
- 9892 - Expedición de billetes de espectáculos públicos

Fonte: elaboración propia

Para o contido do apartado de principais orzamentos culturais, centrouse o informe nos orzamentos dos dous principais axentes culturais presentes na cidade: o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra en relación co museo Provincial.

Para isto foi recibida información das partidas orzamentarias relacionadas coa actividade cultural de ambas institucións, e a partir desta extensa información realizouse un traballo de síntese que permitise ter unha visión xeral facilmente lexible para un público non experto en aspectos contables do destino do gasto cultural en ámbalas dúas institucións.

O epígrafe da oferta formativa contén información de síntese sobre os principais estudos dispoñibles en Pontevedra relacionadas cos diferentes ámbitos culturais que inclúen tanto estudos de carácter universitario como non universitario, así como número de matrículas e no seu caso as persoas egresadas.

No que respecta ao capítulo de Patrimonio e infraestruturas, en base a consultas realizadas a cada un dos titulares das infraestruturas presentes no concello de Pontevedra, realizouse un inventario coa información xeral de cada infraestrutura e espazo susceptible de ser empregado en actividades culturais. Esta información recibida foi trasladada en moitos casos literalmente ao apartado correspondente para conformar unha visión xeral do valor histórico e patrimonial e da propia capacidade para albergar eventos de índole cultural.

En relación a este punto foron consideradas infraestruturas especializadas en actividades culturais así como outras que sen ser especializadas poden ser susceptibles de albergar este tipo de actos. Tamén foron incluídos os espazos de carácter formativo dos centros educativos, que se ben normalmente non están dispoñibles en época lectiva, constitúen tamén unha posibilidade de organización de eventos en certas épocas do ano, ou dispoñen de talleres ou espazos especializados en temáticas culturais para poder albergar obradoiros, entre outros. Non foron considerados os espazos adicados nestas infraestruturas ás funcións administrativas, de organización ou almacenamento.

Baixo o epígrafe de cultura en movemento, quíxose abordar diferentes aspectos das dinámicas culturais na cidade de Pontevedra, así faise unha recompilación dos principais eventos e festas que se organizan ano tras ano, a programación máis habitual e estable.

Outro dos aspectos estudados foron as asociacións culturais que reflicten a capacidade de dinamización cultural na que en gran medida son promotoras. Para isto fíxose unha intensa labor de identificación destas asociacións a través de diversas fontes e unha vez depuradas realizouse unha enquisa para poder dispoñer dunha ficha que permitira realizar unha síntese de conxunto e tamén individual para cada unha delas.

Abórdanse varios aspectos tamén en torno ao libro: edición de libros, clubs de lectura, fondos e actividades das bibliotecas e arquivos entre outros, ademais dunha información relacionada co uso da lingua en Pontevedra e comparativa coas grandes cidades galegas.

Para finalizar este capítulo faise referencia ás dinámicas culturais relacionadas co local de música, o camiño de Santiago e para rematar unha información importante sobre os hábitos de consumo cultural da poboación de Pontevedra.

Con todo isto, que alguén definiu como "desbroce" da realidade cultural, pódese ter unha información nunca antes posta en conxunto, conscientes de que haberá que "tirar do fío", moitos fíos, dando oportunidade de desprezar e afondar no futuro unha información que poida facilitar a toma de decisións no ámbito cultural.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



2. ANÁLISE DAS EMPRESAS DO SECTOR CULTURAL DE PONTEVEDRA E ÁREA XEOGRÁFICA DE INFLUENCIA

2 ANÁLISE DAS EMPRESAS DO SECTOR CULTURAL EN PONTEVEDRA E ÁREA XEOGRÁFICA DE INFLUENCIA

2.1 ANÁLISE DAS EMPRESAS DO SECTOR CULTURAL (2019)

2.1.1 Análise das empresas no conxunto da área de influencia

A análise dos principais indicadores económicos do sector cultural en Pontevedra e da área de influencia considerada neste informe, ofrecen unha visión dun sector que no ano 2019 acadou unhas cifras moi relevantes no contexto de Galicia, froito das políticas públicas de apoio e unha aposta decidida polo impulso das actividades que constitúen un dos eixos centrais de dinamización na estratexia de promoción da cidade, xa recoñecida polos numerosos premios internacionais acadados nos últimos anos.

No conxunto da área están activas e domiciliadas 80 empresas, cuns ingresos de preto de 157 millóns de euros, que xeran unha riqueza na área de máis de 40 millóns de euros e un total de 765 postos de traballo, proporcionando cada unha delas unha media de máis de 53 mil € de valor engadido (riqueza xerada por empregado).


Táboa 3. Empresas do sector cultural na área de estudo segundo as principais variables, 2019

	Nº empresas	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
Pontevedra	61	17.847.242	7.889.596	225	35.065
Resto da área	19	139.087.694	32.863.449	540	60.858
Total da área xeográfica	80	156.934.937	40.753.045	765	53.272

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

Destes valores do conxunto da área, correspóndelle ao concello de Pontevedra o 76% das empresas, con preto do 30 % dos empregos. As variables ingresos e valor engadido representan o 11,4% e o 19,4% respectivamente dentro do conxunto da área. As empresas de maior dimensión en xeral sitúanse na contorna máis próxima da cidade por razóns de dispoñibilidade e custos dos terreos empresariais, coma son as de venda por xunto ou de carácter máis industrial como as imprentas, entre outras.

Figura 3. Principais variables económicas das empresas, 2019




Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

A estrutura empresarial da área por número de persoas empregadas, reflicte unha estrutura clásica no sector empresarial, e en especial no cultural, de pequenas ou micro empresas, co 59% das empresas entre 1 e 5 empregos e o 14% entre 6 e 10, domiciliadas na súa maioría (61 empresas, 76,3% do total) no concello de Pontevedra.

Existen unicamente 2 empresas que teñen máis de 50 persoas empregadas, unha situada no concello de Pontecaldelas (Arnoia Distribución de Libros S.A.) no polígono do Campiño na zona de ampliación correspondente a dito concello, e a outra, Bambu Producciones SL, que por razóns do orixe da propiedade está domiciliada no concello de Poio. As 4 empresas de 10 a 50 empregos repártense do seguinte xeito: dúas no concello de Pontevedra (Lerez Ediciones SL, editora do Diario de Pontevedra, e Kalandraka Editora SL.), Espazo Do Lector SL, en Pontecaldelas, pertencente ao grupo Arnoia, e gráficas Anduriña SL, no concello de Poio.

Figura 4 Empresas con sede en Pontevedra e no conxunto da área segundo nº de asalariados, 2019



Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

A información económica destas 6 empresas que máis postos de traballo xeran reflicte tamén un alto grado de concentración do sector cultural na área de influencia, xa tradicional nestas actividades, que supoñen o 92% dos ingresos, o 86% do valor engadido e o 75% dos empregos.

2.1.2 Análise das empresas na área de influencia por subsectores culturais.


En canto á estrutura do sector e tendo en conta os diferentes subsectores contemplados no proceso cultural (Creación, Producción, Fabricación e Distribución e difusión), tal como se recolle na Táboa 4, cabe resaltar que o maior número de empresas sitúase no subsector de Producción de bens e servizos culturais con 32 empresas, as cales representan o 40% do total. A maior porcentaxe de ingresos corresponde ao subsector de Distribución e difusión cun 65,3% (102,5 millóns de euros) do total dos ingresos do sector, se ben o maior volume de valor engadido (indicador da riqueza xerada na área) corresponde á Producción (preto de 27,5 millóns de euros que supoñen o 67,3% do total), subsector ao que tamén lle corresponde a maior media de valor engadido por emprego (máis de 69.450€).

Táboa 4. Sector cultural na área de estudo segundo subsectores, 2019

	Nº empresas	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
Creación	14	1.932.490	877.931	34	25.822
Producción	32	49.740.354	27.438.667	395	69.465
Fabricación	17	2.788.838	1.453.747	56	25.960
Distribución e difusión	17	102.473.255	10.982.701	280	39.224
Total do sector cultural	80	156.934.937	40.753.045	765	53.272

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

Figura 5. Relevancia dos subsectores nas principais variables económicas das empresas da área, 2019



Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

80

EMPRESAS

156.934.937€

FACTURACIÓN


53.272€

VALOR ENGADIDO POR EMPREGO

765

PERSOAS EMPREGADAS

Figura 6. Principais variables económicas do conxunto da área, 2019



Fonte: elaboración propia

2.1.3 Análise das empresas no concello de Pontevedra


Observando a información económica por subsectores do relativo exclusivamente ao concello de Pontevedra, compróbase que en relación ao conxunto da área, o subsector onde destaca este concello é o de Produción de bens e servizos culturais, que aglutina o 42,6% do número de empresas, o 65,5% dos ingresos e o 72% do valor engadido e preto do 60% do total do emprego xerado.

Táboa 5. Sector cultural no concello de Pontevedra segundo subsectores, 2019


	Nº empresas	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido/emprego
Creación	9	1.255.426	639.347	26	24.590
Produción	26	11.691.988	5.680.225	134	42.390
Fabricación	14	1.583.655	509.137	18	28.285
Distribución e difusión	12	3.316.172	1.060.888	47	22.572
Sector cultural Pontevedra	61	17.847.242	7.889.596	225	35.065

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

Figura 7. Principais variables económicas dos subsectores culturais no concello de Pontevedra, 2019



Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI



2.2 ANÁLISE DAS EMPRESAS DOS SUBSECTORES CULTURAIS (2019)

2.2.1 Creación artística e cultural

No subsector Creación artística existen 14 empresas no conxunto da área analizada, que rexistran uns ingresos en 2019 de preto de 2 millóns de euros, xeran máis de 877.000€ de valor engadido e dan emprego a 36 persoas, o que supón algo máis de 25 mil € de valor engadido por cada emprego. É neste subsector fundamentalmente onde existe un maior número de persoas autónomas que non son contempladas nesta parte da análise.

Táboa 6. Detalle do subsector de Creación artística e cultural na área, 2019

	Nº empresas	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
Pontevedra	9	1.255.426	639.347	26	24.590
Resto da área	5	677.064	238.584	8	29.823
Total creación	14	1.932.490	877.931	34	25.822


Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

Teñen a súa sede no concello de Pontevedra 9 das 14 empresas que conforman este segmento (64% sobre o total da área), que rexistran o 65% dos ingresos, o 72,8% do valor engadido e o 76,5% do emprego do conxunto da área neste subsector de Creación.

Con respecto das subactividades desta área, a máis relevante é a correspondente a “artes escénicas” con 11 empresas (73,3% do total do subsector), que xeran o 88,6% do ingresos, o 83,5% do valor engadido e o 86,1% do total do emprego. As subactividades de “creación artística e literaria” e “xestión de salas de espectáculos”, con 3 e 1 empresa domiciliadas na área respectivamente, son dunha importancia moito máis reducida en todas as variables.



Figura 8. Detalle do subsector de Creación artística e cultural no conxunto da área, 2019



Táboa 7. Detalle por actividade do subsector de Creación artística e cultural no conxunto da área, 2019

	Nº empresas	%	Ingresos	%	Valor engadido	%	Persoas empregadas	%	Valor engadido / emprego
Artes escénicas	11	78,6%	1.743.202	90,2%	753.625	85,8%	31	91,2%	24.310
Creación artística e literaria	3	21,4%	189.287	9,8%	119.972	13,7%	3	8,8%	39.991
Creación artística e cultural	14	100%	1.932.490	100%	877.931	100%	34	100%	25.822

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

As 5 principais empresas do subsector Creación para cada un dos indicadores económicos analizados, recóllense na seguinte táboa. Todas estas empresas atópanse dadas de alta na subactividade de artes escénicas. Ditas empresas concentran o 77,8% dos empregos, o 71,4% dos ingresos e o 67,2% do valor engadido da área.

En xeral teñen a súa sede domiciliada en Pontevedra (Mendez Santos SL, Baobab Teatro SL, Migallas Teatro SL, Crea Restauración SL e Veteris Producciones SL), e o resto en Vilaboa (Producciones Frana SL), Barro (Eventos do III Milenio SL) e Marín (Victoria 2012 SL).

Figura 9. Grao de concentración das 5 empresas máis relevantes do subsector Creación artística na área, 2019




Figura 10. As 3 empresas con máis ingresos do subsector Creación artística na área, 2019



Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

Táboa 8. Top 5 empresas do subsector de creación para as principais variables na área, 2019

	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
1ª	Mendez Santos SL	Mendez Santos SL	Mendez Santos SL	Baobab Teatro SL
2ª	Producciones Frana SL	Baobab Teatro SL	Migallas Teatro SL	Victoria 2012 Sociedad Limitada.
3ª	Baobab Teatro SL	Migallas Teatro SL	Espectáculo Musical America SL	Crea Restauración SL
4ª	Eventos del III Milenio SL	Producciones Frana SL	Producciones Frana SL	Veteris Producciones SL
5ª	Migallas Teatro SL	Crea Restauración SL	Apkij Stars Sociedad Limitada. Crea Restauracion SL. A Illa Dos Nenos SL Miro Magariños SL	Mendez Santos SL

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

2.2.2 Produción de bens e servizos culturais

No subsector de Produción de bens e servizos culturais existen 32 empresas no conxunto da área, cuns ingresos totais de case 50 millóns de euros e que xeran 27.438.667€ de valor engadido con 395 persoas empregadas, o que supón 69.533 € de valor engadido por cada emprego.

Táboa 9. Detalle do subsector de Produción de bens e servizos culturais na área, 2019

	Nº empresas	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
Pontevedra	26	11.691.988	5.680.225	134	42.390
Resto da área	6	38.048.365	21.758.442	261	83.366
Total produción	32	49.740.354	27.438.667	395	69.465

Fonte: elaboración propia

No concello de Pontevedra hai domiciliadas 26 destas empresas (81,3% sobre o total da área), pero que supoñen tan só o 23,5% dos ingresos totais, o 20,7% do valor engadido e o 33,9% do emprego do conxunto da área neste subsector de produción.

Con respecto das subactividades deste segmento de Produción, as máis relevantes son as correspondentes as “axencias de publicidade” con 8 empresas, “edición de libros”, “edición de periódicos” e de “produccións cinematográficas”, todas elas con 3 empresa cada unha, pero tamén cunha destacable porcentaxe da facturación, valor engadido e emprego; como se pode observar na táboa correspondente.


Táboa 10. Detalle por actividade do subsector de Produción de bens e servizos culturais no conxunto da área, 2019

	Nº empresas	%	Ingresos	%	Valor engadido	%	Persoas empregadas	%	Valor engadido / emprego
Actividades de deseño especializado	2	6,3%	657.229	1,3%	442.489	1,6%	14	3,5%	31.606
Actividades de exhibición cinematográfica	1	3,1%	34.800	0,1%	31.247	0,1%		0,0%	
Actividades de fotografía	2	6,3%	193.373	0,4%	57.309	0,2%	2	0,5%	28.654
Actividades de gravación de sonido e edición musical	2	6,3%	271.474	0,5%	124.099	0,5%	5	1,3%	24.820
Actividades de postprodución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión	1	3,1%	5.900	0,0%	922	0,0%		0,0%	
Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	3	9,4%	37.642.554	75,7%	21.645.022	78,8%	253	64,1%	85.553
Actividades de producións de programas de televisión	1	3,1%	25.872	0,1%	18.650	0,1%	1	0,3%	18.650
Actividades de radiodifusión	3	9,4%	2.142.421	4,3%	1.234.257	4,5%	20	5,1%	61.713
Actividades de tradución e interpretación	1	3,1%	22.302	0,0%	5.418	0,0%		0,0%	
Axencias de publicidade	8	25,0%	711.779	1,4%	233.966	0,9%	10	2,5%	23.397
Edición de libros	3	9,4%	3.509.913	7,1%	1.239.781	4,5%	26	6,6%	47.684
Edición de periódicos	2	6,3%	4.230.592	8,5%	2.368.474	8,6%	60	15,2%	39.475
Edición de revistas	2	6,3%	254.986	0,5%	43.160	0,2%	2	0,5%	21.580
Outras actividades editoriais	1	3,1%	37.159	0,1%	20.779	0,1%	2	0,5%	10.389
Produción de bens e servizos culturais	32	100%	49.740.354	100%	27.465.570	100%	395	100%	69.533

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI



Figura 11. Detalle do subsector de Produción de bens e servizos culturais no conxunto da área, 2019



Na táboa recollida nesta páxina obsérvanse as 5 principais empresas do subsector Producción para cada un dos indicadores económicos analizados. Estas empresas presentan un alto grado de concentración co 85,8% dos empregos, o 93,3% dos ingresos e o 93,2 do valor engadido total do subsector.

Polo xeral estas empresas teñen a súa sede domiciliada en Pontevedra (Radio Pontevedra SA, Lerez ediciones SL, Kalandraka Editora SL, Matriuska Producciones SL, Digital Radio SL e editora OQO SL) excepto a empresa Bambú Producciones SL, que se atopa en Poio.

Figura 12. Grao de concentración das 5 empresas máis relevantes do subsector Producción de bens e servizos culturais na área, 2019




Figura 13. As 3 empresas con máis ingresos do subsector Producción de bens e servizos culturais na área, 2019



Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

Táboa 11. Top 5 empresas do subsector de Producción de bens e servizos culturais para as principais variables na área, 2019

	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
1ª	Bambú Producciones SL	Bambú Producciones SL	Bambú Producciones SL	Radio Pontevedra SA
2ª	Lerez Ediciones SL	Lerez Ediciones SL	Lerez Ediciones SL	Bambú Producciones SL
3ª	Kalandraka Editora SL	Kalandraka Editora SL	Kalandraka Editora SL	Matriuska Producciones SL
4ª	Radio Pontevedra SA	Radio Pontevedra SA	Radio Pontevedra SA	Digital Radio SL
5ª	Editora OQO SL	Matriuska Producciones SL	Virtual Vedra Comunicacion SL.	Kalandraka Editora SL

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

2.2.3 Fabricación de bens culturais

Existen no subsector de Fabricación de bens culturais 17 empresas no conxunto da área cuns ingresos de preto de 2,8 millóns de euros, 1.453.747€ de valor engadido e que dan traballo a 56 persoas, o que supón 25.960€ de valor engadido por cada emprego.

Táboa 12. Detalle do subsector de Fabricación de bens culturais na área, 2019

	Nº empresas	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
Pontevedra	14	1.583.655	509.137	18	28.285
Resto da área	3	1.205.182	944.609	38	24.858
Total fabricación	17	2.788.838	1.453.747	56	25.960


Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

Teñen a súa sede no concello de Pontevedra a maioría das empresas de Fabricación de bens culturais (14 empresas que representan o 82,4% do total da área) e que supoñen o 56,8% dos ingresos, o 35,0% do valor engadido e o 32,1% do total de emprego.

Con respecto das subactividades deste subsector, a máis relevante é “outras actividades de impresión e artes gráficas” con 14 empresas (82,4% do total do segmento), que rexistran o 84,6% dos ingresos, o 92,2% do total do valor engadido e o 92,9% do emprego. Completan o subsector as empresas da subactividade de “servizos de impresión e preparación de soportes”, cunha relevancia moito máis reducida.



Figura 14. Detalle do subsector de Fabricación de bens culturais no conxunto da área, 2019



Táboa 13. Detalle por actividade do subsector de Fabricación de bens culturais no conxunto da área, 2019

	Nº empresas	%	Ingresos	%	Valor engadido	%	Persoas empregadas	%	Valor engadido / emprego
Outras actividades de impresión e artes gráficas	14	82,4%	2.359.859	84,6%	1.340.330	92,2%	52	92,9%	25.776
Servizos de preimpresión e preparación de soportes	3	17,6%	428.980	15,4%	112.942	7,8%	4	7,1%	28.235
Fabricación de bens culturais	17	100%	2.788.838	100%	1.453.272	100%	56	100%	25.951

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

As 5 principais empresas do subsector de Fabricación para cada un dos indicadores económicos recóllense na seguinte táboa. Estas empresas representan o 66,7% dos ingresos, 83,9% dos empregos e o 83,3% do valor engadido, o que se traduce novamente nun alto grao de concentración.

A maioría teñen a súa sede domiciliada en Pontevedra (Gráficas Lorenzo SL, Coloteca Cestay SL, Copisteria Bomar, Encaja Gestión de Recursos Gráficos SL, Sarko Sucus Distribuciones SL, e Planoprint SL) excepto as empresas Gráficas Anduriña SL e Taller de Impresiones de Recursos Gráficos SL, domiciliadas en Poio, e a empresa Artes Gráficas Rodoprint SL, de Cerdedo-Cotobade.

Figura 15. Grao de concentración das 5 empresas máis relevantes do subsector Fabricación de bens culturais na área, 2019




Figura 16. As 3 empresas con máis ingresos do subsector Fabricación de bens culturais na área, 2019



Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

Táboa 14. Top 5 empresas do subsector de Fabricación de bens culturais para as principais variables na área, 2019

	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
1ª	Graficas Anduriña SL	Graficas Anduriña SL	Graficas Anduriña SL	Graficas Lorenzo, Sociedad Limitada
2ª	Coloteca Cestay SL.	Coloteca Cestay SL.	Coloteca Cestay SL.	Copisteria Bomar SL
3ª	Encaja Gestion De Recursos Graficos SL	Artes Graficas Rodoprint SL	Artes Graficas Rodoprint SL	Encaja Gestion De Recursos Graficos SL
4ª	Artes Graficas Rodoprint SL	Copisteria Bomar SL	El Taller Impresiones Serigraficas SL.	Graficas Anduriña SL
5ª	Sarko Sucus Distribucion SL	Encaja Gestion De Recursos Graficos SL	Copisteria Bomar SL Artiplan Cangas SL Encaja Gestión de Recursos Gráficos SL	Planoprint S.L.N.E.

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

2.2.4 Distribución e difusión de bens e servizos culturais

No subsector Distribución e difusión de bens e servizos culturais existen 17 empresas no conxunto da área. Estas empresas suman unha facturación en 2019 de máis de 102 millóns de euros, xeran case 11 millóns de euros de valor engadido e 280 postos de traballo, o que supón preto de 39.500€ de valor engadido por cada emprego.

Táboa 15. Detalle do subsector de Distribución e difusión na área, 2019

	Nº empresas	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
Pontevedra	12	3.316.173	1.060.888	47	22.572
Resto da área	5	99.157.082	9.921.813	233	42.583
Total distribución e difusión	17	102.473.255	10.982.701	280	39.224


Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

No concello de Pontevedra domicílianse a maioría das empresas (12 empresas que representan o 70,6% do total da área), se ben estas entidades só representan o 3,2% dos ingresos totais, o 9,7% do valor engadido e o 16,8% do emprego.

Con respecto das subactividades desta área, as máis relevantes son “comercio polo miúdo de libros” con 7 empresas e “comercio polo miúdo de periódicos” con 5 empresas. De tódolos xeitos, o resto dos indicadores están dominados pola actividade “comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico”, código de actividade no que se inscribe a empresa Arnoia Distribución de Libros SA.



Figura 17. Detalle do subsector de Distribución e difusión de bens e servizos culturais no conxunto da área, 2019



Táboa 16. Detalle por actividade do subsector de Distribución e difusión no conxunto da área, 2019

	Nº empresas	%	Ingresos	%	Valor engadido	%	Persoas empregadas	%	Valor engadido / emprego
Actividades de museos	2	11,8%	457.583	0,4%	347.053	3,2%	16	5,7%	21.691
Comercio polo miúdo de libros en establecementos especializados	7	41,2%	6.576.088	6,4%	1.519.221	13,8%	60	21,4%	25.320
Comercio polo miúdo de periódicos e artigos de papelería en establecementos especializados	5	29,4%	1.236.271	1,2%	285.985	2,6%	14	5,0%	20.428
Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico	1	5,9%	93.914.739	91,6%	8.672.092	79,0%	185	66,1%	46.876
Xestión de lugares e edificios históricos	1	5,9%	254.330	0,2%	131.225	1,2%	3	1,1%	43.742
Xestión de salas de espectáculos	1	5,9%	34.244	0,0%	28.579	0,3%	2	0,7%	14.289
Distribución e difusión de bens e servizos culturais	17	100%	102.473.255	100%	10.982.701	100%	280	100%	39.224

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

As 5 principais empresas do subsector Distribución e difusión para cada un dos indicadores económicos, recóllense na táboa ao pé de páxina. Estas empresas concentran o 98,1% dos ingresos, o 94,4% do valor engadido e o 90,3% das persoas empregadas.

En xeral estas empresas teñen a súa sede domiciliada en Pontevedra (Torrado Belas Artes SL, Fincasa Formoso SL, Galipat Servizos culturais SL, Citania-Arqueoloxía SL, Librería Paz SL, Pontevedra Libros SL e Espiral Xestión cultural), excepto as empresas do grupo Arnoia (Arnoia Distribución de Libros SA e Espacio do Lector SL) que aparecen domiciliadas no concello de Ponte Caldelas, ao estar situadas na ampliación do Polígono do Campiño que pertence a dito concello. Estas dúas empresas representan unha alta porcentaxe en tódolos indicadores económicos deste subsector do proceso da actividade cultural (entre ambas supoñen o 96,4% dos ingresos, o 89,8% do valor engadido e o 81,3% do conxunto de postos de traballo).

Figura 18. Grao de concentración das 5 empresas máis relevantes do subsector Distribución e difusión na área, 2019




Figura 19. As 3 empresas con máis ingresos do subsector Distribución e difusión na área, 2019



Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

Táboa 17. Top 5 empresas do subsector de Distribución e difusión para as principais variables na área, 2019

	Ingresos	Valor engadido	Persoas empregadas	Valor engadido / emprego
1ª	Arnoia Distribución De Libros SA.	Arnoia Distribución De Libros SA.	Arnoia Distribución De Libros SA.	Torrado Belas Artes SL.
2ª	Espacio Do Lector SL	Espacio Do Lector SL	Espacio Do Lector SL	Arnoia Distribución De Libros SA.
3ª	Fincasa Formoso SL	Galipat Servizos Culturais SL.	Galipat Servizos Culturais SL.	Citania-Arqueoloxía SL
4ª	Librería Paz, Sociedad Limitada.	Fincasa Formoso SL	Fincasa Formoso SL	Espacio Do Lector SL
5ª	Pontevedra Libros SL	Citania-Arqueoloxía SL	Espiral Xestión Cultural SL.	Pontevedra Libros SL

Fonte: elaboración propia a partir de información da base de datos SABI

2.2.5 Conxunto das empresas do sector cultural da área de influencia

Táboa 18. Detalle das empresas do sector cultural da área xeográfica segundo a súa actividade, 2019

	Nº empresas	%	Ingresos	%	Valor engadido	%	Persoas empregadas	%	Valor engadido / emprego
01 Creación artística e cultural	14	17,5%	1.932.490	1,2%	877.931	2,2%	34	4,4%	25.822
Artes escénicas	11	13,8%	1.743.202	1,1%	753.625	1,8%	31	4,1%	24.310
Creación artística e literaria	3	3,8%	189.287	0,1%	119.972	0,3%	3	0,4%	39.991
02 Producción de bens e servizos culturais	32	40,0%	49.740.354	31,7%	27.465.570	67,4%	395	51,6%	69.533
Actividades de deseño especializado	2	2,5%	657.229	0,4%	442.489	1,1%	14	1,8%	31.606
Actividades de exhibición cinematográfica	1	1,3%	34.800	0,0%	31.247	0,1%	-	0,0%	-
Actividades de fotografía	2	2,5%	193.373	0,1%	57.309	0,1%	2	0,3%	28.654
Actividades de gravación de sonido e edición musical	2	2,5%	271.474	0,2%	124.099	0,3%	5	0,7%	24.820
Actividades de postproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión	1	1,3%	5.900	0,0%	922	0,0%	-	0,0%	-
Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	3	3,8%	37.642.554	24,0%	21.645.022	53,1%	253	33,1%	85.553
Actividades de producións de programas de televisión	1	1,3%	25.872	0,0%	18.650	0,0%	1	0,1%	18.650
Actividades de radiodifusión	3	3,8%	2.142.421	1,4%	1.234.257	3,0%	20	2,6%	61.713
Actividades de tradución e interpretación	1	1,3%	22.302	0,0%	5.418	0,0%	-	0,0%	-
Axencias de publicidade	8	10,0%	711.779	0,5%	233.966	0,6%	10	1,3%	23.397
Edición de libros	3	3,8%	3.509.913	2,2%	1.239.781	3,0%	26	3,4%	47.684
Edición de periódicos	2	2,5%	4.230.592	2,7%	2.368.474	5,8%	60	7,8%	39.475
Edición de revistas	2	2,5%	254.986	0,2%	43.160	0,1%	2	0,3%	21.580
Outras actividades editoriais	1	1,3%	37.159	0,0%	20.779	0,1%	2	0,3%	10.389
03 Fabricación de bens culturais	17	21,3%	2.788.838	1,8%	1.453.272	3,6%	56	7,3%	25.951
Outras actividades de impresión e artes gráficas	14	17,5%	2.359.859	1,5%	1.340.330	3,3%	52	6,8%	25.776
Servizos de preimpresión e preparación de soportes	3	3,8%	428.980	0,3%	112.942	0,3%	4	0,5%	28.235
04 Distribución e difusión de bens e servizos culturais	17	21,3%	102.473.255	65,3%	10.982.701	26,9%	280	36,6%	39.224
Actividades de museos	2	2,5%	457.583	0,3%	347.053	0,9%	16	2,1%	21.691
Se ben isto constitúe o núcleo do orzamento cultural no concello de Pontevedra, hai que ter en conta a existencia doutros xestores culturais con importante actividade neste ámbito xeográfico, como poden ser Afundación, a Universidade de Vigo, ou a Xunta de Galicia entre outros.

O Concello de Pontevedra adica en 2021 un orzamento de case 5 millóns de euros a gastos relacionados coa cultura, dos cales o 55,7% é destinado ás propias actividades culturais, seguido polas partidas de traballos realizados por outras empresas e profesionais (15,2%) e os gastos derivados de novas construcións, equipamentos e mantemento, como poden ser os centros culturais (11,7%). Pódese ver un maior detalle dos conceptos de gasto nas seguintes páxinas deste apartado.

Táboa 42. Partidas de gasto relacionadas con cultura do orzamento do Concello de Pontevedra, 2021.

CONCEPTO	IMPORTE
Actividades culturais	2.688.747,09
Canons	50.000,00
Edificios, construcións, equipamentos e mantemento	566.000,00
Infraestruturas e bens naturais	33.000,00
Maquinaria, instalacións técnicas e ferramentas	38.000,00
Retribucións, complementos e gastos de persoal	267.795,99
Subvencións para fomento do emprego	120.170,00
Outras subvencións	326.517,50
Traballos realizados por outras empresas e profesionais	735.919,03
TOTAL	4.826.149,61

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Concello de Pontevedra

Figura 59. Partidas de gasto relacionadas con cultura do orzamento do Concello de Pontevedra, 2021.



Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Concello de Pontevedra

O Museo de Pontevedra (Deputación de Pontevedra) xestiona un orzamento total superior a 6 millóns de euros en 2020. Neste último exercicio o gasto en retribucións, como é lóxico dado o carácter museístico da entidade, aglutina o 45,5% do orzamento. Os traballos realizados por outras empresas e profesionais suman o 21,1% do orzamento dispoñible. Pódese ver un maior detalle dos conceptos de gasto nas seguintes páxinas deste apartado.

Táboa 43. Partidas de gasto do Museo de Pontevedra, 2020.

CONCEPTO	IMPORTE
Abastecementos (luz, auga, gas, carburantes,...)	532.795,16
Actividades culturais, xuntanzas, formación,...	47.399,30
Adquisición fondos culturais	685.000,00
Canons	5.570,74
Consumibles e material de oficina no inventariable	13.400,00
Edificios e outras construcións	416.389,73
Gastos diversos	130.095,68
Maquinaria, instalacións técnicas e ferramentas	83.853,86
Mobiliario	87.230,00
Retribucións	2.808.202,96
Seguros	53.910,45
Traballos realizados por outras empresas e profesionais	1.301.601,73
TOTAL	6.165.499,61

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Museo- Deputación de Pontevedra

Figura 60. Partidas de gasto do Museo de Pontevedra, 2020.



Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Museo- Deputación de Pontevedra

4.2 DETALLE DO ORZAMENTO CULTURAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 44. Detalle dos gastos relacionados con cultura do orzamento do Concello de Pontevedra do ano 2021

CONCEPTO	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
ACTIVIDADES CULTURAIS	2.688.747	RETRIBUCIÓN BÁSICAS	259.188
ACTIVIDADES CULTURAIS: PROMOCIÓN DA MÚSICA	45.000	RETRIBUCIÓN E SALARIOS	259.188
ACTIVIDADES CULTURAIS-FESTIVAS PARROQUIAS/BARRIOS	88.000	RETRIBUCIÓN, COMPLEMENTOS E GASTOS DE PERSOAL	8.608
ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS	25.000	OUTROS GASTOS DE PERSOAL	8.608
ACTIVIDADES FESTAS PARROQUIAIS	87.000	SUBVENCIÓN PARA FOMENTO DO EMPREGO	120.170
ACTIVIDADES NORMALIZACIÓN	35.000	ACHEGA: UNIV. VIGO-ESCOLA MODA	60.000
ADHESIÓN RED NACIONAL TEATROS	1.500	BOLSAS: NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	620
COMUNICACIÓN, EXPOSIC. PUBLICIDADE	233.979	PREMIOS ENTROIDOS, MAIOS	43.550
CONT. ACTIVIDADES CULTURAIS-PLATEA (AMP 344.03)	85.000	PREMIOS FIN GRAO	9.000
CONTRATAC. DE ACTIVIDADES CULTURAIS	392.818	PREMIOS SALÓN DO LIBRO	7.000
FEIRA FRANCA	16.000	OUTRAS SUBVENCIÓN	326.518
FESTAS ANUAIS	201.450	ASOCIACIÓN MÚSICO-CULTURAL SAN MARTÍÑO DE SALCEDO	37.000
FESTAS POPULARES: VERÁN CULTURAL	940.000	BANDA DE MÚSICA DE PONTEVEDRA: FUNCIONAMENTO	207.000
GASTOS FUNCIONAMENTO ACTIVIDADES CULTURAIS	180.000	CON FANPA: ACTIVIDADES VERAN E NADAL	55.000
GASTOS: ACTIVIDADES DA XUVENTUDE	75.000	CURSOS DE VERAN: UNED	9.400
HISTORIA PONTEVEDRA	65.000	MÚSICA E CONCERTOS: SOC. FILHARMÓNICA	1.000
IMPULSO NOVAS TECNOLOXÍAS	40.000	SUBVENCIÓN AULA CASTELAO: SEMANA FILOSOFÍA	17.118
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	120.000	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS E PROFESIONAIS	735.919
PATROCINIOS PROMOCIÓN CULTURA	15.000	ASISTENCIA TÉCNICA: XUVENTUDE	36.500
PONTECIENCIA: CONVENIO DEPUTACIÓN	43.000	ASISTENCIAS TÉCNICAS: NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	20.000
CANONS	50.000	ATCA: PLAN ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL	63.000
CANONS E OUTROS DEREITOS DE AUTOR	50.000	CONTRAT. SERVIZOS ASOCIADOS AS ACT. CULTURAIS	340.419
EDIFICIOS, CONSTRUCCIÓN, EQUIPAMENTOS E MANTEMENTO	566.000	EST. E PROX.: PATRIM. CULTURAL E PROG. EUROPEO	30.000
CASAS CULTURA	150.000	EXPOSICIÓN E ESTUDOS PATRIMONIO HISTÓRICO	88.000
INSTALACIÓN CULTURAIS E OUTROS	40.000	LIMPEZA CENTROS CULTURAIS	60.000
MANTEMENTO E REPARACIÓN	341.000	PRODUCCIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS	50.000
EQUIPAMENTO E MOBILIARIO CASAS CULTURA	35.000	PROGRAMACIÓN CULTURAL	15.000
INFRAESTRUTURAS	33.000	XESTION CITA	33.000
MUSEALIZACIÓN PATRIMONIO HISTÓRICO	15.000	TOTAL	4.826.150
RMC CITA	8.000		
RMC P. HISTÓRICO	10.000		
MAQUINARIA, INSTALACIÓN TÉCNICAS E FERRAMENTAS	38.000		
MAQUINARIA: EQUIPAMENTO CULTURAL	26.000		
REPARACIÓN E CONSER. MAQUINARIA: CASAS DE CULTURA	12.000		

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Concello de Pontevedra

4.3 DETALLE DO ORZAMENTO DO MUSEO DE PONTEVEDRA

Táboa 45. Detalle dos gastos do orzamento do Museo de Pontevedra do ano 2020

CONCEPTO	IMPORTE
ABASTECIMENTOS (LUZ, AUGA, GAS, CARBURANTES,...)	532.795,16
AUGA	7.000,00
CARBURANTES E COMBUSTIBLES	1.000,00
ENERXÍA ELÉCTRICA	423.547,27
GAS	100.000,00
OUTROS ABASTECIMENTOS	1.247,89
ACTIVIDADES CULTURAIS, XUNTANZAS, FORMACIÓN,...	47.399,30
ACTIVIDADES CULTURAIS	31.000,00
REUNIÓN E CONFERENCIAS	16.399,30
ADQUISICIÓN FONDOS CULTURAIS	685.000,00
ADQUISICIÓN FONDOS MUSEO	5.000,00
ADQUISICIÓN OBRAS DE ARTE	670.000,00
LIBROS PARA BIBLIOTECA	10.000,00
CANONS	5.570,74
CANONS	5.570,74
CONSUMIBLES E MATERIAL DE OFICINA NO INVENTARIABLE	13.400,00
MATERIAL INFORM. NON INVENT.	500,00
MATERIAL OFICINA, ORDINARIO NON INVENTARIABLE	4.000,00
PRENSA, REVISTAS	8.900,00
EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN	416.389,73
EDIFICIOS E O. CONSTRUCIÓN (EDIFICIOS MUSEO)	150.000,00
MELLORAS EN CONSTRUCIÓN	200.000,00
OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL	10.362,00
REPARACIÓN E CONSERVACIÓN	56.027,73

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DIVERSOS	130.095,68
OUTROS (PRODUTOS DE LIMPEZA, ASEO, VESTIARIO,...)	23.027,66
CONSELLO ASESOR E ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	7.892,19
TRANSPORTE E LOCOMOCIÓN	65.109,2
PUBLICIDADE E MERCHANDAISING	34.066,63
MAQUINARIA, INSTALACIÓN TÉCNICAS E FERRAMENTAS	83.853,86
MATERIAL TÉCNICO ESPECIAL	10.000,00
REPARACIONS MAQUINARIA, INSTALACIÓN	63.853,86
MAQUINARIA INSTALACIÓN E FERRAMENTAS	10000
MOBILIARIO	87.230,00
ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO	86.230,00
REPARACIONS MOBILIARIO E ENSERES	1.000,00
RETRIBUCIÓN	2.808.202,96
BOLSAS	30.000,00
RETRIBUCIÓN, SALARIOS E OUTROS COMPLEMENTOS	2.126.563,86
SEGURIDADE SOCIAL	651639,1
SEGUROS	53.910,45
PRIMAS DE SEGUROS	53.910,45
TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS E PROFESIONAIS	1.301.601,73
DESRAZACIÓN	1.000,00
ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	397.607,36
LIMPEZA E ASEO	129.940,00
SEGURIDADE	719.205,37
TRABALLOS DE MANTENIMENTO	17.000,00
TRABALLOS/SERVIZOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	36.849,00
TOTAL	6.165.449,61

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Museo- Deputación de Pontevedra



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



5. OFERTA FORMATIVA

5 OFERTA FORMATIVA NO ÁMBITO CULTURAL EN PONTEVEDRA

No Concello de Pontevedra hai preto de 6.500 persoas matriculadas nos diferentes niveis educativos nas ensinanzas relacionadas co ámbito cultural, 2.363 no ensino universitario (graos, másters e programas de doutoramento) e 4.059 no ensino non universitario (rexime especial, ciclos formativos e bacharelados). Por outra banda, o número de egresados no ensino universitario acadou un total de 317 persoas.

Táboa 46. Alumnado matriculado e egresado no Campus de Pontevedra no curso 2019/2020 en graos relacionados co ámbito cultural

Titulacións	Alumnado matriculado curso 2019/2020	Alumnado egresado curso 2019/2020
Ensino universitario (Uvigo) 2019/2020	1.348	317
Ensino universitario (UNED) 2019/2020	1.015	-
Ensino non universitario 2019/2020*	4.059	-
Total relacionado con Cultura	6.422	-

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola UNED e IGE - Ensinanza universitaria

*Nota: os datos relacionados cos Bacharelados fan referencia ao curso 2020/2021.

A UNED non dispón dos datos de alumnado egresado nese curso académico

5.1 ENSINO UNIVERSITARIO

5.1.1 Universidade de Vigo

O alumnado matriculado nos diferentes graos relacionados co ámbito cultural acadan as 1.201 matriculas, que en total representan unha alta porcentaxe (34,3%) do total do alumnado do Campus de Pontevedra pertencente á Universidade de Vigo, e que explica a orientación na súa especialización coa implantación do Campus CREA (baseado na creatividade e a innovación). O número de egresados nos diferentes graos e de 242 persoas (36% do total do campus).

Táboa 47. Alumnado matriculado e egresado no Campus de Pontevedra no curso 2019/2020 en graos relacionados co ámbito cultural

Titulacións	Alumnado matriculado curso 2019/2020	Alumnado egresado curso 2019/2020
Grao en Belas Artes	523	103
Grao en Comunicación Audiovisual	219	45
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	459	94
Total relacionado con Cultura	1.201	242
% sobre o total do Campus de Pontevedra	34,3%	36,0%

Fonte: elaboración propia a partir de información do IGE - Ensinanza universitaria

Figura 61. Detalle do peso do alumnado matriculado por graos relacionados co ámbito cultural na Universidade de Vigo, curso 2019/2020



Fonte: elaboración propia a partir de información do IGE - Ensinanza universitaria



Con relación á oferta en másters relacionados coa cultura, hai 83 persoas matriculadas que representan o 24% do total de alumnado matriculado neste nivel formativo na totalidade do Campus. As persoas egresadas no curso 2019-2020 foron 55, que representan o 29,4% do total do Campus.

Táboa 48. Alumnado matriculado e egresado en másters no Campus de Pontevedra no curso 2019/2020 en titulacións relacionadas co ámbito cultural

Titulacións	Alumnado matriculado curso 2019/2020	Alumnado titulado curso 2019/2020
Máster Universitario en Arte Contemporánea	7	3
Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	23	22
Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade	40	18
Máster Universitario en Libro Ilustrado y Animación Audiovisual	13	12
Total relacionado con Cultura	83	55
% sobre o total do Campus de Pontevedra	24%	29,4%

Fonte: Elaboración propia a partir información facilitada pola Universidade de Vigo

Figura 62. Detalle do peso do alumnado matriculado por másters relacionados co ámbito cultural na Universidade de Vigo, curso 2019/2020



Fonte: Elaboración propia a partir información facilitada pola Universidade de Vigo

No Campus universitario de Pontevedra o alumnado matriculado en cursos de doutoramento vencellados á cultural, son 64, un 28,1% do total do Campus. As teses lidas no ano 2019-2020 relacionadas co ámbito cultural foron un total de 20, que supoñen o 45,5% do total das lidas no Campus, repartidas entre o programa oficial de doutoramento en investigación en comunicación e o programa de doutoramento en creación e investigación en arte contemporáneo pola Universidade de Vigo.

Táboa 49. Alumnado matriculado en programas de doutoramento no Campus de Pontevedra no curso 2019/2020 relacionadas co ámbito cultural.

Programas	Matriculados en programas de doutoramento curso 2019/2020
Programa de doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo pola Universidade de Vigo	64
Total relacionado con Cultura	64
% sobre o total do Campus de Pontevedra	28,1%

Fonte: Elaboración propia a partir información facilitada pola Universidade de Vigo

Táboa 50. Teses lidas no Campus de Pontevedra no curso 2019/2020 en programas de doutoramento relacionados co ámbito cultural.

Programas	Teses lidas no Campus de Pontevedra curso 2019/2020
Programa Oficial de Doutoramento en Investigación en Comunicación	15
Programa de Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo pola Universidade de Vigo	5
Total relacionado con Cultura	20
% sobre o total do Campus de Pontevedra	45,5%

Fonte: Elaboración propia a partir información facilitada pola Universidade de Vigo

5.1.2 UNED

Ademais da oferta formativa anterior cabe engadir a ofrecida polo centro asociado á Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) na provincia de Pontevedra.

Táboa 51. Alumnado matriculado e egresado en estudos relacionados co ámbito cultural no curso 2019/2020 na UNED Pontevedra.

Estudos	Alumnado matriculado	Alumnado egresado
Graos	751	-
Grao en antropoloxía social e cultural	60	n.d.
Grao en estudos ingleses: lingua, literatura e cultura	113	n.d.
Grao en filosofía	88	n.d.
Grao en xeografía e historia	215	n.d.
Grao en historia da arte	187	n.d.
Grao en lingua e literatura españolas	88	n.d.
Mestrado	28	23
Máster universitario en ciencia da linguaxe e lingüística hispánica	1	1
Máster universitario no mundo clásico e a súa proxección na cultura occidental	0	0
Máster universitario en elaboración de dicionarios e control de calidade do léxico español pola Universidade Autónoma de Barcelona e Universidade Nacional de Educación a Distancia	0	0
Máster universitario en estudos franceses e francófonos	1	1
Máster universitario en estudos literarios e culturais ingleses e a súa proxección social	3	3
Máster universitario en formación de profesores de español como segunda lingua	1	1
Máster universitario en formación e inv. literaria e teatral no contexto europeo	1	1
Máster universitario nas tecnoloxías da información e a comunicación no ensino e o tratamento de linguas	2	2
Máster universitario en lingüística inglesa aplicada	1	1
Máster universitario en literaturas hispánicas (catalá, galega e vasca) no contexto europeo	1	1
Máster universitario en filosofía teórica e práctica	9	5
Máster universitario en investigación antropolóxica e as súas aplicacións	4	3
Máster universitario en investigación en historia da arte	0	0
Máster universitario na España contemporánea no contexto internacional	3	3
Máster universitario en métodos e técnicas avanzadas de investigación histórica, artística e xeográfica	0	0
Máster universitario en historia militar de España	1	1

Estudos	Alumnado matriculado	Alumnado egresado
Programas de doutoramento	0	0
Programa de doutoramento en filoloxía, estudos lingüísticos e literarios	0	0
Programa de doutoramento en historia e historia da arte e territorio	0	0
Programa de doutoramento en diversidade, subxectividade e socialización. Estudos en antropoloxía social, historia da psicoloxía e da educación	0	0
Programa de doutoramento en filosofía	0	0
Micrograos e micromestrados	21	21
Micrograo en historia de España	21	21
Micrograo en aproximación aos estudos ingleses: lingua, literatura e cultura	0	0
CUID (Centro de idiomas dixital e a distancia)	215	215
Alemán	6	6
Árabe	1	1
Catalán-Valenciano	0	0
Chinés	2	2
Español	0	0
Esperanto	0	0
Eúscaro	2	2
Francés	25	25
Gallego	9	9
Inglés	132	132
Italiano	13	13
Xaponés	7	7
Neerlandés	1	1
Portugués	15	15
Ruso	2	2

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola UNED.
n.d.: O alumnado egresado aínda non aparece rexistrado nese curso académico.

5.2 ENSINO NON UNIVERSITARIO

5.2.1 Réxime especial

O alumnado matriculado en ensinanzas non universitarias chamadas de réxime especial relacionadas co ámbito cultural acadan un total de 3.565 persoas, o 91,1% do total do alumnado deste réxime. É salientable o número de matriculados na Escola de Idiomas (2.387) e en todas as especialidades relacionadas con ensinanzas musicais (997 persoas matriculadas), no que destaca de xeito relevante o Conservatorio de Música Manuel Quiroga (569 persoas matriculadas). As persoas matriculadas nas ensinanzas relacionadas coa danza foron 106 (87 en danza clásica e 29 en contemporánea). Aínda que en número de matrícula non parece importante (85) é un diferencial do concello de Pontevedra contar coa única escola de conservación e restauración, que xunto co feito de ter o único grao Universitario de Belas Artes existente en Galicia, conforman un conxunto de ensinanzas relevante para a arte e o patrimonio de Galicia (ademais ámbalas dúas están situadas no mesmo edificio, o que favorecería teoricamente as posibles sinerxías).

Táboa 52. Alumnado matriculado en ensinanzas do réxime especial en Pontevedra no curso 2019/2020 en estudos relacionados co ámbito cultural


Centro	Ensinanza	Especialidade	Alumnado curso 2019/2020
ES de Conservación e Restauración de Bens Culturais	EE. superiores de grao en conser. e restauración (LOES)	Sen especialidade (1ª+2ª cursos, comúns)	28
		Bens Arqueolóxicos	20
		Bens Escultóricos	17
		Bens Pictóricos	20
CMUS Profesional Manuel Quiroga	Ensinanzas Elementais de Música	-	219
	Ensinanzas profesionais de Música	-	350
EDANPR Deborah	EE. non regradas de danza	Danza Clásica	87
		Danza Contemporánea	29
EMUSPR A Tempo	EE. non regradas de música	-	125
CEMU Profesional Mayeysis	Ensinanzas Elementais de Música	-	68
	Ensinanzas profesionais de Música	-	48
EMUSPR de Salcedo	EE. non regradas de música	-	167
Escola Oficial de Idiomas (EOI)	Detalle a continuación (Alemán, Francés, Galego, Inglés, Italiano e Portugués)	-	2.387
Total relacionado con Cultura			3.565
% sobre o total do réxime especial			91,1%

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

O idioma no que existen máis persoas matriculadas na Escola Oficial de Idiomas é o inglés (1.698 matriculas, 71% do total). O idioma Francés conta con 255 matriculas (11%), seguido do Italiano e o Alemán, con 132 (6%) e 115 (5%) respectivamente. O Galego e o Portugués suman 187 persoas matriculadas.

Táboa 53. Alumnado matriculado na Escola Oficial de Idiomas

Idiomas	Curso 2019/2020
Alemán	115
Francés	255
Galego	83
Inglés	1.698
Italiano	132
Portugués	104
Alumnado total	2.387



Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Das 704 matrículas nas ensinanzas regradas musicais en Pontevedra, 300 corresponden a ensinanzas elementais e 404 a ensinanzas profesionais. Como se pode comprobar existe unha ampla oferta de ensinanza de diferentes instrumentos (22). Os instrumentos con maior número de matrículas son o piano (154 matrículas), violín (79), clarinete (57) e a guitarra (51).

Figura 63. Detalle do peso do alumnado matriculado en ensinanzas regradas de música en Pontevedra, curso 2019/2020



Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Táboa 54. Detalle do alumnado matriculado en ensinanzas regradas de música en Pontevedra no curso 2019/2020

Especialidade	Ensinanzas elementais de Música			Ensinanzas profesionais de Música			Total xeral
	CMUS Profesional Manuel Quiroga	CEMU Profesional Mayeuis	Total EE. elementais	CMUS Profesional Manuel Quiroga	CEMU Profesional Mayeuis	Total EE. profesionais	
Acordeón	9		9	4		4	13
Canto			0	9		9	9
Clarinete	18		18	39		39	57
Clave	5		5	8		8	13
Contrabaixo	6		6	6		6	12
Fagot	4		4	9		9	13
Frauta de Bico	9		9	5		5	14
Frauta Traveseira	11	2	13	27	2	29	42
Guitarra	20	8	28	15	8	23	51
Instrumentos de Púa	8		8	5		5	13
Óboe	4		4	14		14	18
Percusión	11	6	17	15	11	26	43
Piano	48	45	93	48	13	61	154
Saxofón	9	2	11	17	5	22	33
Trombón	3		3	13		13	16
Trompa	4		4	14		14	18
Trompeta	7		7	24		24	31
Tuba	3		3	16		16	19
Viola	9		9	12		12	21
Viola da Gamba	6		6	4		4	10
Violín	30	5	35	35	9	44	79
Violoncello	8		8	17		17	25
Alumnado	232	68	300	356	48	404	704

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Existe un total de 394 matrículas en ensinanzas non regradas en diferentes ámbitos e instrumentos musicais. As especialidades con máis matrícula corresponden ao conxunto coral e/ou instrumental (56), linguaxe musical (46) e música e movemento (36).

Táboa 55. Detalle do alumnado matriculado en ensinanzas non regradas de música en Pontevedra no curso 2019/2020.

Especialidade	EE. non regradas de música		
	EMUSPR A Tempo	EMUSPR de Salcedo	Total EE. Non regradas
Acordeón	3	7	10
Armonía, Contrapunto, Composición E Instrumentación	1		1
Baixo Eléctrico	2		2
Batería	14		14
Bombardino		2	2
Canto	18	7	25
Clarinete		18	18
Conxunto coral e/ou instrumental		56	56
Fagot		1	1
Frauta de Bico	2		2
Frauta Travesera		11	11
Guitarra	30		30
Guitarra Eléctrica	10		10
Guitarra tendencias diversas	3		3
Informática musical	2	21	23
Linguaxe musical		46	46
Música e Movemento	22	14	36
Percusión		15	15
Piano	8	16	24
Saxofón	2	8	10
Solfexo, Teoría Musical, Repentización, Transposición Instrumental, Acompañamento	23		23
Trombón		5	5
Trompa		2	2
Trompeta	2		2
Tuba		1	1
Viola	3	6	9
Violín	6		6
Violoncello	1	6	7
Alumnado	152	242	394

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

5.2.2 Ciclos formativos

No marco dos ciclos formativos relacionados coa cultura en Pontevedra, hai 139 persoas matriculadas (4,4% do total de ciclos formativos), 44 persoas matriculadas no grao superior na especialidade de deseño e xestión da produción gráfica, 64 en grao medio con dúas especialidades, unha de impresión gráfica (32) e outra de preimpresión dixital (32). Por último, en formación profesional básica a matrícula ascende a 31 persoas na especialidade de artes gráficas. Todos os ciclos formativos relacionados con cultura pertencen ao IES Montecelo.



Artes gráficas

Táboa 56. Alumnado por ciclos formativos relacionados coa cultura no concello de Pontevedra, curso, 2019-2020

Alumnado	
Grao superior	
Deseño e xestión da produción gráfica	44
% sobre total de alumnado en Ciclos Formativos de Grao superior	3,1%
Grao medio	
Impresión Gráfica	32
Preimpresión Dixital	32
% sobre total de alumnado en Ciclos Formativos de Grao medio	4,5%
Formación Profesional Básica	
Artes gráficas	31
% sobre total de alumnado en Formación Profesional básica	9,7%
Total relacionado con Cultura	139
% sobre o total de alumnado en ciclos formativos	4,4%

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

5.2.3 Réxime xeral: bacharelato

Hai 355 alumnos matriculados nos diferentes bacharelatos relacionados co ámbito cultural, dos cales 73 atópanse no réxime de adultos (todos eles na rama de humanidades) e 282 no réxime xeral-ordinario (148 na rama de artes e 134 en humanidades). As persoas matriculadas nestes bacharelatos representan o 18,2% do total de matriculados neste nivel educativo.

Táboa 57. Alumnado matriculado en Pontevedra no curso 2020/2021 en bacharelatos relacionados co ámbito cultural

Especialidade	Réxime de adultos Humanidades	Réxime xeral-ordinario		Total
		Artes	Humanidades	
CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús			1	1
IES Sánchez Cantón			22	22
IES Valle-Inclán	9		22	31
IES Frei Martín Sarmiento		48	18	66
IES A Xunqueira I		100	14	114
IES A Xunqueira II			15	15
IES Luís Seoane			16	16
EPAPU Río Lérez	64			64
IES Gonzalo Torrente Ballester			26	26
Alumnado	73	148	134	355
% sobre o total de alumnado en bacharelato				18,2%

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Fotografía: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalleinclan/>



6. PATRIMONIO E INFRAESTRUTURAS

6 PATRIMONIO E INFRAESTRUTURAS CULTURAIS EN PONTEVEDRA

6.1 BENS DE INTERESE CULTURAL E OUTROS ASPECTOS DE INTERESE PATRIMONIAL

Cando falamos de Bens de Interese Cultural, referímonos á máis alta catalogación do patrimonio, e baixo este nomeamento recóllense os bens co máximo nivel de protección. Os bens declarados de interese cultural son inscritos no rexistro de bens de interese cultural de Galicia, e a xestión deste rexistro correspóndelle á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Segundo a última actualización do rexistro oficial de bens de interese cultural, que data de 2020, hai 744 BIC en toda a comunidade autónoma de Galicia.

A provincia de Pontevedra atesora a quinta parte dos bens culturais de Galicia, e máis concretamente, o concello de Pontevedra conta con máis de vinte BIC. Once destes BIC do concello de Pontevedra son gravados rupestres, pois segundo as leis estatais de patrimonio, toda manifestación de arte prehistórica é considerada automaticamente un ben de interese cultural, para garantir que reciben o máximo nivel de protección.

Nesta imaxe¹ recóllese un dos gravados do conxunto rupestre chamado Regato dos Buratos ou Outeiro da Mina. Este petróglifo, coñecido como a Pedra do Encantamento, destaca pola presenza dun elemento que parece unha figura antropomorfa e esquematizada. Este motivo representativo e característico deste lugar, o que o fai único entre os gravados rupestres de toda Galicia, pois predominan os motivos xeométricos, a representación de armas ou incluso figuras zoomorfas, pero rara vez atopamos figuras antropomorfas, coma neste caso.



O arquivo histórico provincial e a biblioteca pública do estado tamén son BIC, así como os edificios do museo ou o Mosteiro de San Benito de Lérez, xunto co paraxe que o rodea,

que ademais está situado ao paso da ruta portuguesa do Camiño de Santiago por Pontevedra.

O propio Conxunto Histórico, formado polo casco urbano e comprendido dentro do antigo recinto amurallado, e un Ben de Interese Cultural en si mesmo. Un dos primeiros cascos históricos que recibiron esta catalogación, en 1951. Conta á súa vez con edificios e construcións que tamén son BIC en si mesmos, como a Real Basílica de Santa María a Maior, a igrexa da Virxe Peregrina, as ruínas do Convento de Santo Domingo, ou o convento e a igrexa de San Francisco. Este Conxunto Histórico coincide co ámbito delimitado como área de rehabilitación, e comprende unha superficie de 192.774,21 m² na que se sitúan 1.528 vivendas susceptibles de rehabilitación.

Figura 64. Delimitación do Conxunto Histórico de Pontevedra



Fonte: Instituto Xeográfico Nacional de España – Xunta de Galicia.

O centro histórico de Pontevedra é un dos mellor conservados de España². No seu interior atópanse unhas belísimas rúas asoportadas que conducen a unha infinidade de prazas de interese patrimonial. Entre os edificios mencionados anteriormente, que son BIC en si mesmos dentro do conxunto histórico, pode destacarse como exemplo a Real Basílica de Santa María a maior.

¹ Espacio natural e arqueolóxico dos sete camiños. [data de consulta: 20/08/2021] En: http://www.acitania.com/tic/7c/ES_ficha4.html.

² Turismo rías baixas. [data de consulta: 23/08/2021] En: <https://turismoriasbaixas.com/gl/recursopan1?content=280380811>

A Real Basílica de Santa María a Maior é un dos mellores exemplos de arquitectura relixiosa da cidade, iniciada no século XVI como iniciativa do Gremio de Mareantes, é un perfecto exemplo de arquitectura gótica tardía e renacemento. É o templo máis antigo de Pontevedra do que se ten noticia, pois hai datos da súa existencia, como unha pequena capela románica, dende 1165.³

O máis destacable desta construción é a fachada. Realizada por Cornelis de Holanda e Juan Noble entre 1541 e 1548, é a obra máis destacada e de maior repercusión artística de toda a basílica. Foi efectuada a modo de retablo exterior, e foi calificado como “un dos máis belos retablos pétreos do protorrenacemento español.”⁴



Táboa 58. Relación de Bens de Interese Cultural no Concello de Pontevedra

Nome	Tipoloxía	Identificador do Ministerio	Ano de rexistro
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	Arquivo	RI-AR-0000043	1997
Biblioteca Pública do Estado	Biblioteca	RI-BI-0000025	1985
Museo de Pontevedra	Monumento: museo	RI-51-0001394	1962
Casco Antigo de Pontevedra	Conxunto histórico	RI-53-0000017	1951
Convento Igrexa de San Francisco	Monumento: Convento	RI-51-0000074	1896
Ruínas do Convento de Santo Domingo	Monumento: Convento	RI-51-0000070	1895
Santuario de Nosa Señora do Refuxio A Divina Peregrina	Monumento: igrexa	28179	2011
Real Basílica de Santa María a Maior	Monumento: igrexa	RI-51-0000828	1931
Monasterio de San Salvador	Monumento: Monasterio	RI-51-0001206	1946
Paraxe que rodea o Mosteiro de San Salvador de Lérez	Sitio histórico	RI-54-0000003	1946
Gravado Rupestre Casaldourado	Monumento	RI-51-0004111	1974
Gravado Rupestre Pedra Do Casal	Monumento	RI-51-0004112	1974
Gravado Rupestre Praceres	Monumento	RI-51-0004113	1974
Gravado Rupestre Carballeira Finca de Doña Marina	Monumento	RI-51-0004114	1974
Gravado Rupestre Rañadoiro Chandas Cruces	Monumento	RI-51-0004115	1974
Gravado Rupestre Cachada Do Vello	Monumento	RI-51-0004116	1974
Gravado Rupestre Cova Penedo Do Mato Do Fondo	Monumento	RI-51-0004117	1974
Gravado Rupestre A Esculca Lastra Lexe Do Outeiro Do Mato Das Cruces	Monumento	RI-51-0004118	1974
Gravado Rupestre Regato Dos Buracos Outeiro Da Mina	Monumento	RI-51-0004119	1974
Gravado Rupestre Carramal Pozo de Escribana Penedo de Vilar de Matos	Monumento	RI-51-0004120	1974
Gravado Rupestre As Eiriñas Xartan Gato Morto Penedo de Argoenxa	Monumento	RI-51-0004121	1974

Fonte: elaboración propia a partir do rexistro de Bens de Interese Cultural

³ GARCÍA, J.B. (2013), *Habladme Piedras, Pontevedra, historia y leyendas*. Ed: Alfíl, difusión cultural. Pontevedra. pp. 297

⁴ GARCÍA, J.B. (2013) pp. 299

O casco histórico como Ben de Interese Cultural, está suxeito a unha serie de normas tanto de construción como de rehabilitación pensadas para preservar ao máximo posible a esencia da súa orixe. Non só aqueles edificios destacados como BIC en si mesmos, como a basílica de Santa María, (xa comentada), ou a famosa igrexa da Virxe peregrina, tamén moitos edificios de carácter civil, dentro do propio casco histórico, gozan dunha protección especial e son parte esencial do conxunto.

Dende o punto de vista urbanístico, cabe destacar a importancia do espazo urbano e máis concretamente o concepto de praza na vida e no día a día dos pontevedreses. Destaca no plano urbanístico do casco vello a cantidade de prazas que se abren entre as rúas da zona vella como espazos comúns de ocio e vida cultural, pois moitas, como veremos máis adiante, son escenario de moitas das festas e os eventos culturais que se levan a cabo en Pontevedra ao longo de todo o ano, e son unha parte importante do concepto e a forma de vida que se respira en Pontevedra, sobre todo dende os traballos de remodelación e peonalización do casco histórico.

6.1.1 Principais prazas do casco histórico de Pontevedra

Falando das edificacións, dos pazos e as igrexas que debuxan o plano urbano de Pontevedra, é imposible non decatarnos da cantidade de prazas e cantóns que debuxa o ruero da cidade ao seu paso polo casco vello, e xa comentamos a importancia que estas teñen no plano social e cultural, pero é importante resaltar que sen estes espazos, Pontevedra non sería a cidade que hoxe coñecemos. Moitas destas atópanse no casco histórico, pero se pasamos o límite da cidade vella, seguimos atopando prazas que constitúen centros neuráxicos da vida social da cidade. A praza de España e a alameda colindante son un bo exemplo deses espazos urbanos que, sen estar contemplados dentro do casco vello, si son un importante centro de socialización e vida cultural. Este lugar é o escollido para moitos dos concertos que se celebran en Pontevedra, así como cara onde se dirixen as comparsas das festas do entroido entre outros.

1. PRAZA DA PEREGRINA

Presidida polo santuario barroco por excelencia da cidade, a capela da Virxe Peregrina, esta praza é un dos centros neuráxicos e un dos lugares máis representativos da cidade. A capela foi levantada en 1778, e o autor da mesma foi Antonio de Soto. Cronoloxicamente pertence ao período neoclásico, pero o barroco estaba tan arraigado en Galicia que estilisticamente pertence claramente a este estilo. A planta, no seu interior, ten forma de cuncha de vieira, e ao exterior posúe unha fachada convexa dividida en tres corpos, nos que a decoración barroca domina case por completo.⁵

A Praza da Peregrina foi escenario de faladoiros e reunións políticas, musicais e de actualidade, en parte grazas a presenza da Farmacia de Perfecto Feijoo, na esquina coa Rúa da Oliva, hoxe desaparecida. Perfecto Feijoo era unha das personalidades de Pontevedra máis curiosas, boticario de profesión, pero gaiteiro celebrado e fundador do coro “Aires d’a Terra”, converteu a súa farmacia nun lugar de encontro cultural, que ademais estaba situada nun dos puntos máis céntricos da cidade. En 1883 propuxo nun deses faladoiros conformar o que acabaría sendo o primeiro coro de Galicia, con voces e instrumentos tradicionais.⁶ Foi famoso ademais polo seu loro Ravachol, coñecido por todos os pontevedreses da época, en honor ao cal celébrase cada ano, no marco das festas do entroido, o enterro do loro Ravachol, conmemorando o loito e o ambiente de duelo xerado na cidade tras a morte do animal, que asubiaba e chamaba ao boticario cando entraban clientes á Botica da Peregrina.⁷

2. PRAZA DA FERRERÍA

Esta praza debe o seu nome á actividade artesanal dos ferreiros, que na Idade Media tiñan os seus obradoiros baixo os soportais que pechan parte da praza. Máis tarde converteuse no recinto feiral da cidade, onde se celebraba a Feira Franca. Esta praza foi escenario de comedias, danzas de confrarías, música ou monicreques.

En 1910 levouse a cabo a construción do edificio modernista, obra de Andrés Oscariz e Robledo, no lado da praza pechado por soportais, e antes ocupado por vivendas dunha planta⁸. Nas primeiras décadas do século XX, Pontevedra goza dunha importante vida cultural, e cobran importancia os cafés onde se desenrolaban os faladoiros, como o café moderno ou o Café Savoy, situado na Ferrería, e considerado un dos cafés con maior solera da cidade, e que foi refuxio de poetas, novelistas, pintores e intelectuais de diferente índole, e forxaron o futuro da cidade.⁹ A praza da ferrería é hoxe o lugar onde se levan a cabo moitos dos eventos que se celebran anualmente en Pontevedra, algún de corte tradicional como o memorial de Ricardo Portela, e varios concertos no marco das festas de verán ou no Festival Internacional de Jazz.

3. PRAZA DA LEÑA

Unha das máis típicas estampas de Pontevedra, xunto coa capela da Virxe Peregrina. Esta praza, pechada entre pequenas casas asoportaladas e pazos urbanos, (hoxe propiedade do museo de Pontevedra, que son o pazo de Fernández López, e os pazos de Castro Monteagudo e de García Flórez) foi escenario séculos atrás da venta e compra de leña, materia prima no momento para quentar as casas e facer funcionar as cociñas da época.¹⁰

⁵ JUEGA PUIG, J. (2001). *Pontevedra, centro histórico*. Ed. A Nosa Terra, Vigo. pp. 32

⁶ En: Faro de Vigo. <https://www.farodevigo.es/pontevedra/2019/09/01/coros-gallegos-homenajean-perfecto-feijoo-15583057.html>. [Data de consulta: 27/08/2021]

⁷ GARCÍA, J.B. (2013) pp. 46

⁸ GARCÍA, J.B. (2013) pp. 50

⁹ GARCÍA, J.B. (2013) pp. 56

¹⁰ GARCÍA, J.B. (2013) pp. 101

O seu nome real é Praza de Indalecio Armesto, pero ao igual que outras prazas da cidade, toma o seu nome da actividade comercial levada a cabo séculos atrás. Sábese que no século XV era denominada Feira Vella¹¹, xa que era aquí onde se celebraban as feiras antes de emprazar as mesmas na praza da Ferrería. Ao igual que na praza da Leña, aquí tamén atopamos edificios asoportados que enmarcan a praza.

Támén o nome desta praza cambiou co tempo, e sábese que arredor do ano 1411, chamouse Praza do Campo da Herba, e máis tarde Campo Verde.¹² Isto facía alusión ao mercado que aquí se celebraba, onde podían mercarse produtos do campo e obxectos de cestería. Tamén foi coñecido como praza das Galiñas, polo comercio de aves, pero hoxe é a praza de Méndez Núñez, Contraalmirante da Armada natural de Vigo pero afincado en Pontevedra, e alcumado Heroe do Callao.

Coñecida antigamente como praza da Herba, e destinada a plantación de viñas e hortas, foi tamén o lugar onde se acumulaba a pedra destinada a construír edificacións como a Igrexa de San Bartolomeu ou o colexio da compañía de Xesús.¹³ E por isto que hoxe é coñecida como a praza da Pedreira, onde ademais traballaban os canteiros e picapedreiros da cidade. É unha das prazas máis pechadas de Pontevedra, enmarcada entre o Pazo Mugartegui e o muro traseiro do Pazo dos Mariño de Lobeira. Hoxe é escenario de ciclos de cine nocturno como *cine e estrelas*, que forma parte do programa das festas de verán.

Coñecida tamén como Praza Maior ou Praza do Pan, adquiriu a denominación de Praza do Teucro no ano 1843. Nas labores de restauración levadas a cabo a mediados do século XX, descubríronse os soportais do Pazo de San Román. É unha das prazas máis emblemáticas de Pontevedra, e unha das máis fermosas, en parte polos edificios que a rodean, pazos urbanos e edificios blasonados.




¹¹ GARCÍA, J.B. (2013) pp. 146

¹² GARCÍA, J.B. (2013) pp. 152

¹³ GARCÍA, J.B. (2013) pp. 140

Figura 65. Ubicación das prazas e labras heráldicas dentro do casco antigo de Pontevedra



Fonte: MESSÍA DE LA CERDA Y PITA, L. F.: Escudos de armas labrados en piedra existentes en la zona monumental de Pontevedra. Pontevedra. 1988. Diputación Provincial de Pontevedra.

¹⁴ Fotografía de: GARCIA BUJALANCE, G. *Heráldica de la zona monumental de Pontevedra*, [Data de consulta: 27/08/2020] En: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5843273>

¹⁵ GARCÍA, J.B. (2013) pp. 184

6.1.2 Labras heráldicas

Partindo do contexto da constancia da fidalguía pontevedresa na praza do Teucro, compre falar tamén da importancia das labras heráldicas dentro do marco patrimonial da cidade, pois Pontevedra conta con máis de 200 pedras armeras¹⁶. É destacable a cantidade de construcións civís de carácter señorial que atopamos no casco histórico, dende o Pazo Mugartegui, presidindo a praza da Pedreira, ata a Praza da Verdura ou a Praza da leña, no entorno dos edificios do museo de Pontevedra, así como as rúas e prazas secundarias que comunican toda a zona vella. Varias das edificacións presentes nestas prazas e rúas próximas, como a rúa do Naranxo, presentan labras heráldicas de importante nivel, deixando constancia do carácter señorial da cidade de Pontevedra. Ademais, o museo alberga entre os seus fondos diversas labras que durante anos estiveron expostas no recinto das Ruínas de San Domingos. Así, varios autores fixeron referencia a este carácter señorial da cidade, como Messía De La Cerda Y Pita¹⁷ ou Guillermo J. García Bujalance.¹⁸

6.1.3 Cruceiros e fontes

Se existe un monumento fortemente enraizado na cultura popular galega, ese é o cruceiro, e compre destacar que Pontevedra posúe tamén unha das mellores coleccións de cruceiros de toda Galicia. Xeralmente non os atopamos hoxe no lugar que ocupaban orixinariamente, pero son parte ineludible do patrimonio histórico da cidade.

Alguns destes cruceiros, de tradición gótica pero fabricados cara o século XVI, son os da Praza de Santa María, procedente do Burgo, ou o situado nas ruínas de San Domingos, cuxo emprazamento orixinal era o adro de San Bartolomeu, así como o cruceiro que atopamos no centro da Praza da Leña, procedente de Caldas de Reis, ou o cruceiro de Etribela, na imaxe,¹⁹ que marca o centro das chamadas cinco rúas, e é orixinario do arrabalde mariñeiro de Etribela.²⁰

Xunto aos cruceiros, as fontes son outro elemento dese mobiliario urbano do que compre falar. A fonte da Praza da Ferrería é un bo exemplo de arte renacentista. Levantada en 1555 por João Lopes, esta fonte foi derribada en 1857, e reconstruída máis adiante,



proxecto no que colaborou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.²¹ Pontevedra posúe ademais catro fontes de ferro situadas en Santa María e nas prazas de Curros Enríquez, a Peregrina e a Verdura. Foron fundidas no obradoiro vigués de Sanjurjo Badía. Os floróns que as rematan débense a Sesmeros, e fundíronse todos en Vigo.²²

Pontevedra non é só un dos Cascos Históricos mellor conservados de Galicia, senón que logra unha perfecta harmonía entre a conservación e a restauración máis axeitada, sen deixar de lado a vida e a actividade social e cultural no seu interior, como veremos cando entremos a falar dos eventos culturais da cidade, e como moitos deles teñen como escenario algún destes espazos históricos.

6.1.4 Patrimonio gráfico de Pontevedra²³

Como xa comentamos ao falar dos fondos do arquivo e a biblioteca do museo, existen uns fondos do chamado patrimonio gráfico, que reúne fotografías antigas da cidade de Pontevedra. Este arquivo gráfico ten a súa orixe no material gráfico que a Sociedade Arqueolóxica recompilou dende a súa creación en 1894, e depositou no museo trala súa creación en 1927. O incremento do material gráfico do museo será continuo e constante, procedente de doazóns e adquisicións, e da realización propia do persoal que traballa nos diferentes temas de catalogación artística e arqueolóxica. Na actualidade conta con 200.000 documentos gráficos de distinta natureza. Hai ademais un Inventario dos Bens Mobles da Igrexa Católica, onde se acompaña con fotografías de toda a riqueza artística que atesouran as igrexas e capelas galegas.

En 1973, o museo chega a un acordo coa fundación Pedro Barrié de La Maza, e en 1979 fírmase un convenio de colaboración que supuxo un impulso para o desenvolvemento da Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia. Isto supuxo un incremento do material gráfico do museo, incorporándose cada ano un importante número de fotografías e diapositivas que o converteron no mais importante de Galicia en canto a volume e calidade dos fondos.



J. Cao Durán, Perfecto Feijoo e o coro "Aires da Terra". Ca. 1901.

¹⁶ GARCÍA BUJALANCE, G.J. (2016). Heráldica de la zona monumentak de Pontevedra. En: Hidalguía. Año LXIII 2016. Num 373. Págs 679-714

¹⁷ Membro da Real Academia Matritense de Heráldica, realizou dúas obras de referencia neste contexto: *Heráldica, escudos de armas labrados en piedra existentes en la zona monumental de Pontevedra* (1989), e *Labras Heráldicas del Museo de Pontevedra, Ruínas de Santo Domingo* (1991)

¹⁸ Licenciado en Historia. Experto universitario en Heráldica, Xenealoxía e Nobiliaria (Fund. UNED)

¹⁹ El País. El cruceiro de Etribela, https://elpais.com/diario/2010/02/03/galicia/1265195890_740215.html

²⁰ JUEGA PUIG, J. (2001) pp. 45

²¹ JUEGA PUIG, J. (2001) pp.28

²² JUEGA PUIG, J. (2001) pp. 29

²³ Información e imaxes en: Museo de Pontevedra: <http://www.museo.depo.gal/arquivo.grafico/ga.05000000.html>

A temática deste arquivo é moi variada, pero predominan as fotografías vinculadas ao patrimonio histórico-artístico galego. As fotografías máis antigas proceden do labor investigador levado a cabo pola Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Aquí atopamos a obra de Francisco Zagala (1842-1902), fotógrafo oficial da sociedade pontevedresa da época, e cuxa obra é hoxe fonte documental de primeira orde para o estudo da evolución da cidade durante o século XIX e principios do XX.

Merece mención especial a colección do fotógrafo Joaquín Pintos, que traballou en Pontevedra dende 1899 ata a súa morte en 1967. Consérvanse a maioría das pezas que conformaban o seu estudo, a práctica totalidade dos seus negativos e innumerables positivos que recollen case medio século da historia económica, social, cultural e política pontevedresa. Recóllese tamén a obra dun dos fotógrafos galegos que goza de maior recoñecemento, José Suárez (1902-1979), varios álbums fotográficos do século XIX de tipo familiar, como os da colección Méndez Núñez-Mendoza Babiano, e unha rica colección de fotografías estereoscópicas de finais do século XIX e principios do XX.

Outro conxunto importante é o formado polas coleccións reunidas no exercicio da súa profesión por personaxes vinculados ao mundo da arte, a historia ou a arquitectura, como o sacerdote e pintor Luis Pintos Fonseca, o erudito e investigador Ángel del Castillo ou o arquitecto Miguel Durán Loriga. Así como os arquivos particulares de personaxes pontevedreses como Rodríguez Seoane, Prudencio Landín, Perfecto Feijoo, Antonio Odriozola, Méndez Núñez, Manuel Quiroga ou Osorio-Tafall. A fotografía artística está presente coa obra de Manuel Buch e Juan Manuel Castuera. E dentro do apartado da fotografía documental atópase a obra de Tino Martínez coa serie *Ofrecidos*, onde nos amosa a relixiosidade tradicional do pobo galego. Como colofón a esta variada e rica colección, cómpre mencionar que o arquivo se complementa cunha moi completa colección de postais, diapositivas, vídeos, carteis, prospectos de cine, estampas e películas. Destas últimas destacaremos *Miss Ledy*, rodada en 1916 por José Gil e considerada a primeira película de ficción galega.

Pero hai outra categoría dentro deste concepto; o conxunto de carteis, rótulos ou sinais informativas que xa forman parte da vida e o urbanismo dunha cidade. Cada un na súa forma única, forman parte tamén dese chamado patrimonio gráfico. É algo moitas veces esquecido cando falamos de restauración e conservación do patrimonio, e polo tanto moi susceptible de desaparecer, xa sexa co seguinte plan urbanístico, coa especulación, o turismo ou a xentrificación que impera en practicamente todos os núcleos urbanos. Cando isto sucede, en moitas ocasión estes rótulos desaparecen, e na mellor das condicións quedan abandonados á sorte de que alguén decida facerse cargo da súa custodia, (no caso, por exemplo, do derrubamento do edificio que o contén), ou á expectativa de que acudan a facerse cargo do seu mantemento, de forma altruísta e persoal, cando este queda no seu lugar unha vez o negocio pechou ou decidiu modernizarse noutro lugar.

Tendo isto en conta, considerouse necesario incluír aquí unha pequena mostra dese patrimonio gráfico pontevedrés sen catalogar, recollendo algún dos carteis e rótulos máis representativos da Pontevedra antiga. Sinais e firmas moi destacadas da actividade comercial da cidade e a súa evolución ao longo dos anos.



1. Drogueria Moderna. Praza de Curros Enríquez, 10, 36002 Pontevedra.
2. Zapatero "El Artesano". Rúa Serra, 28, 36002 Pontevedra.
3. Ferreteria Gallega, en Rúa Real, 30, 36002 Pontevedra.
4. Bar "La Chiruca", Rúa Figueroa, 17, 36001, Pontevedra
5. Colexio "Los Cerezos". Rúa Don Gonzalo, 11, 36002 Pontevedra.
6. A Moda Dabaixo, Rúa dos Soportais, 3, 36002 Pontevedra.
7. Imprenta Celestino Peón Gómez. Praza do Teucro, 1, 36002 Pontevedra.

6.2 INFRAESTRUTURAS CULTURAIS EN PONTEVEDRA

Neste apartado ponse de manifesto o importante espazo que existe no concello de Pontevedra susceptible de ser adicado á actividade cultural, en concreto un total de 127.769,51 m², repartidos en 381 espazos distribuídos en 72 edificios ou infraestruturas dependentes de distintos organismos, conforman o inventario de espazos dispoñibles na cidade. Cabe mencionar que neste inventario de infraestruturas culturais non se teñen en conta espazos adicados á xestión e organización interna de cada edificio ou organismo.

Táboa 59. Inventario de espazos en infraestruturas culturais no concello de Pontevedra

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m ²)
Concello de Pontevedra	122	14.344	85.585,86
Deputación de Pontevedra	30	2.866	10.624,30
Xunta de Galicia	72	1.953	5.172,63
Universidade de Vigo	96	6.020	14.893,88
UNED	31	2.331	3.775,65
Afundación / Abanca	12	1.317	2.014,51
Sociedades (Liceo Casino, Casino Mercantil e Industrial)	12	731	1.286,50
Fundacións (Manuel Moldes, RAC, Cuña-Casabellas - Fabulario Novo-Hipofanías)	5	290	861,18
Outros (Praza de Touros)	1	7.800	2.600,00
TOTAL	381	38.064	127.769,51

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos diversos xestores das infraestruturas

Non todos estes espazos contan cos mesmos medios, nin todos teñen unha adicación exclusiva á cultura. Neste sentido podemos facer unha diferenciación entre espazos especializados, como poden ser o teatro principal, o recinto feiral ou o pazo de feiras e congresos, así como diversas fundacións que naceron co obxectivo de preservar e difundir patrimonio cultural determinado.

Tamén hai outros edificios e institucións que, sen ser a cultura a súa actividade principal, son susceptibles de ser utilizadas para este fin, ben polas características dos seus espazos ou porque os organismos dos que dependen tamén levan a cabo actividades de carácter cultural, como poden ser o Casino Mercantil e Industrial ou algúns edificios administrativos.

Os espazos de formación, como as facultades da Universidade de Vigo, a Escola Oficial de Idiomas ou o conservatorio de música tamén xogan un papel importante na actividade cultural da cidade, e compre mencionar tamén aquí as bibliotecas destes centros, que xogan un papel clave na difusión da cultura dentro da cidade.

Táboa 60. Detalle do inventario de espazos en infraestruturas culturais no concello de Pontevedra

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m ²)
ESPECIALIZADA	160	16.916	22.634,82
Auditorios/Salóns de actos e de conferencias	11	2.863	3.257,87
Aulas	10	261	339,00
Bibliotecas	7	170	521,76
Cafeterías/Cociñas	9	180	317,75
Espazo de exposicións, halls e outros	22	1.177	6.342,74
Obradoiros	9	272	524,54
Recinto feiral	1	7.500	4.875,00
Salas de traballo ou seminarios	91	4.493	6.456,16
COMPLEMENTARIA	34	10.552	76.778,79
Auditorios/Salóns de actos e de conferencias	12	1.717	2.338,29
Cafeterías/Cociñas	1	80	125,00
Espazo de exposicións, halls e outros	4	299	70.579,00
Obradoiros	2	61	124,00
Praza de touros	1	7.800	2.600,00
Salas de traballo ou seminarios	14	595	1.012,50
FORMACIÓN	187	10.596	28.355,90
Auditorios/Salóns de actos e de conferencias	10	2.003	3.141,85
Aulas	59	2.936	5.153,19
Bibliotecas	8	932	3.589,85
Cafeterías/Cociñas	6	441	1.034,20
Espazo de exposicións, halls e outros	9	2.218	7.877,76
Obradoiros	65	1.339	6.095,28
Salas de traballo ou seminarios	30	726	1.463,78
TOTAL	381	38.064	127.769,51

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos diversos xestores das infraestruturas

72
INFRAESTRUTURAS


381
ESPAZOS

AFORO PARA
38.064
PERSOAS

O mapa presente nesta páxina amosa xeolocalizadas as infraestruturas culturais presentes na cidade, todas elas organizadas segundo o seu xestor e representadas en diversos tamaños segundo o aforo de cada unha das infraestruturas sinaladas.

A estes espazos habería que sumar os centros culturais que se poden observar no mapa do epígrafe “6.2.1.10 Centros culturais” para ter a visión global do conxunto das infraestruturas culturais no concello de Pontevedra.

Figura 66. Mapa xeolocalizado de infraestruturas culturais no Concello de Pontevedra segundo aforo, excepto centros culturais.



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polos diversos xestores das infraestruturas.
Ver mapa de centros culturais nas páxinas seguintes

6.2.1 Concello de Pontevedra

O Concello de Pontevedra, como institución, avoga pola cultura como elemento dinamizador da cidade e é o organismo que ofrece gran parte dos eventos culturais que se levan a cabo, sexan estes en colaboración con outras institucións, Museo de Pontevedra, asociacións... ou ofrecidos de forma exclusiva polo Concello. É sede de gran número de eventos culturais ao longo de todo o ano.

Ademais destes dous edificios, o Concello de Pontevedra comprende, en materia de cultura, a Casa Azul e a Casa Da Luz, o centro CITA (Centro de Interpretación das Torres Arzobispais) o Local de Música, o Pazo Mugartegui e a Sede Santa Clara, ademais dos 30 centros culturais repartidos por todo o concello de Pontevedra.

Recentemente vén de adquirir tamén o Convento de Santa Clara, antes propiedade da orde das monxas clarisas. É unha operación que sumará máis de 12.000 metros de infraestruturas e espazos públicos en pleno centro da cidade.²⁴ O uso final deste espazo aínda está por determinar.

Na táboa seguinte pode consultarse o aforo e a superficie de cada un dos espazos xestionados polo concello de Pontevedra na actualidade. Nos seguintes epígrafes, especifícanse as características de cada un deses edificios, e os espazos dos que dispoñen.

Táboa 61. Detalle das infraestruturas do Concello de Pontevedra

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m ²)
Casa Azul	7	347	519,59
Casa da Luz	2	171	257,00
Centro de interpretación das Torres Arzobispais	1	25	715,00
Centros culturais (30)	88	4.103	5.226
Illa das esculturas	1		70.000
Local de Música	5	68	145,27
Pazo da Cultura	13	8.988	7.879,00
Pazo de Mugartegui	1	103	76,00
Sede Santa Clara	3	105	234,00
Teatro Principal	1	434	534,00
	122	14.344	85.585,86

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Pontevedra

6.2.1.1 Pazo da Cultura²⁵

Rúa de Alexandre Bóveda, s/n, 36005 Pontevedra

Construído nas antigas marismas do Lérez, ademais do complexo cultural, un grande auditorio e salas de conferencias e de exposicións, o proxecto inclúe tamén un recinto feiral baixo unha gran praza que mira ao río. O corpo cilíndrico do auditorio principal domina esa beira do Lérez, sendo unha das iconas arquitectónicas da cidade.²⁶

Conxunto de edificios proxectado polo arquitecto Manuel de las Casas en 1998, cunha superficie de case 10.000 m² que alberga o auditorio, restaurante, salas de prensa e exposicións, oito aulas, aparcadoiro para 1.300 vehículos, a sede da Policía Local e o Recinto Feiral.²⁷

O Recinto Feiral é un espazo polivalente para a celebración de actividades feirais, mostras comerciais e eventos culturais. Ten acceso directo co pazo da cultura dende o seu interior, permitindo a utilización conxunta de todas as súas dependencias. Este recinto dispón ademais doutras dúas entradas, catro saídas de emerxencia e dúas portas de acceso rodado, suficientemente grandes para o paso de grandes camiós de carga, imprescindibles en instalación deste tipo.²⁸

A área de congresos do Pazo da cultura está formado principalmente por dous grandes espazos; o salón de actos e a zona de seminarios, repartidos entre o primeiro e o segundo andar do edificio. O salón de actos conta cunha ampla sala graduada, deseñada en forma cuadrangular, e as súas grandes ventás proporcionan iluminación natural. Os oito seminarios foron pensados como espazos multiusos e cada un deles ten capacidade para 40 persoas. Grazas a súa disposición, estas salas permiten distintos modelos de posta en escena que se adaptan ao tipo de evento que acollen, xa que nestes seminarios lévanse a cabo dende conferencias ata presentación de produtos, talleres ou cursos moi diversos.



²⁴ Faro de Vigo. [data de consulta: 27/08/2021] En: <https://www.farodevigo.es/pontevedra/2021/05/06/concello-compra-convento-santa-clara-51404342.html>

²⁵ Fotografía de: <https://www.galiceando.com/es/recintos/ficha.php?ref=1440000003&name=Pazo-da-Cultura-de-Pontevedra>

²⁶ Deputación de Pontevedra. [data de consulta: 27/08/2021] En: <https://www.depo.gal/-/arquitectura-contemporanea-pazo-da-cultura-de-pontevedra>

²⁷ Deputación de Pontevedra. [data de consulta: 27/08/2021] En: <https://www.depo.gal/-/arquitectura-contemporanea-pazo-da-cultura-de-pontevedra>

²⁸ Deputación de Pontevedra. [data de consulta: 27/08/2021] En: <https://www.depo.gal/-/arquitectura-contemporanea-pazo-da-cultura-de-pontevedra>

Táboa 62. Detalle dos espazos do Pazo da Cultura

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
AUDITORIO	1	752	704,00
OBRADOIRO	1	120	224,00
RECINTO FEIRAL	1	7.500	4.875,00
SALA DE EXPOSICIÓNS	1	n.d.	1.220,00
SALÓN DE ACTOS	1	296	368,00
SEMINARIO	8	320	488,00
	13	8.988	7.879,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Pontevedra

6.2.1.2 Illa das Esculturas

A illa das esculturas²⁹ ou Illa do Covo, é un paraxe natural duns 70.000 m² de gran valor cultural e paisaxístico. Ten accesos directos a través de pontes e pasarelas que a comunican co entorno urbano. Esta illa de Esculturas está moi preto do Pazo da Cultura, e ambos espazos comparten varios usos.



A illa acolle dende 1999 unha exposición permanente composta dunha ducia de esculturas de artistas internacionais, que foron invitados a desenrolar un proxecto específico para a Illa. De aí que este lugar sexa coñecido como A Illa das Esculturas. Os artistas e as esculturas aquí expostas son:

- Ceo Acurtado de Giovanni Anselmo
- Xaminorio Xunquevenes Abay, de Enrique Velasco
- Menhir, de Ulrich Rückriem
- A Casiña, de José Pedro Croft
- Bancos de Pedra, de Jenny Holzer
- Pyramid, de Dan Graham
- Os 36 Xustos, de Fernando Casas
- Petrarca, de Ian Hamilton Finlay
- Saavedra, de Francisco Leiro
- Unha Folie, de Anne e Patrick Poirier
- Liña de Pontevedra, de Richard Long
- Labirinto de Pontevedra, de Robert Morris
- Memoria do Río, de Fernando Casas

Ademais de ser un paraxe natural e cultural, é un espazo moi concorrido con fins deportivos, tanto a nivel individual como profesional, e hai tres percorridos sinalados na illa por ser os máis utilizados polos pontevedreses.

Percorrido “Do Covo”

- Distancia 1.872 metros
- Cor de sinalización: Vermello
- Sentido da marcha: Circular comezando de Sur a Norte xunto ao río Lérez



Percorrido “Da Illa”

- Distancia de 1.584 metros
- Cor de sinalización: Azul
- Sentido da marcha: comeza de Sur a Norte polo interior da Illa do Covo e remata de Norte a Sur polo Paseo Principal



Percorrido “O Millón”

- Distancia 1.000 metros
- Cor de sinalización: Verde
- Sentido da marcha: de Sur a Norte



6.2.1.3 Teatro Principal³⁰

Rúa de Paio Gómez Chariño, 6. 36002 Pontevedra

Emprazado no centro histórico da cidade, trátase dun centro de representación escénica cun aforo de 434 persoas repartido en dúas plantas. O seu escenario, que ocupa 52 metros cadrados, está dotado dunha plataforma móbil. O espazo conta cun falso teito que contribúe a unha mellora acústica.³¹



As representacións teatrais e a música teñen un papel moi importante na programación anual deste espazo, cunha ampla e variada oferta cultural ao longo de todo o ano. Celébranse aquí tamén os plenos da corporación municipal, e o alto grao de ocupación ao longo do ano vén dado tamén por ser cedido, de xeito gratuito, a entidades culturais,

²⁹ Fotografía de: <https://revistatierrapontevedra.com/pontevedra/illa-das-esculturas-min>

³⁰ Fotografía de: <https://turismoriasbaixas.com/gl/recursopan1?content=280377668>

³¹ Terras de Pontevedra. [data de consulta:07/09/2021]

<https://terrasdepontevedra.org/es/patrimonio/teatro-principal-de-pontevedra/>

veciñais, educativas ou deportivas. O Teatro Principal convértese así na gran sede cultural do centro histórico de Pontevedra.

Táboa 63. Detalle dos espazos do Teatro Principal

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Escenario e patio de butacas	1	434	52,00
	1	434	52,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Pontevedra

6.2.1.4 Casa da Luz³²

Praza da Verdura s/n. 36002 Pontevedra



No antigo matadoiro municipal, instalouse a finais do século XIX a primeira fábrica de luz. Foi así Pontevedra a primeira urbe galega con iluminación pública, no ano 1888. Pero a instalación era cara, e ademais de pagar o recibo mensual, os aboados tiñan que costear a instalación.³³

Producíronse ademais numerosas protestas veciñais polos ruídos que xeraba a fábrica. En 1909 a vella central foi retirada a unha nova sede. Dende este momento, foron moi diversos os usos da entón Casa da Luz, dende mercado cuberto a xulgados, local para bailes públicos, caixa de aforros e ata sede da Policía Local, entre outras.

Na actualidade atópanse na planta baixa do edificio as dependencias de Turismo de Pontevedra, que comparten espazo coas exposicións ou eventos que alberga o inmovble. Na primeira planta sitúase o servizo de Promoción Económica, adicado a apoiar os proxectos emprendedores que se crean na cidade. A Casa da Luz conta con outras dúas plantas que están a disposición das asociacións que as solicite: a Sala dos Bolechas está situada no soto do edificio e é escenario de conferencias, cursos ou presentacións.³⁴

Táboa 64. Detalle dos espazos da Casa da Luz

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Espazo de exposicións / Peceira	1	116	174,00
Sala Bolechas	1	55	83,00
	2	171	257,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Pontevedra

6.2.1.5 Casa Azul

Rúa Sor Lucía, 4. 36001 Pontevedra

A chamada casa azul é un edificio sito no casco histórico da cidade, cuxa titularidade ten o Concello de Pontevedra. É a sede dalgunhas organizacións municipais, como a Oficina de Información Xuvenil ou a Oficina de Benestar Social Municipal. E outras non municipais, entre as que se atopan a Fundación Meniños, Manaia, asociación galega de axuda á adopción, ou a Fundación Secretariado Xitano entre moitas outras.



Táboa 65. Detalle dos espazos da Casa Azul

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Sala Almofrei	1	87	130,68
Sala Gafos	1	67	99,97
Sala Granda	1	57	85,16
Sala Liñares	1	32	47,34
Sala Rons	1	36	53,68
Sala Pontillón	1	32	48,12
Sala Valdecorvos	1	36	54,64
	7	347	519,59

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Pontevedra

³² Fotografía de: <https://www.paxinasgalegas.es/casa-do-turista-casa-da-luz-233803em.html>

³³ Terras de Pontevedra. [data de consulta:07/09/2021] En: <https://terrasdepontevedra.org/es/patrimonio/casa-da-luz-pontevedra/>

³⁴ Terras de Pontevedra. [data de consulta:07/09/2021] En: <https://terrasdepontevedra.org/es/patrimonio/casa-da-luz-pontevedra/>

6.2.1.6 Pazo Mugartegui

Praza da Pedreira s/n. 36002 Pontevedra

Construído durante os séculos XVII e XVIII, O Pazo Mugartegui³⁵ é un precioso exemplo de arquitectura urbana barroca³⁶. Atópase na Praza da Pedreira, que recibe este nome pola actividade de talla en pedra dos canteiros da cidade.

O pazo forma parte dun conxunto que inclúe a propia praza e o gran arco de Casa da Serra, que permite o paso cara a rúa de César Boente.

O máis destacado deste edificio barroco, é o pórtico de sete arcos, soportado sobre pilastras e columnas exentas. Así como o coroaemento central da fachada, cunha labra heráldica que remata en arco semicircular no que se atopa un reloxo de sol fabricado en pedra. A labra heráldica, tamén de corte barroco, leva o escudo de armas das familias Figueroa, Araújo, Miranda e Quirós.

Durante os anos 50 do século XX, serviu de local á Academia de Estudos Jovellanos. No presente é propiedade do Concello de Pontevedra. Esta entidade realizou unha rehabilitación e restauración executada polo arquitecto Jesús Aser Fole. Foi así restaurado como espazo de exposicións, conferencias e concertos. No seu interior atópase a sede do Consello Regulador do viño da Denominación de Orixe Rías Baixas, cun museo do viño na súa planta baixa. Os seus salóns son utilizados en actos protocolarios, culturais e sociais do Concello de Pontevedra. Foi inaugurado para estas novas funcións en marzo de 2001.³⁷



Táboa 66. Detalle dos espazos do Pazo de Mugartegui

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Salón Noble	1	103	76,00
	1	103	76,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Pontevedra

³⁵ Fotografía de: <https://www.viajargalicia.com/pontevedra/pontevedra/pazo-de-mugartegui>

³⁶ Terras de Pontevedra. [data de consulta: 07/09/2021] En: <https://terrasdepontevedra.org/es/patrimonio/pazo-de-mugartegui/>

³⁷ Terras de Pontevedra. [data de consulta: 07/09/2021] En: <https://terrasdepontevedra.org/es/patrimonio/pazo-de-mugartegui/>

³⁸ Fotografía de: <https://www.destino.gal/es/centro-de-interpretacion-das-torres-arcebispa-pontevedra>

6.2.1.7 Centro de Interpretación das Torres Arzobispais³⁸

Rúa de Mestre Mateo, 1. 36002, Pontevedra

O Centro de Interpretación das Torres Arzobispais (CITA), permite coñecer máis sobre o que foi un dos monumentos máis emblemáticos da historia de Pontevedra, xunto coa ponte medieval e a basílica de Santa María.³⁹



No ano 2007, nas obras da reforma urbana na avenida de Santa María, apareceron os restos da fortaleza que hoxe en día pódense visitar no CITA, centro que foi inaugurado en 2010, tras dous anos de escavacións. O CITA sitúase na rúa Mestre Mateo, no contorno das prazas de España e de Santa María, e o único elemento en superficie da mesma é a propia entrada, a modo de boca de metro acristalada. O visitante dispón de rotulacións en Braille, e os audiovisuais están en galego, español, inglés, francés, e unha versión subtitulada para persoas con discapacidade auditiva.

Táboa 67. Detalle dos espazos do CITA

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Centro de Interpretación das Torres Arzobispais	1	25	715,00
	1	25	715,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Pontevedra

6.2.1.8 Sede Santa Clara⁴⁰

Praza José Martí, 3º andar. Pontevedra

O programa Redeira PO2 é unha iniciativa de Promoción da Cidade do Concello de Pontevedra que busca crear redes entre persoas e construír un espazo de pensamento mediante a mobilización da cidadanía, o mundo da empresa e a educación. Neste contexto o programa ten un papel importante en materia de igualdade, pois



³⁹ Destino.gal [data de consulta: 08/09/2021] <https://www.destino.gal/es/centro-de-interpretacion-das-torres-arcebispa-pontevedra>

⁴⁰ Fotografía de: <https://www.diariodepontevedra.es/articulo/pontevedra/dez-empresas-presentan-ofertas-reformar-edificio-santa-clara/202104261658361138332.html>

dentro desta dinámica busca tamén crear cursos de formación e redes de apoio expresamente pensadas para mulleres dos sectores máis afastados do movemento laboral e social da cidade, como aquelas adicadas exclusivamente ao traballo doméstico. Neste contexto, a transformación do edificio municipal Santa Clara, rebautizado xa como Redeira, busca ser a sede deste novo programa. Xa está instalado neste edificio o Centro de Información á Muller (CIM), e o plan das concellerías de Igualdade e de Promoción da Cidade é destinar o Redeira integramente para atención á muller, e que, aínda que o proxecto Redeira é aberto a toda a cidadanía, Terán unha consideración especial as usuarias do CIM.

Táboa 68. Detalle dos espazos da Sede Santa Clara (Redeira)

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Espazo planta 1	1	35	78,00
Espazo planta 2	1	35	78,00
Espazo planta 3	1	35	78,00
	3	105	234

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Pontevedra

6.2.1.9 Local de Música

Rúa Otero Pedraio, s/n, 36003 Pontevedra

O Local de Música⁴¹ é un centro sociocultural público que depende do Departamento de Xuventude do Concello de Pontevedra. O uso máis demandado deste local é o de ensaio, pois dispón de tres salas de ensaio totalmente equipadas. Tamén poden gravarse ensaios ou maquetas e ata recibir formación específica sobre gravación musical, produción de eventos, comunicación ou márketing, entre outras.



O concepto do Local de Música evolucionou constantemente dende que abriu. Nun comezo atendeuse á necesidade da mocidade de dispoñer de espazos gratuítos e abertos para facer música, encontrarse e reunirse. O día a día do Local virou este concepto para

consolidarse como un centro sociocultural musical. Esta nova visión levou a reconsiderar os usos e actividades do espazo.

Táboa 69. Detalle dos espazos do Local de Música

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Local de ensaio 1	1	15	30,20
Local de ensaio 2	1	15	35,91
Sala de gravación	1	15	31,16
Sala de estar	1	20	36,87
Control mezclas	1	3	11,13
	13	68	145,27

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Local de Música

⁴¹ Fotografía de: <https://pontevedraviva.com/xeral/36312/boe-anuncia-licitacion-local-musica-pontevedra-375000-euros/?lang=es>

6.2.1.10 Centros culturais

O Concello de Pontevedra, buscando favorecer un desenvolvemento urbán sustentable e facilitar a acción de transformación urbana, económica, medioambiental, cultural, social e de modelo de goberno da cidade⁴², leva a cabo un plan de centralidade parroquial, orientado á renovación de diversas infraestruturas coa finalidade de poñer en valor varios espazos públicos, contribuír á rehabilitación urbana, e levar o seu modelo de cidade tamén aos núcleos das parroquias⁴³.

Neste contexto destaca a remodelación e restauración que se está levando a cabo en diversas parroquias do concello, baixo o nome de “núcleo de centralidade”, o proxecto busca a posta en valor de edificios públicos, casas e centros culturais, que funcionan como centro neurálxico de moitas destas parroquias, que alén de pertencer ao concello de Pontevedra, teñen as súas propias particularidades urbanísticas e sociais.

A remodelación destas áreas parroquiais céntrase na revalorización das casas da cultura. Nalgúns casos, como o da parroquia dos Campos, está sendo acondicionada na que foi a casa de mestres, ao lado da antiga escola unitaria.⁴⁴ O novo local dispón de todos os servizos para levar a cabo actividades, cursos, exposicións e calquera uso que lle queira dar a asociación de veciños⁴⁵.

Outro exemplo desta reactivación económica e social das parroquias pontevedresas, é a posta en marcha do proxecto na parroquia de Marcón, que estreará o seu “núcleo de centralidade” no ano 2022. O novo centro social establecerase no chamado Lugar de Pazos, na contorna da casa da igrexa e o campo da festa.



Fotografía: <https://www.farodevigo.es/>

Neste caso, o proxecto terá en conta tamén os camiños que comunican os lugares de Sabarís, Valadares, Marcón e O Carrasco, creando itinerarios peatonais que conecten os distintos núcleos neurálxicos da zona. Con este proxecto, Marcón será a vindeira parroquia pontevedresa en contar cun núcleo de centralidade, a aposta do concello para levar o modelo urbán máis aló do centro⁴⁶.

Outro novo proxecto, cuxo deseño é un dos máis vanguardistas do municipio, é o novo centro social de A Canicouva, a parroquia máis pequena de Pontevedra e unha das máis afastadas do centro urbán. O concello coidou moito o deseño neste tipo de espazos de convivencia, dende o teleclube de Lárez ao centro social de Santa María de Xeve, a casa verde de Tomeza, ou a reforma do antigo mercado de Lourizán, por citar algún exemplos⁴⁷.



Fotografía: <https://www.lavozdegalicia.es/>

30
CENTROS
CULTURAIS

5.226
m² DE
SUPERFICIE

⁴² +modelo Pontevedra. [data de consulta: 07/09/2021] En: <https://maismodelo.pontevedra.gal/>

⁴³ +modelo Pontevedra. [data de consulta: 07/09/2021] En: <https://maismodelo.pontevedra.gal/centralidade-parroquial-de-tomeza-completa/>

⁴⁴ La Voz de Galicia. [data de consulta: 07/09/2021] En: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/pontevedra/2021/04/16/os-campos-sumara-breve-red-centros-sociales-pontevedra/0003_202104P16C3991.htm

⁴⁵ La Voz de Galicia. [data de consulta: 07/09/2021] En: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/pontevedra/2021/04/16/os-campos-sumara-breve-red-centros-sociales-pontevedra/0003_202104P16C3991.htm

⁴⁶ Canal Rías Baixas. [data de consulta: 07/09/2021] En: <https://www.canalriasbaixas.com/2021/03/25/pontevedra-proxecto-o-nucleo-de-centralidade-de-marcon-na-contorna-da-casa-da-cultura/?cn-reloaded=1>

⁴⁷ La Voz de Galicia. [data de consulta: 09/09/2021] En: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/pontevedra/2021/04/01/joyita-arquitectonica-corazon-canicoiva/0003_202104P1C4991.htm

Na actualidade, o concello de pontevedra conta con trinta centros socioculturais cun aforo total que podería dar cabida a máis de 4.100 persoas, en máis de 5.000 m², que funcionan como núcleos dinamizadores da actividade sociocultural destes lugares.


Táboa 70. Centros culturais no Concello de Pontevedra, 2021

Nº	Centro Cultural	Superficie (m ²)	Aforo
1	CENTRO SOCIAL DEVESA-ALBA	85	78
2	CENTRO SOCIAL E CULTURAL DE SABARÍS	63	64
3	LOCAL SOCIAL DE SANTA MARÍA DE XEVE (ANTIGO CONCELLO)	65	45
4	CENTRO CULTURAL ETNOGRÁFICO DE SANTA MARIA DE XEVE	247	194
5	CENTRO SOCIAL DE FRAGOSO	100	87
6	CENTRO SOCIAL DE CERPONZÓNS	175	152
7	TELECLUBE DE CAMPAÑÓ	115	86
8	CENTRO CULTURAL DE CAMPAÑÓ	479	372
9	LOCAL SOCIAL DE REIRIZ-ALBA	56	57
10	TELECLUBE SANTO ANDRÉ DE XEVE	141	135
11	CENTRO CULTURAL DE MONTE PORREIRO	425	273
12	CENTRO CULTURAL DE LÉREZ	311	247
13	CENTRO CULTURAL PIO BORA	230	199
14	CENTRO SOCIAL O BURGO	228	117
15	CENTRO CULTURAL SALCEDO EDIFICIO NOVO	62	47
16	CENTRO CULTURAL DE CONS-MOURENTE	121	64
17	CENTRO CULTURAL SAN ROQUE	118	119
18	FEDERACIÓN DE VECIÑOS CASTELAO	70	40
19	CENTRO CULTURAL LESTE	216	144
20	CENTRO SOCIAL DE O GORGULLÓN	166	134
21	CENTRO SOCIOCULTURAL DA CORTICEIRA	94	96
22	CENTRO CULTURAL CENTRO SUR	248	251
23	CENTRO CULTURAL DE PONTEMUIÑOS	164	141
24	CENTRO SOCIAL DE SALCEDO CASA VERDE	229	205
25	LOCAL SOCIAL DE SALCEDO	70	50
26	CENTRO SOCIAL DE TOMEZA	80	59
27	CENTRO CULTURAL DE ESTRIBELA	320	229
28	CENTRO CULTURAL DA CANICOUVA (ANTIGO PREESCOLAR)	126	127
29	LOCAL SOCIAL DE CACHEIRO	100	50
30	CENTRO CULTURAL E SOCIAL DE PONTE SAMPAIO	322	241
		5.226	4.103

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Concello de Pontevedra

*Pertence á Federación de veciños

Figura 67. Mapa xeolocalizado dos centros culturais no Concello de Pontevedra, 2021



Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Concello de Pontevedra

Táboa 71. Detalle dos espazos dos Centros Culturais do Concello de Pontevedra

Centro Cultural	Superficie (m²)	Aforo
CENTRO CULTURAL CENTRO SUR	248	251
Aula	54	55
Sala alalá	161	162
Sala aturuxo	33	34
CENTRO CULTURAL DA CANICOUIVA (ANTIGO PREESCOLAR)	126	127
Sala polivalente	126	127
CENTRO CULTURAL DE CAMPAÑÓ	479	372
Cociña	24	3
Sala 1	41	9
Sala 2	42	9
Sala 3	16	4
Sala 4	15	4
Sala polivalente planta baixa	207	208
Sala polivalente, planta semisoto	134	135
CENTRO CULTURAL DE CONS-MOURENTE	121	64
Sala cursos	73	15
Sala de reunións	48	49
CENTRO CULTURAL DE ESTRIBELA	320	229
Sala 1	40	9
Sala 2	34	7
Sala 3	45	10
Sala polivalente planta alta	71	72
Sala polivalente planta baixa	130	131
CENTRO CULTURAL DE LÉREZ	311	247
Bar planta baixa	84	57
Sala 1	47	32
Sala 2	42	29
Sala de reunións	20	14
Sala polivalente soto	108	108
Terraza bar planta baixa	10	7
CENTRO CULTURAL DE MONTEPORREIRO	425	273
Sala 2 de costura	34	7
Aula recuperación 1	39	20
Aula recuperación 2	17	9
Biblioteca	64	33
Sala 1 de Pintura	34	7
Sala de comparsas	34	7
Sala polivalente	161	162
Sala taekwondo da planta semisoto	42	28
CENTRO CULTURAL DE PONTEMUÍÑOS	164	141
Aula	28	20
Sala de reunións	49	33
Sala polivalente	87	88
CENTRO CULTURAL E SOCIAL DE PONTESAMPAIO	322	241
Biblioteca	37	19
Cafetería	21	15
Sala de actividades	22	16
Sala polivalente da planta baixa	83	84
Sala polivalente planta alta	159	107
CENTRO CULTURAL ETNOGRÁFICO DE SANTA MARIA DE XEVE	247	194
Cafetería	34	23
Sala de exposicións da planta baixa	63	32
Sala de inglés	35	24
Sala polivalente do semisoto	115	115
CENTRO CULTURAL LESTE	216	144
Sala de costura e pintura	53	11
Sala de informática	19	14
Sala de lectura	56	29
Sala polivalente	88	90

Centro Cultural	Superficie (m²)	Aforo
CENTRO CULTURAL PIO BORA	230	199
Aula, Planta alta edificio 1	56	57
Aula, planta baixa edificio1	36	25
Sala de reunións, planta alta edificio 2	65	44
Sala Polivalente, planta baixa, edificio 1	73	73
CENTRO CULTURAL SALCEDO EDIFICIO NOVO	62	47
Sala polivalente	62	47
CENTRO CULTURAL SAN ROQUE	118	119
Salón	118	119
CENTRO SOCIAL DE CERPONZÓNS	175	152
Biblioteca	51	26
Sala polivalente da planta alta	51	52
Sala polivalente da planta baixa	73	74
CENTRO SOCIAL DE FRAGOSO	100	87
Sala de reunións	46	32
Sala polivalente	54	55
CENTRO SOCIAL DE O GORGULLÓN	166	134
Aula	28	19
Sala de lectura	25	13
Sala de xogos	23	12
Sala polivalente	90	90
CENTRO SOCIAL DE SALCEDO CASA VERDE	229	205
Aula 1	27	19
Aula 2	28	19
Aula 3	26	18
Sala polivalente	148	149
CENTRO SOCIAL DE TOMEZA	80	59
Cociña	25	3
Sala polivalente	55	56
CENTRO SOCIAL DEVESA-ALBA	85	78
Cociña	9	1
Sala polivalente	76	77
CENTRO SOCIAL E CULTURAL DE SABARÍS	63	64
Sala polivalente	63	64
CENTRO SOCIAL O BURGO	228	117
Cociña	6	1
Sala 1	86	87
Sala 2 obradoiros	56	12
Sala 3 obradoiros	80	17
CENTRO SOCIOCULTURAL DA CORTICEIRA	94	96
Sala polivalente planta alta	44	45
Sala polivalente planta baixa	50	51
FEDERACIÓN DE VECIÑOS CASTELAO	70	40
Sala	70	40
LOCAL SOCIAL DE CABANAS	70	50
Sala	70	50
LOCAL SOCIAL DE CACHEIRO	100	50
Sala	100	50
LOCAL SOCIAL DE REIRIZ-ALBA	56	57
Sala polivalente	56	57
LOCAL SOCIAL DE SANTA MARÍA DE XEVE (ANTIGO CONCELLO)	65	45
Biblioteca	39	27
Clube de lectura	26	18
TELECLUBE DE CAMPAÑÓ	115	86
Sala costura	8	6
Sala polivalente	107	80
TELECLUBE SANTO ANDRÉ DE XEVE	141	135
Sala de reunións	23	16
Sala polivalente	118	119
Total xeral	5.226	4.103

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Concello de Pontevedra

6.2.2 Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra achega subvencións e apoio a diversas actividades culturais, eventos, cursos e foros encamiñados á dinamización da cultura e tamén do uso do galego, para fomentar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico.

Tamén mantén outra liña de colaboración cos concellos, para a creación e o mantemento de servizos de normalización lingüística, así como a recuperación e rehabilitación do patrimonio histórico – cultural da provincia e a súa sinalización. Dende a Deputación tamén realizan exposicións itinerantes e concursos de artes plásticas, canle de promoción para todas as persoas artistas, sen límite de idade e en calquera disciplina artística.

Táboa 72. Detalle das infraestruturas da Deputación de Pontevedra

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Arquivo da Deputación	3	58	236,30
Centro Príncipe Felipe	3	638	1.278,00
Edificio Administrativo	3	103	208,00
Edificio Castelao	6	1.182	5.219,00
Edificio Castro Monteagudo	2	95	380,00
Edificio Fernández López	1	24	210,00
Edificio García Flórez	3	125	510,00
Edificio Sarmiento	2	200	1.400,00
Pazo Provincial	3	225	450,00
Ruínas de Santo Domingo	1	50	400,00
	30	2.866	10.624,30

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra

6.2.2.1 Pazo Provincial

Avda. Montero Ríos, s/n 36071 Pontevedra.

A sede principal da deputación de Pontevedra⁴⁸, atópase na Avenida Montero Ríos, próxima á casa consistorial e ao instituto Valle Inclán. As oficinas da deputación estiveron ata 1890 no que hoxe é o Ministerio de Facenda, e anteriormente o convento de San Francisco.⁴⁹

Ante a necesidade de ter un edificio propio, leváronse a cabo as negociacións co concello para adquirir o terreo. Os arquitectos Alejandro e Domingo Sesmero levarán a cabo, en 1883, o proxecto para este novo edificio da Alameda.



Na planta baixa hai unha superficie adicada a vestíbulo, cun gran distribuidor no centro e unha ampla escalinata que se abre en dous brazos para acceder á parte superior, onde atopamos un amplo relanzo que serve de acceso ao Salón Noble, que ocupa o centro do edificio.⁵⁰

A fachada secciónase en cinco corpos que combinan varios estilos, e cuxo corpo central presenta unha ampla entrada con tres portas con arcos de medio punto con medias columnas de estilo xónico, con fustes estriados e base clásica. Na parte superior atópase un balcón corrido que percorre o edificio en forma de cornixa. Perpendiculares ás catro columnas inferiores hai outras catro que dan marco ás tres portas do salón Noble, e tres claraboias sobre as súas tres portas, que cubrirán o espazo que da arranque ao frontón que coroa a fachada, co escudo provincial no centro. Os corpos laterais da fachada rematan en corpos circulares, e nos seus ventanais superiores colócanse pilastras estriadas de orde xónico, que equilibran o conxunto da fachada. A base do edificio levántase nunha boa altura que permite unha ampla escaleira corrida en todo o corpo central.⁵¹

Táboa 73. Detalle dos espazos do Pazo Provincial

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Vestíbulo principal	1	110	220,00
Sala Xuntas	1	25	50,00
Salón plenos	1	90	180,00
	3	225	450,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra

⁴⁸ Fotografía de: <https://www.depo.gal/es/pazo-provincial>

⁴⁹ Deputación Pontevedra. [data de consulta: 12/09/2021] En: <https://www.depo.gal/es/pazo-provincial>

⁵⁰ Deputación Pontevedra. [data de consulta: 12/09/2021] En: <https://www.depo.gal/es/pazo-provincial>

⁵¹ Deputación Pontevedra. [data de consulta: 12/09/2021] En: <https://www.depo.gal/es/pazo-provincial>

6.2.2.2 Edificio Administrativo

Avda. Montero Ríos, s/n 36071 Pontevedra.

O edificio administrativo⁵² da Deputación de Pontevedra sitúase na Avenida de Montero Ríos e alberga os seguintes servizos: Asistencia intermunicipal, cooperación, promoción do Emprego e desenvolvemento local, igualdade, infraestrutura e vías provinciais, novas tecnoloxías e servizos lingüísticos.



Táboa 74. Detalle dos espazos do Edificio Administrativo

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Aula CEMIT	1	47	95,00
Aula informática	1	14	29,00
Salón actos	1	42	84,00
	3	103	208

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra

6.2.2.3 Arquivo Provincial

Rúa Padre Amodeo Carballo, 1, 36002 Pontevedra

O arquivo⁵³ instálase no desamortizado convento de San Francisco, onde permanece ata o ano 1890, cando se traslada á nova sede do actual Pazo Provincial. No 2005 iniciouse o proceso de restauración completa, para adicar a totalidade do inmoible ás instalacións do servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, e esta nova sede inaugurouse no ano 2008. A parte máis destacable do proxecto de restauración é a fachada, na que salienta a parte central, que se transforma nun corpo transparente e diáfano que combina cobre e pedra, e abre o edificio á cidade.



O proxecto de restauración é obra de José Enrique Pérez-Ardá Criado, e da como resultado unha distribución interna con cinco plantas, con dous sotos de 1.100m2 adicados ao depósito de fondos documentais. Na planta baixa dispóñense un gran patio distribuidor central, algúns despachos e zonas de servizos comúns, coma o salón de usos múltiples.

Nas plantas superiores están as zonas de traballo e consulta das diferentes seccións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico: arquivo, biblioteca e editorial, cada un deles cos seus medios e instalacións inherentes.⁵⁴

Táboa 75. Detalle dos espazos do Arquivo Provincial

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Area de traballo 1	1	10	45,50
Area de traballo 2	1	18	105,95
Sala usos múltiples	1	30	84,85
	3	58	236,30

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra

⁵² Fotografía de: <https://www.depo.gal/-/localizacion-edificio-administrativo-edificio>

⁵³ Fotografía de: <https://www.depo.gal/-/localizacion-patrimonio-documental-e-bibliografico-edificio>

⁵⁴ Deputación Pontevedra [data de consulta: 13/09/2021] En: <https://www.depo.gal/-/localizacion-patrimonio-documental-e-bibliografico-edificio>

6.2.2.4 Palacete das Mendoza⁵⁵

Praza de Santa María, s/n. 36071, Pontevedra

Este edificio acolle actualmente a sede de Turismo Rías Baixas. É un centro de atención e información ao turista, no que se levan a cabo actos de benvinda, presentación, roldas de prensa e outros eventos.⁵⁶ Antes da súa construción, ocupaba este espazo o Castelo medieval dos arcebispos de Santiago, do que unicamente se conservaban dúas torres parcialmente danadas.



O palacete, obra de Alejandro Rodríguez Sesmeros, foi o primeiro inmobile de Pontevedra en contar con auga corrente. Estivo vinculado desde o seu inicio á familia Méndez Núñez, liñaxe moi ligado á cultura, como así estivo tamén o inmobile dende os seus inicios, sendo un centro de reunión de personalidades importantes do momento.

Este palacete, denominado daquela "de Méndez Núñez", pronto pasou a coñecerse polo nome "das Mendoza", en referencia ás fillas de Carmen Babiano, a quen foi cedida a casa por Casto Méndez Núñez. Concepción e María Mendoza seguiron a exercer unha grande influencia na sociedade e cultura da cidade de Pontevedra. Herdaron da súa nai o gusto pola pintura e a música, continuaron cos concertos e faladoiros e converteron así o palacete nun centro cultural e de reunión da sociedade pontevedresa da época.⁵⁷

O edificio caeu no abandono ata mediados dos anos oitenta, cando foi recuperado por Cajamadrid, ata que a deputación de Pontevedra o adquiriu en 2004, cando foi inaugurado como sede de Turismo Rías Baixas.

Táboa 76. Detalle dos espazos do Palacete das Mendoza

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Auditorio	1	32	64,00
Sala de exposicións	1	54	109,00
Vestíbulo principal	1	80	160,00
	3	166	333,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra

⁵⁵ Fotografía de: <https://www.depo.gal/-/localizacion-sede-de-turismo>

⁵⁶ Deputación Pontevedra. [data de consulta: 23/08/2021] En: <https://www.depo.gal/-/localizacion-sede-de-turismo>

⁵⁷ Deputación Pontevedra. [data de consulta: 23/08/2021] En: <https://www.depo.gal/-/localizacion-sede-de-turismo>

6.2.2.5 Museo de Pontevedra⁵⁸

O Museo de Pontevedra foi creado pola Deputación Provincial en 1927. É unha institución pública, sen fins de lucro, ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento. Conta con seis edificios, e a súa misión é conservar, exhibir, investigar e difundir unha ampla colección de obxectos arqueolóxicos, artísticos, históricos e etnográficos; ofrecer exposicións temporais que inclúan pezas en préstamo, e contribuír ao desenvolvemento artístico e cultural da provincia, levando a cabo e participando tamén en actividades de relevancia nacional e internacional.

Ademais de difundir a cultura e as humanidades nos ámbitos de interese galego, español e universal, o Museo realiza unha labor de investigación propia centrada principalmente nos seus fondos, pero tamén en diferentes aspectos da historia da cidade, da provincia ou de Galicia. Ao mesmo tempo colabora noutros programas de investigación e con diferentes institucións.

Ruínas de Santo Domingo⁵⁹

É o edificio máis antigo de todos os que forman o Museo de Pontevedra. O convento de Santo Domingo⁶⁰ foi fundado en torno a 1282. Malia estar ocupado sucesivamente polo cárcere de mulleres, polo hospicio, pola escola de párvulos, ademais doutros puntuais destinos ditados polo Concello, foise deteriorando ata chegar a un estado ruinoso, de xeito que xa en 1846 empregáronse diversos materiais para o pavimentado das rúas. En 1864 é derrubada unha capela e entre 1869 e 1870 o é a parte superior da torre situada na esquina sudoriental. Foi en 1880 cando estaba prevista a demolición completa do edificio, pero a comisión de Monumentos e varios nomes ilustres de Pontevedra, opuxéronse a tal feito e conseguiron frear o plan de derrubamento.



⁵⁸ Museo de Pontevedra. [data de consulta: 26/08/2021] En:

<http://www.museo.depo.gal/museo/mision/ga.01030000.html>

⁵⁹ Ruínas de Santo Domingo. [data de consulta: 15/09/2021] En:

<http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050001.html>

⁶⁰ Fotografía de: <https://www.arteguias.com/convento/conventosantodomingopontevedra.htm>

Salvado da demolición, o conxunto é declarado Monumento Nacional, o que estipula que é a comisión de Monumentos quen debe facerse cargo del, e por medio do Ministerio de Fomento, se diten "as oportunas disposicións para a conservación, decoro e custodia"⁶¹. Foi entón cando a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra propuxo este enclave como a sede primeira do Museo de Pontevedra que se pretendía fundar. A sociedade arqueolóxica solicitou entón colocar alí a arcada da Sala Capitular do antigo convento. Dende aquela fóronse levando a cabo distintas obras de consolidación e mantemento.

Táboa 77. Detalle dos espazos das Ruínas de Santo Domingo

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m ²)
Ruínas	1	50	400
	1	50	400

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra – Museo de Pontevedra

Edificio Castro Monteagudo⁶²

A primeira sede do museo de Pontevedra foi un edificio do século XVIII, levantado por José de Castro Monteagudo, situado no centro histórico da cidade, na praza da Leña, no número 12 da entón chamada rúa de Gregorio Fernández, hoxe Pasantería.⁶³ A restauración foi levada a cabo por Juan Argenti, arquitecto, Francisco Javier Sánchez Cantón e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, que foron os tres integrantes do primeiro Padroado do Museo.⁶⁴



Táboa 78. Detalle dos espazos do Edificio Castro Monteagudo

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m ²)
Planta baixa	1	60	240,00
Planta 1ª	1	35	140,00
	2	95	380

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra – Museo de Pontevedra

O Museo abriu as súas portas ao público o 10 de agosto de 1929, na véspera da festividade da Virxe Peregrina, figurando xa entre as obras expostas nas súas salas algunhas depositadas polo Museo del Prado, do que era subdirector Francisco Javier Sánchez Cantón, quen, en 1940, sería nomeado director honorario do Museo de Pontevedra. As coleccións que iría reunindo o Museo, partían da fidelidade ao seu ámbito pontevedrés, pero deixaban as portas abertas á presenza ou recepción de fondos doutros enclaves, tanto galegos coma foráneos. Así reuniuse a ampla variedade temática e de procedencia que caracteriza, entre outros aspectos, ás coleccións do Museo.⁶⁵

Nas obras de restauración do inmobile tenta influír moi positivamente Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, patrón fundador, que dirixe varias cartas con pormenorizados debuxos ao tamén fundador Francisco Javier Sánchez Cantón, dándolle ideas sobre como el estimaba que se debían levar a cabo as reformas, ideas que na maioría dos casos se tiveron en conta. Así, o primitivo pazo sería obxecto dunha nova remodelación na súa fachada norte, tras a apertura do edificio García Flórez para Museo en 1943, coa conseguinte construción da ponte que comunicaría ambos edificios sobre a rúa Flórez.⁶⁶

Edificio García Flórez⁶⁷

O importante incremento na contía dos fondos do museo, a necesidade de contar tamén cunha biblioteca e cuns arquivos, - documental e gráfico- así como as moitas actividades que dende o seu nacemento viña promovendo o museo, propiciaron a necesidade de ampliar os espazos dispoñibles. Foi por este motivo que en 1943, inaugurouse a nova dependencia do museo, o pazo García Flórez. Este pazo urbano do século XVIII, con pórtico de soportais de tres arcos na súa fachada principal, presenta tamén un grande escudo á altura do segundo andar, flanqueado por dous balcóns que dobran cara as fachadas oriental e occidental do edificio.



⁶¹ Edificio Castro Monteagudo. [data de consulta: 15/09/2021] En: <http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050002.html>

⁶² Fotografía de: <https://www.cityplan.es/puntos-de-interes/museos-798/17648/17648>

⁶³ Edificio Castro Monteagudo. [data de consulta: 15/09/2021] En: <http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050003.html>

⁶⁴ Edificio Castro Monteagudo. [data de consulta: 15/09/2021] En: <http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050004.html>

⁶⁵ Historia do Museo de Pontevedra. [data de consulta: 15/09/2021] En: <http://www.museo.depo.gal/museo/historia/ga.01040001.html>

⁶⁶ Edificio Castro Monteagudo. [data de consulta: 15/09/2021] En: <http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050004.html>

⁶⁷ Fotografía de: <https://www.galiciamaxica.eu/galicia/pontevedra/garciaflorez/>

Un dos últimos usos do edificio, antes de ser adquirido polo museo, foi o de sede da Escola Normal de Mestras entre 1881 e 1930, e nos primeiros anos da década dos trinta, o primeiro andar estivo ocupado pola Escola Graduada de Nenos.

As reformas que se levaron a cabo para a súa adecuación a Museo, foron mínimas na vista exterior do edificio. Construíuse a ponte que une co edificio Castro Monteagudo. A remodelación interior afectou principalmente á división e distribución de espazos, para adaptar este ás necesidades expositivas e administrativas.

A restauración máis complexa deste edificio afrontouse en 1946 na planta baixa, cando se levou a cabo o derrubamento e modificación de varios muros, e a colocación de elementos arquitectónicos de interese histórico – artístico alleos ao edificio. Tamén se modifica e adapta para a instalación da reconstitución da cámara de oficiais da fragata Numancia.

Táboa 79. Detalle dos espazos do Edificio García Flórez

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Planta baixa García Flórez	1	30	130,00
Planta 1ª García Flórez	1	40	160,00
Planta 2ª García Flórez	1	55	220,00
	3	125	510

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra – Museo de Pontevedra

Edificio Fernández López⁶⁸

En 1962 apróbase o proxecto definitivo para unha nova ampliación do museo, coa adquisición do número 10 da rúa Pasantería, o número 8 e o terreo adxunto a esta. Para isto contouse coa contribución económica de José Fernández López, quen da nome ao novo edificio, por decisión unánime do Padroado do Museo.⁶⁹



O edificio de nova planta a base de cantería de pedra, conta cun baixo e dous pisos que forman soportais en parte da fachada principal cara o Edificio Castro Monteagudo. A parte correspondente ao inmovible número 8 recibe un tratamento individualizado, mantendo a liña primitiva na rúa Pasantería e a altura orixinal da súa fachada. O edificio sufrirá unha nova ampliación na década dos noventa coa adquisición do inmovible número 4. Complétase así o proxecto que o benfeitor José Fernández López tiña en mente cando fixo a súa doazón en 1962.⁷⁰

As obras remataron no 2002, e foron acometidas pola Deputación de Pontevedra, en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.⁷¹ Respectáronse as fachadas e o espazo que ocupaba o xardín cara o paseo Antonio Odriozola. Para os novos volumes empregáronse estruturas acristaladas e cobre para a cuberta, compaxinando tradición e modernidade. É neste edificio onde atopamos a biblioteca, a hemeroteca, e os arquivos gráfico e documental⁷². Pode levarse a cabo a consulta dos fondos bibliográficos do museo na sala de investigación, en Rúa Pasantería número 2.

Táboa 80. Detalle dos espazos do Edificio Fernández López

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Sala de investigadores	1	24	210,00
	1	24	210

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra – Museo de Pontevedra

⁶⁸ Fotografía de: <https://turismoriasbaixas.com/gl/recursopan1?content=280393473>

⁶⁹ Edificio Fernández López. [data de consulta: 15/09/2021] En: <http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050007.html>

⁷⁰ Edificio Fernández López. [data de consulta: 15/09/2021] En: <http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050008.html>

⁷¹ Edificio Fernández López. [data de consulta: 15/09/2021] En:

<http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050008.html>

⁷² Segundo esta nova do faro de vigo de 2016 <https://www.farodevigo.es/pontevedra/2016/01/07/museo-reabre-sala-investigacion-tres-16726776.html>

Edificio Sarmiento⁷³

Construído entre 1685 e 1714, seguindo as pautas construtivas do barroco internacional, foi en orixe a sede do Colexio da Compañía de Xesús e dende o ano 1981 é un dos inmobles que compoñen o museo. Ten salas de exposición permanente e tamén o propio claustro serve como zona de exposición dalgunhas pezas. O edificio alberga os fondo arqueolóxicos da Prehistoria e a Antigüidade, e arte medieval ata o século XIII, as coleccións de louza de Sargadelos e cerámica de Pontecesures entre outras pezas.



Foi en 1978 cando o Ministerio de Interior autoriza a cesión do inmovible, para que este sexa utilizado polo Museo de Pontevedra. Inícianse as obras de reparación e acondicionamento do espazo, e en 1981 xa se celebra no claustro una mostra sobre gravados de Goya. A inauguración definitiva lévase a cabo o 11 de agosto de 1984.⁷⁴

Táboa 81. Detalle dos espazos do Edificio Sarmiento

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m ²)
Planta 1ª Sarmiento	1	100	700,00
Planta 2ª Sarmiento	1	100	700,00
	2	200	1.400

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra – Museo de Pontevedra

⁷³ Claustro do edificio antes da súa rehabilitación. Fotografía de: <http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050010.html>

⁷⁴ Edificio Sarmiento. [data de consulta: 13/09/2021] En: <http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050009.html>

⁷⁵ Edificio Sarmiento. [data de consulta: 13/09/2021] En: <http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050009.html>

Sexto Edificio, Edificio Castelao⁷⁵

No soar que antigamente ocupaba a horta da Compañía de Xesús, érguese en 2004 o chamado Sexto Edificio do Museo de Pontevedra. Foi unha obra levada a cabo pola Deputación de Pontevedra, coa colaboración do Ministerio de Cultura e da Consellería de Cultura.

Supuxo para o Museo una ampliación de espazo de dez mil metros cadrados⁷⁶, adicados a salas de exposicións permanentes e temporais, obradoiros de restauración, un auditorio con espazo para dúascentas corenta persoas, e cafetería.

Nas súas salas de exposicións, recóllese a evolución da arte galega dende o gótico ata a actualidade, ademais doutras obras de orixe nacional dende os tempos de Goya ata mediados do século XX.



No ano 2021 a Deputación de Pontevedra anunciou que este Sexto edificio levaría o nome de Edificio Castelao, para rememorar a un dos fundadores do museo, membro do seu padroado e o artista do cal a institución ten máis fondos na colección, á que vén de sumar o álbum *Nós*⁷⁷.

Táboa 82. Detalle dos espazos do Edificio Castelao (sexto edificio)

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m ²)
AUDITORIO	1	242	244,00
Acollida	1	140	285,00
Salas Temporais	1	200	970,00
Planta 1ª Sexto	1	200	1.275,00
Planta 2ª Sexto	1	200	1.275,00
Planta 3ª Sexto	1	200	1.170,00
	6	1.182	5.219

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra – Museo de Pontevedra

⁷⁶ Sexto edificio. [data de consulta: 13/09/2021] En:

<http://www.museo.depo.gal/museo/edificios/ga.01050011.html>

⁷⁷ GC Diario. [data de consulta: 13/09/2021] En: <https://gcediario.com/cultura/161392-el-museo-de-pontevedra-le-da-el-nombre-de-castelao-a-su-sexto-edificio-reparando-asi-una-injusticia-historica/>

6.2.3 Xunta de Galicia

6.2.3.1 Arquivo Histórico Provincial

Casa dos Fonseca, Paseo de Colón, 4, 36002 Pontevedra

O Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra⁷⁸ é un organismo estatal, e a súa xestión está transferida, dende 1989, á Comunidade Autónoma de Galicia. Depende organicamente da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra, e funcionalmente da Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura.⁷⁹



O arquivo municipal ocupa este edificio, chamado Casa dos Fonseca, dende 1960. É unha imponente construción de corte neoclásica, realizada en 1912, que consta de dúas plantas e un ático. A fachada é de sillería labrada, cun pórtico de oito columnas que sosteñen o gran frontón, con dous grifos, un en cada esquina do mesmo.

O edificio foi adquirido en 1955 polo Ministerio de Educación Nacional, para albergar alí o Arquivo Histórico Provincial e a Biblioteca Pública, que compartiron este espazo ata 1996, cando a Biblioteca Pública Provincial mudou o seu emprazamento. A última reforma foi realizada entre 1993 e 1996, e na actualidade está destinado en exclusiva a Arquivo Histórico Provincial.

Táboa 83. Detalle dos espazos do Arquivo Histórico Provincial

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Biblioteca auxiliar e Sala de Consulta	1	25	190,00
	1	25	190,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Arquivo Histórico Provincial

6.2.3.2 Biblioteca Pública Antonio Odriozola

Rúa Alfonso XIII, 3, 36002, Pontevedra

A Biblioteca⁸⁰ forma parte da Rede de Bibliotecas públicas de Galicia, e da rede de Bibliotecas Públicas do Estado. A súa xestión foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia a través da consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Está adicada a Antonio Odriozola Pietas (1911-1987) que naceu en Vitoria, pero levou a cabo gran parte do seu traballo como bibliógrafo e investigador en Pontevedra, onde viviu dende 1964.



Pode facerse referencia a unha Biblioteca Pública de Pontevedra dende 1848, cando recibe os antigos fondos dos mosteiros e conventos extintos tras a desamortización. A súa instalación, nun primeiro momento, era no Instituto Provincial de Segunda ensinanza, en 1849, pero ao longo da súa historia ocupou diferentes sedes. En 1907 ubicouse no pazo provincial, pasando despois ao arquivo da Delegación de Facenda, e posteriormente ao instituto de Ensinanza media, en 1931. En 1960 trasladouse a Rúa Paseo de Colón, onde ocupou a antes coñecida Casa dos Fonseca, xunto co Arquivo Histórico. En 1987 foi levada a rúa Alfonso XIII, o seu emprazamento actual.⁸¹

Táboa 84. Detalle dos espazos da Biblioteca Pública Antonio Odriozola

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Hemeroteca	1	14	50,76
Salón de actos	1	245	209,27
Zona de descanso	1	4	9
Sala de Obradoiros	1	50	60,29
Sala de reunión dos clubs de lectura	1	20	27,05
Sala infantil	1	30	233,59
	6	363	589,96

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Biblioteca Pública Antonio Odriozola

⁷⁸ Fotografía de: <http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-pontevedra/index.html>

⁷⁹ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra [data de comnsulta: 12/09/2021] En: <http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-pontevedra/content/el-archivo/index.html>

⁸⁰ Fotografía de: https://gl.wikipedia.org/wiki/Biblioteca_P%C3%BAblica_de_Pontevedra

⁸¹ Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola. [data de consulta: 12/09/2021] En: https://es.wikipedia.org/wiki/Biblioteca_P%C3%BAblica_de_Pontevedra_Antonio_Odriozola

6.2.3.3 Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia⁸²

Rúa Xeneral Martitegui s/n, 36002, Pontevedra

A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, sita na rúa Xeneral Martitegui Pontevedra, é o único centro da comunidade que imparte estas especialidades, e é o segundo centro máis antigo de España na formación en conservación e restauración. É titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.⁸³



As especialidades ofertadas son:

- Bens arqueolóxicos
- Bens escultóricos
- Bens pictóricos

Táboa 85. Detalle dos espazos da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais De Galicia

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Aula Magna	1	40	143
Aula procedementos	2	20	197,7
Aula restauración-conservación arqueoloxía	2	20	182,35
Aula restauración-conservación escultura	2	20	179,35
Aula restauración-conservación pintura	3	30	268,85
Aulas	2	40	116,3
Aulas taller	4	40	246,4
Bibliotecas	2	7	45,25
Fotografía	1	10	67,95
Informática	1	10	33,2
Laboratorio	1	20	45,85
TIC	1	20	55,1
	22	277	1581,30

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais De Galicia

6.2.3.4 Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga

Av. Virxinia Pereira Renda, 4, 36004 Pontevedra

O conservatorio de música Manuel Quiroga⁸⁴ é unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional. Ten como obxectivo prioritario promocionar una formación musical regrada e de calidade, pero tamén ten un papel dinamizador das actividades musicais, artísticas e culturais.⁸⁵

Este conservatorio é o herdeiro do histórico Conservatorio de Pontevedra, que foi fundado en 1863, polo que é un dos máis veteranos, se non o que máis, dos centros de ensinanza musical, de Galicia. É un referente do ensino musical da provincia, e está integrado na rede pública de conservatorios de titularidade da Consellería de Educación.⁸⁶



Foi en 2004 cando o conservatorio abandona o seu emprazamento no edificio da rúa de Afonso XIII, para trasladarse ás novas instalacións na Avenida Virxinia Pereira Renda, no que nese momento era un barrio periférico, pero que cada vez vai sendo un espazo máis plenamente urbanizado dentro da cidade. O edificio actual comprende un total de 3.200 m² aproximadamente, distribuído en catro andares, aos que se suma aparcadoiro para 26 prazas e xardíns.

Táboa 86. Detalle dos espazos da Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Auditorio	1	2	3,00
Aula de linguaxe musical	1	15	23,00
Aula de música de cámara	1	4	28,66
Aula individual	1	2	15,74
Biblioteca	1	200	256,20
Cabina de estudo	1	1	8,27
Cafetería	1	20	126,40
	7	244	461,27

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga

⁸² Fotografía de: <https://escolaconservacion.gal/profesion/especialidades/>

⁸³ Escola superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. [data de consulta: 13/09/2021] En:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Escola_Superior_de_Conservaci%C3%B3n_e_Restauraci%C3%B3n_de_Bens_Culturais_de_Galicia

⁸⁴ Fotografía de: <https://www.conservatoriommanuelquiroga.gal/instalacions/>

⁸⁵ Conservatorio Manuel Quiroga. [data de consulta: 15/09/2021] En: <https://www.conservatoriommanuelquiroga.gal/instalacions/>

⁸⁶ Conservatorio Manuel Quiroga. [data de consulta: 15/09/2021] En: <https://www.conservatoriommanuelquiroga.gal/>

Oferta educativa:

- Acordeón
- Canto (grao profesional)
- Clave
- Clarinete
- Contrabaixo
- Fagot
- Frauta de bico
- Frauta traveseira
- Guitarra
- Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco
- Óboe
- Percusión
- Piano
- Saxofón
- Trombón
- Trompa
- Trompeta
- Tuba
- Viola
- Viola da gamba
- Violín
- Violoncello

6.2.3.5 Escola Oficial de Idiomas

As Escolas Oficiais de Idiomas son centros públicos pensados para a aprendizaxe de linguas de persoas adultas. De feito, só os cursos da Escola Oficial de Idiomas dan dereito á obtención do único título oficial de idiomas expedido en España, á marxe do ensino obrigatorio e universitario. A de Pontevedra é unha das 11 escolas galegas, dependentes da Consellería de Educación, e forma parte da rede de Escolas Oficiais de Idiomas do estado español⁸⁷. Os idiomas ofertados neste centro son: alemán, francés, inglés, galego, italiano e portugués.

Táboa 87. Detalle dos espazos da Escola Oficial de Idiomas

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Aulas	21	502	1.173,00
Biblioteca	1	30	118,00
Cafetería	1	45	92,00
Salón de actos	1	165	268,00
	24	742	1.651,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Escola Oficial de Idiomas

6.2.3.6 IES Montecelo

O IES Montecelo é un centro de ensinanza secundaria, público e adscrito á rede de centros educativos da Xunta de Galicia. Na súa oferta académica, ademais da ensinanza secundaria obrigatoria, ofrécense tamén diversos ciclos de Formación Profesional, tanto básica como de grado medio ou superior. Nesta oferta compre destacar aqueles da rama artística, que son:

- Formación profesional básica en artes gráficas
- Ciclo Formativo de Grao medio en preimpresión dixital
- Ciclo Formativo de Grao medio en Impresión Gráfica
- Ciclo Formativo de Grao Superior en Deseño e Xestión da Produción Gráfica

Táboa 88. Detalle dos espazos do IES Montecelo

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Biblioteca	1	22	76,00
Cafetería	1	24	131,00
Salón de actos	1	50	64,00
Taller de offset e flexografía	1	22	185,00
Taller de postimpresión e acabamentos	1	22	87,00
Taller de serigrafía e tampografía	1	22	271,00
Talleres de preimpresión	4	80	242,00
	10	242	1.056,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo IES Montecelo

⁸⁷ EOI Pontevedra. [data de consulta: 12/09/2021] En: <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoipontevedra/aescola>

6.2.4 Universidade de Vigo

Cando falamos do campus de Pontevedra, Pertencente a Universidade de Vigo, a miúdo facemos referencia ao chamado Campus de A Xunqueira, onde se atopan catro dos cinco centros universitarios de Pontevedra, estes son: a Escola de Enxeñaría Forestal, (que ademais acolle parte dos servizos administrativos da vicerreitoría do campus de Pontevedra⁸⁸) a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, a Facultade de Fisioterapia e a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, cuxo edificio, dos arquitectos Jesús Irisarri e Guadalupe Piñera, que en 2008, recibiu o premio que outorga o Consello Superior do Colexio de Arquitectos de España á Sostibilidade, Innovación, e Calidade na edificación (SICE)

Ademais destes espazos, a universidade de Vigo posúe en Pontevedra a Facultade de Belas artes, no centro da cidade, así como a casa das Campás, onde se atopa a dirección da vicerreitoría do campus de Pontevedra, así como algúns dos servizos administrativos.

Nas seguintes táboas pode verse o aforo total e as superficies das que dispón a Universidade de Vigo aquí en Pontevedra, e máis concretamente como cada centro ten a súas propias características, destacando de forma pormenorizada aquelas que, en materia de cultura ou patrimonio, poidan ser comentadas dalgúns destes centro de ensinanza universitaria.

Táboa 89. Detalle das instalación da Universidade de Vigo

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Casa das Campás	5	135	415,01
Escola Enxeñaría Forestal	2	352	368,79
Fac. CC Educación e Deporte	1	102	113,21
Fac. CC Sociais e da Comunicación	45	3.470	7.407,53
Fac. Fisioterapia	1	148	145,35
Facultade de Belas Artes	42	1.813	6.443,99
	96	6.020	14.893,88

Fonte: elaboración propia a partir de consultas realizadas aos distintos centros da Universidade de Vigo

6.2.4.1 Casa das Campás

Rúa de Don Filiberto, 9. 36002, Pontevedra

Aínda que a orixe deste edificio non está clara, considérase a construción civil máis antiga e mellor conservada de toda a cidade, e unha construción con trazos característicos do século XV, como as dovelas das tres portas principais, das cales dúas rematan en arco conopial e a outra é plana. Presenta tamén dous escudos heráldicos.



A primeira referencia que existe á Casa das Campás⁸⁹ data de 1587. Cando no lugar que ocupa agora o teatro principal, estaba a igrexa de San Bartolomé o vello, que non tiña campanario, e usábase o carillón da casa das campás, propiedade entón da comunidade beneditina de San Salvador de Lárez, de aí o seu nome. No ano 2000 foi adquirida polo Concello de Pontevedra, coa finalidade de restaurala. Hoxe é a sede da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, quen xestiona este espazo.

Táboa 90. Detalle dos espazos da Casa das Campás

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Aula tecnolóxica	1	20	75,98
Hall	1	20	82,00
Sala de conferencias	1	35	73,74
Sala de exposicións	1	20	49,79
Sala X	1	40	133,50
	5	135	415,01

Fonte: elaboración propia a partir de consultas realizadas aos distintos centros da Universidade de Vigo

⁸⁸ Uvigo. [data de consulta: 10/09/2021] En: <https://novo.uvigo.gal/>

⁸⁹ Fotografía de: <https://docsbarcelona.com/en/venues/casa-das-campas>


6.2.4.2 Facultade de Belas Artes

Rúa de Da Maestranza, 2. 36002, Pontevedra

A facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra⁹⁰, sita no centro da cidade, ubícase no edificio que antigamente ocupaba o cuartel de San Fernando. As obras de remodelación leváronse a cabo entre os anos 1994 e 1995, a cargo do arquitecto pontevedrés César Portela.

As obras supuxeron un cambio importante na consideración do edificio, que deixou de ser un lugar pechado e sombrío para converterse nun lugar aberto e innovador, onde o obxectivo principal da remodelación era dotar as aulas de maior luminosidade.

Dos espazos máis importantes deste centro, destaca o claustro central, onde hoxe se atopa a aula de ESDMGA, e a biblioteca no último andar.



Táboa 91. Detalle dos espazos da Facultade de Belas Artes

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Aula de informática	1	56	117,95
Aula fotografía	1	20	49,65
Aula insonorizada	1	36	42,1
Aulas	15	695	1861,76
Biblioteca	1	108	380,5
Cubo Patio Interior	1	30	172,1
Espazo 01. gravado.	1	20	250
Espazo 04 escultura-debuxo	1	36	190,8
Espazo 05 escultura-debuxo	1	36	200,35
Espazo 06 escultura-debuxo	1	36	197,75
Espazo 17 escultura	1	36	198,08
Espazo 18 debuxo pintura	1	36	199,27
Espazo 19 debuxo pintura	1	36	197,75
Espazo 20 audiovisuais	1	24	53,88
Espazo 21 audiovisuais	1	28	83,45
Espazo 37 taller téxtil	1	25	84,75
Laboratorio fotografía	1	20	90,25
Patio interior	1	265	1058
Platós	2	20	187,45
Salón de actos	1	200	295
Taller aerografía	1	4	43,9
Taller escaiola	1	10	36,7
Taller madeira	1	10	150,5
Taller metal	1	10	143,05
Taller microfusión	1	5	23,3
Taller plásticos	1	6	73,7
Taller serigrafía	1	5	62
Total	42	1.813	6.443,99

Fonte: elaboración propia a partir de consultas realizadas aos distintos centros da Universidade de Vigo

⁹⁰ Fotografía de: https://es.m.wikipedia.org/wiki/Archivo:Pontevedra_capital,_Facultad_de_Bellas_Artes.jpg

6.2.4.3 Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

Campus Universitario da Xunqueira, S/N, 36005 Pontevedra

Esta facultade⁹¹ foi construída no ano 2000, e do seu deseño é responsable o arquitecto José Carlos Arrojo Lois. Xunto coa facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e Belas Artes, é unha das máis numerosas en canto a alumnos, e ademais alberga a biblioteca central do Campus. Nesta facultade ofértanse tres titulacións oficiais: Grado en Publicidade e Relacións Públicas, Comunicación Audiovisual e Dirección e Xestión Pública.



Táboa 92. Detalle dos espazos da Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Aula audiovisual	1	26	88,37
Aula de produción	1	35	96,96
Aula de videoconferencias	1	50	61,61
Aulas	8	954	1.091,73
Aulas de informática	3	120	314,82
Biblioteca Central do Campus	1	340	2.050,00
Cafetería/Comedor	2	292	597,00
Estudo de fotografía	1	25	112,48
Hall planta baixa	1	590	885,26
Laboratorio de son	1	20	73,78
Laboratorios de radio	2	37	203,85
Platós	2	85	210,7
Sala de xuntas	1	60	113,42
Salas de xuntanzas	4	72	144,31
Salón de actos	1	371	462,85
Salón de graos	1	83	107,42
Seminario Post produción	1	18	43,06
Seminarios	13	292	749,92
Total	45	3.470	7.407,53

Fonte: elaboración propia a partir de consultas realizadas aos distintos centros da Universidade de Vigo

6.2.4.4 Outros espazos da Universidade de Vigo

Táboa 93. Detalle dos espazos da Escola de Enxeñaría Forestal

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Salón de actos A	1	176	198,84
Salón de actos B	1	176	169,95
Total	2	352	368,79

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Universidade de Vigo

Táboa 94. Detalle dos espazos da Fac. de Fisioterapia

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Aula Magna	1	148	145,35
Total	1	148	145,35

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Universidade de Vigo

Táboa 95. Detalle dos espazos da Fac. CC Educación e Deporte

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Salón de graos	1	102	113,21
Total	1	102	113,21

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Universidade de Vigo

⁹¹ Fotografía de: csc.uvigo.es

6.2.5 UNED

6.2.5.1 Centro Asociado UNED Pontevedra

A UNED (Universidad Nacional de Educación a Distancia)⁹² é a outra entidade que ofrece ensino universitario na cidade, e o campus de Pontevedra forma parte da chamada rede de campus asociados do Noroeste. A UNED foi creada en 1972, e o primeiro curso da UNED no campus asociado de Pontevedra, foi no 1973-1974.



O centro abriu nos seus inicios na Residencia Virxe Peregrina, e foi en outubro de 1987 cando o centro trasladouse definitivamente á súa actual sede en Monteporreiro, e o edificio, propiedade do Consorcio do Centro, está equipado con todo o necesario para cumprir coa súa labor académica.

Táboa 96. Detalle dos espazos da UNED en Pontevedra

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Aula Magna	1	330	450
Aulas	13	745	910,4
Biblioteca	1	225	663,9
Cafetería	1	60	87,8
Hall	1	394	787,4
Sala de informática	1	50	75,6
Sala de xuntas	1	35	51
Salón de actos	1	230	379
Seminarios	8	160	207,8
Talleres	3	102	160,75
	31	2.331	3.773,65

Fonte: elaboración propia a partir de datos facilitados polo Centro Asociado UNED Pontevedra

6.2.6 Afundación – Obra social Abanca

Dentro do seu proxecto de “Obra Social”, Afundación aposta pola cultura como fonte de coñecemento, e neste contexto leva a cabo actividades en distintos ámbitos culturais. No que respecta ás artes plásticas, Afundación non só conta cunha importante colección de obras, senón que avogan polas exposicións abertas ao público, e por programas de arte e inclusión para artistas emerxentes. No referente ás artes escénicas, levan a cabo ciclos de teatro e espectáculos nas distintas cidades galegas, e tamén en Pontevedra. Tamén son un referente os premios outorgados por Afundación, como o Premio de Poesía Afundación, ou os Premios de Xornalismo Julio Camba e Fernández del Riego, que a entidade outorga cada ano. No que respecta á cidade de Pontevedra, Afundación dispón de dous edificios onde se levan a cabo este tipo de actividades, o Café Moderno, e a Sede Afundación.

Táboa 97. Detalle das infraestruturas de Afundación – Obra Social Abanca

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Café Moderno Afundación	6	300	580,33
Sede Afundación Pontevedra	6	1.017	1.434,18
	12	1.317	2.14,51

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados por Afundación – Obra Social Abanca

6.2.6.1 Café Moderno

Praza de San Xosé, 3, 36001, Pontevedra

No Café Moderno⁹³, acostumaban a reunirse algúns dos intelectuais máis ilustres do galeguismo histórico, como Castelao, Alexandre Bóveda ou Cabanillas. Estes faladoiros xa pertencen a outra época, pero o edificio aínda alberga o café e conserva pinturas de destacados autores galegos da primeira metade do século XX. No exterior do edificio, xusto diante, atópase o Monumento á Tertulia, que recrea as reunións deses importantes intelectuais galegos.



O edificio, de corte modernista, foi construído na Praza de San Xosé, onde antigamente estaba o Pazo dos Gago de Mendoza en 1902. Promovido polo rico nativo de Pontevedra Bernardo Martínez-Bautista Herrera, foi proxectado para albergar un edificio de dúas plantas, con catro apartamentos, incluíndo o do propio promotor, así como o baixo do

⁹² Fotografía de: <http://www.unedpontevedra.com/>

⁹³ Fotografía de: https://www.afundacion.org/es/centros/centro/centro_cultural_afundacion_pontevedra_cafe_moderno

primeiro andar para acomodar alí o Café Moderno. Como curiosidade, compre destacar que no apartamento esquerdo do segundo andar, naceu en 1913 Alejandro de la Sota, gran arquitecto de Pontevedra, e maestro do movemento moderno en España.

Na última rehabilitación do edificio, dirixida por Álvaro Siza, buscouse adecuar os espazos ás necesidades actuais, pero respectando ao máximo o espírito orixinal e a calidade dos materiais, como os espellos e as lámpadas orixinais, os pilares de ferro, o hall de entrada ou a espectacular escaleira de acceso. Actualmente é a sede dun dos centros socioculturais de Pontevedra.

Táboa 98. Detalle dos espazos do Café Moderno

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Cafetería	1	70	104,75
Despacho Noble	1	4	30,11
Sala de exposicións I	1	43	84,40
Sala de exposicións II	1	72	142,36
Sala de xuntanzas	1	5	21,71
Salón de actos	1	106	197,00
	7	300	580,33

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados por Abanca

6.2.6.2 Sede Afundación

Rúa Augusto González Besada, 2, 36001 Pontevedra

Edificio redeseñado polo arquitecto pontevedrés César Portela, buscando combinar modernidade e tradición. Afundación⁹⁴ ofrece a posibilidade de alugar os espazos a entidades públicas e privadas, así como a organizacións non gobernamentais que leven a cabo actividades acorde coa filosofía do centro. Os espazos dispoñibles para alugar son o auditorio, a sala de conferencias, sala de reunión, a sala de consello, as aulas e as salas de exposicións.



Táboa 99. Detalle dos espazos da sede de Afundación

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Aula 5ª planta	1	30	43,78
Escenario, patio de butacas, anfiteatro e patios laterais	1	684	783,70
Sala de conferencias	1	127	158,16
Sala de consellos	1	30	129,76
Sala de reunións	1	12	52,27
Vestíbulo	1	134	266,51
	7	1.017	14.34,18

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados por Abanca

6.2.7 Fundacións

6.2.7.1 Fundación Manuel Moldes

Esta fundación, constituída legalmente no ano 2020, crease para conmemorar a vida e obra de Manuel Moldes, pintor pontevedrés que faleceu no ano 2017. Foi profesor na facultade de Belas Artes, membro da Real Academia Galega de Belas Artes, e un dos fundadores do Grupo Atlántica. A Fundación que leva o seu nome non ten sede na actualidade, pero ocupará un espazo no novo edificio que a Xunta de Galicia ten na Rúa Benito Corbal, será na octava planta, nun espazo de 500 m².

6.2.7.2 Fundación Cuña-Casasbellas, Fabulario Novo -Hipofanías

Rúa de Xerardo Álvarez Limeses, 12, 36001 Pontevedra

Ten como obxectivo reunir, preservar, promover e difundir a obra literaria, artística e social de Manuel Cuña Novás y Jorge Cuña Casasbellas, así como a de todos aqueles autores a eles vinculados, ou afíns por unha ou outra razón. A fundación intentara representar e difundir a obra de ambos poetas, que estivo sempre a favor da liberdade e solidariedade social, conceptos indisolubles da obra de ditos autores. Ademais, a fundación ten por obxecto promover investigación, encontros e todo tipo de actividades que cursen na actividade poética, artística, antropolóxica e filosófica xunto coa sociedade, co fin de contribuír decididamente á promoción das condicións que fagan efectiva a solidariedade humana⁹⁵.

⁹⁴ Fotografía de: https://www.afundacion.org/es/centros/centro/centro_social_afundacion_pontevedra

⁹⁵ Facebook. [data de consulta: 13/09/2021] En: https://m.facebook.com/pg/FundacionCunaCasasbellasFabularioNovoHipofanias/about/?ref=page_internal&mt_nav=0

Táboa 100. Detalle dos espazos da Fundación Cuña-Casasbellas, Fabulario Novo-Hipofanías

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Biblioteca	1	26	90,00
Sala versus	1	49	90,00
	2	75	180,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Fundación Cuña-Casasbellas, Fabulario Novo-Hipofanías

6.2.7.3 Fundación RAC

Rúa Sarmiento, 41, 36002 Pontevedra

A Fundación Rosón Arte Contemporáneo⁹⁶, Fundada en 2007 e considerada de interese galego pola Consellería de Cultura e Deporte, ten como finalidade principal o apoio á arte e á cultura, levando a cabo proxectos e actividades que incentiven a creación artística e a súa difusión. Ademais de ter en depósito unha colección privada de máis de 300 obras, a fundación leva a cabo unha importante labor pedagóxica e formativa, con visitas guiadas á colección, encontros entre estudantes e artistas, e actividades relacionadas coa literatura. Leva a cabo tamén un Programa de Residencias, mediante o cal a fundación invita a artistas procedentes de varios países do mundo para levar a cabo proxectos aquí, na súa sede do centro histórico de Pontevedra⁹⁷.

Táboa 101. Detalle dos espazos da Fundación RAC

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Sala de exposicións planta baixa	1	56	110,55
Sala de exposicións soto	1	34	70,63
	2	90	181,18

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Fundación RAC

6.2.8 Sociedades e outros espazos

6.2.8.1 Casino Mercantil e Industrial

Plaza de Curros Enríquez s/n, 36002, Pontevedra

O 17 de novembro de 1928, foi fundado o Casino Mercantil e Industrial de Pontevedra⁹⁸ grazas a un grupo de comerciantes e industriais pontevedreses. Ao longo dos anos, a sede social ocupou varios locais, ata que ocupou a sede actual no edificio da plaza Curros Enríquez, corazón da zona monumental de Pontevedra.



Durante os séculos XV e XIX, o espazo que hoxe ocupa o edificio do Casino mercantil, estaba ocupado polo Hospital do Corpus Christi, nun conxunto arquitectónico formado tamén por unha igrexa e un cemiterio anexo. Foi derrubado en 1896, e en memoria do mesmo, ergueuse a chamada "Capela das Ánimas"⁹⁹.

Ese mesmo ano, concedeuse a licenza para edificar a Don Saturno Varela, que levantou na planta baixa a emblemática Ferretería Saturno Varela, que permaneceu en funcionamento durante máis dun século. Máis tarde o edificio foi remodelado por unha entidade bancaria dotando ao edificio de elementos modernos e liñas máis vangardistas, sendo adquirido e adaptado posteriormente para levar a cabo as tarefas da sede social do Mercantil, inaugurado o 18 de decembro de 1989.

Táboa 102. Detalle dos espazos do Casino Mercantil e Industrial

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m²)
Sala Celso Emilio Ferreiro	1	8	13,00
Sala Curros Enríquez	1	140	230,00
Sala Eduardo Pondal	1	20	34,00
Sala Emilia Pardo Bazán	1	8	13,00
Sala Rosalía de Castro	1	80	137,00
	5	256	427,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Casino Mercantil e Industrial

⁹⁶ Páxinas galegas. [data de consulta:13/09/2021] En: <https://www.paxinasgalegas.es/fundacion-rac-roson-arte-contemporaneo-236482em.html#gal>

⁹⁷ Fundación RAC. [data de consulta: 15/09/2021] En: <http://www.fundacionrac.org/rac/la-fundacion/>

⁹⁸ Fotografía de: <https://mercantilpontevedra.es/wp-content/uploads/2021/04/Sede-Mercantil-Pontevedra-banner.jpg?id=933>

⁹⁹ Mercantil de Pontevedra. [data de consulta: 15/09/2021] En: <https://mercantilpontevedra.es/mercantil/>

6.2.8.2 Liceo Casino

Rúa Manuel Quiroga, 21, 36002 Pontevedra

A sede social atópase no centro da cidade, na zona monumental de Pontevedra, e comparte edificio co Teatro Principal, aínda que están perfectamente delimitados no seu interior. Conta con tres fachadas, con acceso polas rúas Manuel Quiroga, Don Filiberto e Rúa Tetuán. Esta sede dispón de planta baixa, catro plantas altas e un soto. Ademais desta sede, o liceo Casino¹⁰⁰ dispón tamén do Parque de A Caeira, pero que pertence xa ao concello de Poio.



Táboa 103. Detalle dos espazos do Liceo Casino (sede social)

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m ²)
Cafetería	1	80	125,00
Sala B	1	44	35,00
Sala bridge	1	44	92,50
Sala cartas	1	30	38,00
Sala de exposicións	1	73	185,00
Sala Méndez Núñez	1	36	53,00
Salón Noble	1	168	331,00
	7	475	859,50

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Liceo Casino

6.2.8.3 Praza de Touros

Rúa Nostramo Lourido, s/n, 36001 Pontevedra

A praza de touros de Pontevedra ten unha capacidade para 7.800 persoas e ademais de utilizarse para as festas de corte taurino, tamén é escenario de concertos e actuacións moi diversas. No marco da feira franca, é o lugar onde se levan a cabo algunhas desas representacións históricas, como o chamado torneo medieval.



Táboa 104. Detalle dos espazos da Praza de Touros de Pontevedra

	Nº de espazos	Aforo	Superficie (m ²)
Praza de touros	1	7.800	2.600,00
	1	7.800	2.600,00

Fonte: elaboración propia a partir de consultas realizadas

¹⁰⁰ Fotografía de: <https://www.casinopontevedra.com/>



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

A black and white photograph capturing a vibrant night scene in a city. The sky is filled with the brilliant, starburst patterns of fireworks exploding, with trails of smoke drifting downwards. In the lower right, the illuminated facade and twin towers of a church, likely the Basílica de San Francisco in Lima, stand out against the dark night. The foreground shows the silhouettes of trees and street lamps, with the faint outlines of people gathered in the square. The overall atmosphere is one of celebration and cultural festivity.

7. CULTURA EN MOVIMIENTO

7 CULTURA EN MOVEMENTO

7.1 EVENTOS CULTURAIS E FESTAS TRADICIONAIS EN PONTEVEDRA

7.1.1 Principais eventos culturais e distribución anual

Dentro do marco do sector cultural de Pontevedra, compre falar dalgunhas das actividades máis destacadas que, a nivel cultural, estanse a levar a cabo de forma periódica na cidade, dende cine, artes escénicas, música ou literatura, ata proxectos máis ambiciosos que aglutinan varios sectores da actividade cultural, para mostrar a diversidade e a adicación coa que creadores e creadoras culturais da cidade e do resto de Galicia, levan a cabo a súa actividade. Neste contexto, non é casualidade que sexa Pontevedra a Sede de Culturgal, unha das feiras por excelencia do panorama cultural galego, que arrincou en 2007 con éxito, e continúa a ter unha boa acollida anual. Forman parte de Culturgal as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi)¹⁰¹. Aínda que podería considerarse o evento máis destacado do panorama cultural pontevedrés, (cuxa celebración ten lugar no Pazo da Cultura), non é o único, e tanto dende o concello, a deputación ou a universidade, lévanse a cabo moitas outras actividades que compoñen un calendario cultural diverso e de calidade.

O Pazo da Cultura e o Teatro Principal, dependencias do Concello de Pontevedra, son os lugares que acollen moitos destes eventos e actividades que se realizan na cidade. O primeiro é o lugar onde se levan a cabo eventos destacados a nivel autonómico, como a gala de premios Martín Códax da música galega¹⁰², ou O Salón do Libro de Pontevedra¹⁰³, que ten lugar no recinto do Pazo da cultura.

O teatro principal é escenario de ciclos de teatro como Ponteatro ou Domingos do Principal e eventos como Novos Cinemas, un certame cinematográfico orientado á detección, promoción e difusión do talento emerxente¹⁰⁴. No campo do cinema lévanse a cabo outros ciclos ao aire libre como Cinema na Lúa¹⁰⁵ na praza da Pedreira, ou o FLOP Cinema que no marco do Flop Festival leva a cabo varias actividades celebradas entre o parque dos gafos e o Teatro Principal.

Moitos dos eventos xerados neste contexto, propoñen precisamente unha conexión entre os enclaves urbanísticos, a vida social nas rúas e a cultura. No sector musical destacan o festival Sons na Rúa, Surfing the Lerez ou o Galegote Rock, e eventos de pasarrúas como Itineranta¹⁰⁶.

A Deputación, pola súa banda, tamén é responsable organizadora dalgúns dos eventos que se levan a cabo na cidade, sobre todo no que corresponde ao Museo de Pontevedra e os seus edificios, que enmarcados no casco histórico da cidade, son lugar e escenario para diversos eventos ao longo de todo o ano, así como cursos e seminarios, exposicións, ciclos de música, visitas guiadas ou xornadas de formación. No marco destas festividades tamén hai que ter en conta a celebración dos días conmemorativos de ámbito cultural, como o Día das Letras Galegas, o Día Internacional do Libro, o día dos Museos ou incluso o Día da Arte Rupestre, entre outros.

Nese afán por levar a cabo actividades ao aire libre, no marco urbano de Pontevedra, toma importancia toda a programación cultural que ten lugar entre os meses de xuño e agosto, enmarcada nas Festas de Verán, co memorial de Ricardo Portela, A Peregrina ou a Feira Franca como eventos máis destacados.

As prazas e rúas de Pontevedra teñen un papel fundamental no marco das actividades culturais da cidade, moitas destas actividades lévanse a cabo ao aire libre, entre o Palco da Música da alameda, a praza da Ferraría e as míticas prazas do Teucro, Praza da Verdura ou Praza da Leña, xunto coas rúas que as conectan, forman o centro neuráxico de Pontevedra, a nivel cultural e social. Neste contexto, non é casualidade que Pontevedra fose premiada a nivel europeo polo seu modelo de cidade peonil¹⁰⁷.



¹⁰¹ <https://www.culturgal.com/culturgal/que-e-culturgal>

¹⁰² Premios Martín Códax da Música: Pages (premiosmartincodaxdamusica.gal)

¹⁰³ https://salondolibro.gal/edicion2021/Programa_O_SALON_2021.pdf


¹⁰⁴ <http://www.novoscineas.com/gl/novos-cineas-2/>

¹⁰⁵ <https://pontevedraviva.com/cultura/66362/cinema-na-lua-praza-pedreira-a-partires-deste-luns/?lang=es>

¹⁰⁶ Pasarrúas organizado por Troula animación, en colaboración co concello de Pontevedra

¹⁰⁷ <https://pontevedraviva.com/xeral/1821/pontevedra-premiada-nivel-europeo-polo-seu-modelo-cidade-peonil/?lang=gl>

Figura 68. Principais eventos culturais en Pontevedra.



1. Maio, mes da lingua

O servizo de normalización lingüística do Concello de Pontevedra programa diversas actividades dentro do contexto “Maio, mes da lingua” sumándose así aos actos conmemorativos do día das letras galegas.

2. Festas de verán

Multitude de eventos celebrados entre os meses de Xuño e Agosto forman parte da programación anual das festas de verán de Pontevedra que en 2021 levan o lema “o son da rúa”

3. Festas parroquiais

Ao longo de todo o ano celébranse festas propias das distintas parroquias que conforman o Concello de Pontevedra (ver detalle nas últimas páxinas do presente apartado)

Fonte: elaboración propia.

7.1.2 Detalle dos eventos e festas tradicionais segundo o seu ámbito

EVENTOS LITERARIOS

Falamos

Dende 2020

<https://snl.pontevedra.gal/falamos/>

Impulsado pola Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra e a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, o programa “Falamos” busca promover o uso do galego como lingua de socialización entre a comunidade universitaria.




6 DIAS 6 POETAS

Dende 2018

[https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/agenda/ciclo-6-](https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/agenda/ciclo-6-dias-6-poetas-7)

[dias-6-poetas-7](https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/agenda/ciclo-6-dias-6-poetas-7)

A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra leva a cabo durante o mes de marzo este evento no que, ao longo de 6 días, sucédese a chegada de distintos autores e autoras do panorama poético nacional, para recitar as súas obras e falar de poesía nas xornadas, de balde e abertas ao público, que se celebran na Casa das Campás.



Salón do libro Infantil e Xuvenil

Dende 1999

<https://www.salondolibro.gal/>

Este encontro co libro acolle exposicións, obradoiros de escrita, animación á lectura, contacontos e música abertos ao público adulto e aos colexios da comarca.




Día das letras galegas

Dende 1963

<https://academia.gal/letras-galegas/>

O día 17 de maio celébrase, a nivel autonómico, o día das letras galegas, e por motivo deste día, en todas as cidades e municipios de Galicia, sucédense eventos e actividades relacionadas co autor ou autora homenaxeado, e co uso e a defensa da lingua galega. Cada ano adícase este día a un escritor ou escritora de orixe galego, que destacase en vida por escribir en galego, ou pola súa defensa da lingua. É a Real Academia Galega o organismo que decide a quen vai adicado este día cada ano, coa única condición de que a persoa escollida, finara hai polo menos 10 anos.




Maio, mes da lingua

Dende 2005

<https://snl.pontevedra.gal/para-ti/maio-mes-da-lingua/maio-mes-lingua/>

A Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, busca facer visible o traballo a prol da lingua que se leva a cabo tanto desde o Concello como desde diversas entidades do municipio. Busca promover o uso do galego en distintos ámbitos sociais, contribuír a manter viva a lingua e propiciar a reflexión sobre a situación da mesma e a importancia de activar as accións sociais e individuais a prol dela.



Sete falares

Dende 2012

<https://setefalares.eu/>

Festival que avoga pola narración oral en galego e que ten lugar no palco da música da alameda e na praza da Pedreira.



Festa dos libros

Dende 2017

<https://www.facebook.com/festadoslibros/>

Celebración que deu comezo en 2017 arredor do libro e a lectura, con venda de libros, presentacións, recitais poéticos, sinatura de obras e música para tódolos públicos.



Vermú entre libros

Dende 2014

<https://www.librariapaz.com/>

A librería paz organiza o chamado Vermú entre libros, con xornadas literarias repartidas durante todo o ano, que contan coa visita de diferentes autores galegos.



EVENTOS MUSICAIS

Ciclo de butaca

Dende 2009

<http://www.pazodacultura.org/gl-ES/actividades/ciclo-de-butaca-da-bmp--anatomia-poetica2.aspx>

Baixo o nome de ciclo de butaca, recóllense varios dos concertos que a banda Municipal de Pontevedra leva a cabo no Pazo da Cultura




Enreguéifate

Dende 2017

<https://enregueifate.gal/>

Proxecto que dende 2017 apoia a difusión da improvisación oral en verso (regueifa) para contribuír por medio dela á promoción do uso da lingua galega. Iniciativa do Concello de Pontevedra xunto cos concellos de Ames, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo.



Galegote Rock

Dende 2012

<https://www.facebook.com/GalegoteRock>


Festival de música galega promovido pola Concellaría de normalización lingüística do Concello de Pontevedra no marco da iniciativa Cabos Soltos.



Seráns do Conservatorio no Museo.

Dende 2010

O museo de Pontevedra acolle, cada ano, o ciclo de concertos a cargo do profesorado e o alumnado do Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra. Ten lugar á finalización do curso académico do conservatorio.




Surfing the Lérez

Dende 2012

<https://www.facebook.com/SurfingTheLerezFestival/>

O Surfing the Lérez, ademais de ser gratuito, destaca polo seu carácter familiar. Así, multitude de país, nais, fillos e fillas, xúntanse na Illa das Esculturas para gozar xuntos do festival no que, se levan a cabo multitude de actividades para os máis novos e novas.



Sons na Rúa

Dende 2016

<http://www.bandamusicapontevedra.org/eventos/>

Evento que comprende todos aqueles concertos organizados e levados a cabo pola Banda municipal de Pontevedra, no contexto das Festas de Verán, nos meses de xuño, xullo e agosto.



Noites de Música Antiga

Dende 2009


O Museo de Pontevedra leva a cabo nas ruínas de Santo Domingo este ciclo de música que busca recuperar e poñer en valor a música clásica interpretada e levada a cabo con instrumentos antigos e tradicionais.

Memorial de Ricardo Portela

Dende 1999

<https://axenda.pontevedra.gal/eventos/xxi-memorial-ricardo-portela/>

Evento organizado pola asociación de Gaiteiros Galegos, que leva celebrándose máis de vinte anos no marco das Festas de Verán de Pontevedra. Conta coa mostra de Artesáns de instrumentos tradicionais, pasarrúas musicais e concertos.



Festival internacional de Jazz e Blues

Dende 1993

<https://www.jazzpontevedra.com/>


Festival que reúne figuras destacadas na música jazz e blues do panorama internacional dende 1993.



Percu-Sons

Dende 2008

Con este ciclo de música, a Deputación de Pontevedra ofrece concertos gratuítos ao aire libre, que teñen lugar na praza do sexto edificio do Museo de Pontevedra. Toma o relevo do Ciclo de Música no Ar-Co, celebrado dende 2013, e que tiña lugar no entorno do arco que une os edificios Castro Monteagudo e García Flórez, na praza da leña, de aí o seu nome. Esta proposta é diferente e avoga por unha nova localización, a praza do Edificio Castelao.



Gala de premios Martín Códax da música galega

6 de maio 2020

<http://premiosmartincodaxdamusica.gal/>

Premios promovidos pola Asociación Músicas ao Vivo, nacen co obxectivo de dar visibilidade e recoñecer a diversidade e a calidade artística das producións musicais e de todo o sector musical galego. A entrega de premios ten lugar en Pontevedra, no Pazo Mugartegui.



As Matiné

Dende 2017

Música ao vivo para todos os públicos durante todo o ano, con concertos de música en horario matinal, ás 12.30h. Os concertos teñen lugar no Teatro Principal.



Ciclo Voices

Dende 2018

Durante todo o ano, celébranse concertos de música internacional con grandes voces. O ciclo ten lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra.




EVENTOS CINEMATOGRAFICOS

Cine na rúa

Dende 2017

<https://www.pontevedra.gal/publicacions/Festas-VERAN/files/assets/common/downloads/page0018.pdf>

Ciclo de cine celebrado na praza da Pedreira, no marco das festas de verán. Noutros anos co nome de Cinema na lúa, cambia o seu nome a Cinema e estrelas de cara ao programa de festas de 2021. As proxeccións son ao aire libre e de balde.



Amal en Ruta

Dende 2016

<https://www.facebook.com/amalfestival/>

Versión reducida e itinerante do festival de cine euro – árabe que se leva a cabo en Santiago de Compostela. Neste contexto, as obras máis destacadas presentadas na capital galega, chegan a varias cidades no concepto de Amal en ruta, tamén a Pontevedra, cuxa edición ten lugar no mes de setembro, grazas a colaboración de Pontevedra Film Comisión.




NOVOS CINEMAS

Dende 2015

<http://www.novoscineas.com/gl/>

Festival internacional de cine emerxente que nace en Pontevedra para dar a coñecer a creación cinematográfica de novos creadores de todo o mundo. Conta con dúas seccións competitivas, a sección Oficial e Latexos, destinada a dar visibilidade a producións de factura máis frágil e íntima.



DOC DO MES

Dende 2018

<https://docsbarcelona.com/>

Ciclo de cinema documental organizado por Docs Barcelona e que a Vicerreitoría do campus de Pontevedra promove coa colaboración do Concello.



EVENTOS TEATRAIS

Tempada abonos de teatro de afundación

Dende 2014


Na sede de Afundación, en Pontevedra, levan a cabo diversas actividades culturais, entre as que destacan exposicións de arte, conferencias ou ciclos de teatro. Neste último caso, a entidade conta cun abono de oferta anual de teatro en Pontevedra, que ten lugar de xaneiro a maio.

Domingos do Principal

Dende 2008

www.pazodacultura.org

Ciclo de teatro infantil que se leva a cabo no marco das festas de entroido, e que acolle función para todos os públicos no edificio do Teatro Principal de Pontevedra.



Ponteatro

Dende 2013

www.pazodacultura.org

O teatro é unha das grandes apostas do panorama cultural de Pontevedra, baixo este nome, o Teatro principal acolle varias funcións teatrais ao longo de todo o ano.

LGBTIQA+

FLOP Festival

Dende 2015

<https://www.flop.gal/>


No marco do orgullo LGBTIQA+ o Concello de Pontevedra busca promover e visibilizar a diversidade levando a cabo diversas actividades culturais a través da plataforma FLOP (Free Life Orgullo Pontevedra) Entre elas, o FLOP Festival, que ten lugar no parque dos Gafos. Un festival de música para todos os públicos que busca dar visibilidade do colectivo LGBTIQA+.

FLOP Cinema

Dende 2015

<https://www.flop.gal/>

Ademais do Festival, a plataforma FLOP leva a cabo tamén a organización do Ciclo de Cine de temática LGTBIQA+, que ten lugar na praza da Pedreira, e que neste última edición 2021, leva o nome de “Ambienta”



EVENTOS DIVERSOS

Club de Debate

Dende 2010

<https://snl.pontevedra.gal/ensino/club-de-debate/>

O Club de Debate é unha actividade para desenvolver as destrezas orais da lingua en distintos contextos, fomentar o debate e consolidar foros de discusión sobre temas de actualidade e de interese social sobre todo relacionados coa cidade. Busca impulsar o uso oral do galego entre a mocidade, e quere ser un punto de encontro para a xente nova, unha oportunidade para coñecer a súa opinión sobre asuntos que lle afectan realmente e desmitificar a imaxe dunha mocidade pasiva, pouco participativa e pouco implicada nos problemas da sociedade.

AÑA URBANA

Dende 2009

A Aña é un conxunto de ritos e costumes celebradas en torno as labores de labranza do mes de abril. Son diferentes dependendo do lugar, pero todas destacan o traballo colectivo da terra e a execución de ritmos tradicionais tocando en “cavas e leghóns”. En Pontevedra, recuperouse esta tradición grazas a Asociación Cultural Trepia xunto co concello de Pontevedra, no que se levan a cabo numerosas actividades, dende un xantar popular ata unha feira de artesanía, cursos de baile e actuacións musicais.

Semana Galega da Filosofía

Dende 1984

<https://aulacastelao.gal/>

Organizada pola Aula Castelao de filosofía, é un congreso aberto a cidadanía, que avoga polo debate de temas de actualidade, con xornadas nas que se fai unha chamada a reflexión e ao debate dende un punto de vista crítico.

Noites Abertas

Dende 2000

<https://noitesabertas.gal/>

O proxecto tivo o seu inicio nunha necesidade de dispor dunha oferta gratuíta de ocio educativo y construtivo para a xuventude de Pontevedra. Un espazo alternativo para a diversión e o aprendizaxe. Pretendíase optimizar instalación municipais culturais, deportivas e educativas infrautilizadas. Os destinatarios do programa son mozos e mozas de 12 a 30 anos, e o programa conta cun promedio anual de 6.500 participantes

FESTA DOS MAIOS

1 de maio

<https://terrasdepontevedra.org/es/fiestas/os-maios-2/>

Trátase dunha celebración de orixe celta, relacionada coas primeiras flores da primavera. É algo tradicional en toda Galicia e moi especialmente en cidades como Pontevedra e Ourense. Dende 1970, na praza da ferraría de Pontevedra celébrase un concurso de maios, estruturas realizadas con ramas e flores.

Ben Veñas, Maio

Dende 2009

<https://snl.pontevedra.gal/ensino/ben-venas-maio/>

Certame que busca fomentar a creatividade desde o galego na mocidade en ámbitos como a poesía, narración curta, fotografía, banda deseñada ou a música. Poderá participar o alumnado matriculado nos IES e CIFP públicos do concello de Pontevedra segundo as bases establecidas polos ENDL destes centros. Vai dirixido a ESO, bacharelato e ciclos formativos dos centros públicos de Pontevedra.

CABOS SOLTOS

Dende 2019

<https://cabossoltos.pontevedra.gal/>

Nace co obxectivo de impulsar a escena creativa emerxente en Pontevedra, coa intención de activar as salas e os locais de hostalería da cidade.

Festival do apego

Desde 2017

<http://apego.gal/>

É un programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial. O evento en si mesmo lévase a cabo en Santiago de Compostela, pero é un proxecto dos servizos de normalización lingüística de varios concellos, entre os que se atopa Pontevedra, e da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua.

Premios Mil Primaveras CTNL

Dende 2019

<https://milprimaveras.gal/>

Os Premios Mil Primaveras, organizados pola CTNL nacen para recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que procuren pór en valor e fomentar a lingua e incrementar o seu uso e prestixio. En Pontevedra, colaboran a deputación e o concello, e a gala ten lugar no teatro principal de Pontevedra.

EVENTOS DIVERSOS

FESTIXEVE

Dende 2009

Dende 1996, a Asociación Recreativa de Xeve organiza este festival en Xullo, na carballeira de Vilar de Fragoso. Conta non só con actividades musicais, senón tamén con xornadas gastronómicas, así como cantos de taberna, xogos populares, contacontos ou exposicións culturais.

ANIMATRON

Proposta do concello de Pontevedra para ofrecer animación INFANTIL no parque das palmeiras, con obradoiros temáticos, xogos populares e musicais, obradoiros de pintura, maquillaxe... Nas últimas edicións contou coa colaboración de pallaso e home orquestra para amenizar o evento.

Ponte Coqueta

Dende 2016

<https://www.facebook.com/pontecoqueta2016>

O evento Ponte Coqueta ten lugar nas rúas da cidade de Pontevedra para conmemorar os anos vinte. O programa recolle mostras de música e bailes propios dos anos 20 e 30 do século pasado.

Itineranta

Dende 2012

<https://troula-animacion.com/es/itineranta/>

No mes de agosto, no programa das festas de Verán, celébrase este festival adicado a espectáculos de rúa, o único en Galicia destas características, e lévase a cabo polas rúas e prazas do casco histórico de Pontevedra.

FESTA DO DEMO

Dende 2001

<https://www.vigopeques.com/festa-do-demo-en-pontevedra/>

A festa do Demo é un dos eventos máis destacados dentro da actividade para público infantil. O demo pasease polas prazas e rúas de Pontevedra asustando a nenos e maiores. É unha tradición recuperada en 2001, despois de case 50 anos sen celebrarse. Isto non foi doado pola falta de documentación respecto a esta festa, máis alá do libro "Pontevedra, boa vila", onde se recolle un texto de Vicente Risco sobre a festa, o medio máis doado de adquirir información para recuperar a festa, foron as "fontes orais".

Novos valores

Dende 2005

<https://www.depo.gal/es/novos-valores>

O certame Novos Valores, convocado anualmente pola Deputación de Pontevedra, pretende impulsar aos artistas galegos ou a aqueles que residan na Galicia, que poden presentarse con obras orixinais que non foran premiadas con anterioridade. As obras premiadas neste certame, son expostas despois no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, durante 5 meses.

Feira Franca

Dende 2000

<http://feirafranca.pontevedra.gal/>

O primeiro fin de semana de setembro, Pontevedra vístese de vila histórica para celebrar a feira Franca, con representacións históricas de época medieval que van dende o popular torneo medieval, ata os espectáculos de cetraría, tiro con arco, esgrima ou as exhibicións de música e danza.

Festival nas nubes

Dende 2012

<https://m.facebook.com/festivaldasnubes>

Proposta que concentra unha selección de espectáculos das artes escénicas orientadas especialmente a nenas e nenos de 0 a 6 anos e as súas familias (música, danza, teatro, contacontos, obradoiros, xogos,...).

Youtubeiras

Dende 2017

<https://youtubeiras.gal>

Promove a consolidación de referentes en lingua galega que xeran contidos para a rede social Youtube. É unha iniciativa organizada polos servizos de normalización lingüística de: Baña, Ames, Moaña, Negreira, O Grove, Pontevedra, Ribadeo, Santiago, Teo e Rianxo e das Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo e da Deputación da Coruña.

Na beira do río, diálogos na pintura

Dende 2011


<http://www.pazodacultura.org/gl-ES/actividades/inauguracion-exposicion-na-beira-do-rio-dialogos-na-pintura>

A experiencia busca propor á pintura como punto de encontro entre diferentes xeracións. A partir da construción dun diálogo articulado, danse as propostas individuais de artistas que xorden en épocas diferentes, con formacións e situación vitais diversas. O evento ten lugar na sala de exposicións do Pazo da Cultura de Pontevedra.

EVENTOS DIVERSOS

NOITE DOS CALACÚS

A noite dos calacús celébrase na véspera do día de todos os santos, o 31 de outubro na praza da verdura. Neste evento lévanse a cabo obradoiros infantís de decoración con cabazas, seguindo a tradición do samaín.



O mes da memoria

Dende 2013

<https://www.dogrisaovioleta.gal/>


Cada ano, o 12 de novembro, coincidindo co aniversario do asasinato de dez destacados pontevedreses, lévase a cabo unha homenaxe no Teatro Principal, que derivou así na celebración do Mes da Memoria, con actividades complementarias como charlas, visualización de documentais, etc... Unha iniciativa do Concello de Pontevedra que, xunto co programa “A memoria das mulleres,” busca un eixo temático sempre relacionado coas familias de Pontevedra que sufriron a represión e o exilio, centrando tamén a atención na represión que sufriron, máis concretamente, as mulleres.

Culturgal

Dende 2010

<https://www.culturgal.com>

Nace da man da asociación do mesmo nome co obxectivo de facilitar a participación de empresas, creadoras e creadores, profesionais e público e estimular a compra de produtos culturais. A celebración lévase a cabo no Pazo da Cultura de Pontevedra no mes de novembro.




Desfile DEBUT

Dende 2007

<http://www.esdemga.uvigo.es/>

Desfile organizado para levar a cabo a presentación dos proxectos finais dos alumnos do master universitario en deseño e dirección creativa en moda. A exposición de ditos traballos ten lugar no sexto edificio do museo de Pontevedra.




Galicia Magic Fest, Gala Internacional de Ilusionismo

Dende 2016

<https://www.afundacion.org/es/agenda/evento/iii-galicia-magic-fest1>

Os mellores e máis premiados magos do mundo, chegan a Galicia no contexto deste festival organizado por Afundación, baixo a dirección artística do ilusionista Pedro Volta. O evento celébrase no marco das festas de nadal, ten lugar na sede de Afundación e ten a súa correspondente celebración, tamén noutras cidades galegas, como Vigo ou A Coruña.



EN3VISTAS

Dende 2019

Programa de entrevistas poñendo foco en diversas temáticas culturais e sociopolíticas dende unha óptica local



FESTAS

Entroido

O Entroido de Pontevedra, pode considerarse como o entroido urbano máis importante de Galicia. O sábado do entroido é o día das comparsas e disfraces e o venres é o “Enterro do loro Ravachol”, que remata coa incineración do mesmo na praza da ferraría.

San Bieito de Lérez

Interese turístico galego dende 1998

https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/fi-po-000009/festas-de-san-benitino-de-lerez?langId=es_ES

Romaría de corte tradicional celebrada o 11 de xullo, coincidindo co día de San Bieito. Os romeros desprázanse cara o Monasterio de San Benitiño de Lérez ao ritmo das comparsas e bandas de gaitas. Inaugúrase así a tempada de festas de Verán de Pontevedra,

Santiaguíño do Burgo

<https://www.facebook.com/santiaguinodoburgo/>

É unha das festas de barrio máis populares de Pontevedra, na que a procesión vai acompañada de grupos de gaitas e lumes artificiais, seguido dunha importante romaría. É característico tamén a Maratón Popular Santiago Peregrino e os pasarrúas de bandas de gaitas

Peregrina

As festas da Virxe Peregrina, patroa do Camiño Portugués a Santiago, teñen lugar todos os anos na segunda semana de agosto. Durante a semana grande de Pontevedra, que comeza coa lectura do pregón. Celébranse espectáculos musicais, de danza, pirotécnicos e verbenas. O final das festas vén marcada pola denominada “noite folk”, na praza da ferraría.

FESTAS PARROQUIAIS

Figura 69. Programación de festas parroquiais.

No marco das festas e eventos culturais de Pontevedra, é importante mencionar tamén aquelas festas que, de non celebrarse no núcleo urbano, si teñen lugar nalgunha das 16 parroquias que conforman o Concello de Pontevedra. Moitas destas festas responden a unha tradición de marcada orixe relixiosa, coincidindo a festividade en cuestión co santo ou día do patrón ou patroa do lugar en cuestión, se ben non pode negarse a carga cultural e etnográfica das mesmas que funcionan como nexo de unión entre a tradición e a identidade de cada parroquia. Moitas destas festas lévanse a cabo a modo de romarías ou xuntanzas veciñais nas que a música, o baile tradicional e outras manifestacións culturais teñen un papel protagonista.

ALBA

14
Agosto
Festa patronal de Santa María

18
Agosto
San Roque

26
Agosto
Divina Pastora

BORA

21
Xullo
Virxe do Carme e San Roque

26
Agosto
Santa Bárbara e Virxe dos Dolores

*
Setembro
Santa Lucía

CAMPAÑÓ

29
Xuño
Festa Patronal de San Paio

7
Xullo
Festa do Santísimo

17
Setembro
Festa da Virxe dos Dolores

11
Outubro
Festa da nosa señora do Pilar

A CANICOUVA

3
Agosto
Festa Patronal de Santo Estevo (verán)

26
Decembro
Santo Estevo (inverno)

CERPONZÓNS

*
Xuño
Festa Patronal de San Vicente

*
Xuño
Corpus

LÉREZ

11
Xullo
San Bieito

6
Agosto
Festa patronal de San Salvador

LOURIZÁN

6
Xullo
Festa dos Vellos do Regueiriño

30
Novembro
Festa patronal de Santo André

MARCÓN

17
Setembro
Festa dos Dolores Festa do Rosario

25
Setembro
Festa Patronal de San Miguel

MOURENTE

3
Xullo
San Isidro

4
Agosto
Festa de Santa Margarita

14
Agosto
Festa patronal de Santa María

12
Outubro
Virxe do Pilar, San Xosé Santa Bárbara

PONTESAMPAIO

13
Xuño
San Antonio

15
Xullo
Festa patronal "Virxe do Carme"

15
Agosto
Santa María

17
Agosto
Festa de San Roque

14
Setembro
Festa da Virxe do Rosario

SALCEDO

3
Febreiro
Festa de San Brais

11
Novembro
Festa patronal de San Martiño

SANTA MARÍA DE XEVE

16
Xullo
San Antón, Corpus e Nosa Señora do Carme

SANTO ANDRÉ DE XEVE

15
Agosto
Festa da "Virxe do Carme"*

16
Agosto
Festa de San Roque

*
Outubro
Festa da Virxe do Rosario

30
Novembro
Festa Patronal de Santo André

TOMEZA

29
Xuño
Festa patronal de San Pedro

13
Xullo
Corpus Christi

12
Outubro
Virxe do Pilar

13
Outubro
Virxe do Rosario

VERDUCIDO

3
Febreiro
San Blas

*
Xullo
Santísimo

*
Xullo
Virxe das Cabezas

11
Novembro
Festa patronal de San Martiño

*
Novembro
Santa Bárbara

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada polo Concello de Pontevedra.

* Sen data exacta.

7.2 ASOCIACIÓNS, FUNDACIÓNS E OUTRAS AGRUPACIÓNS CULTURAIS

7.2.1 Asociacións culturais

As asociacións culturais son un instrumento de primeiro orde para que a cidadanía poida participar no eido cultural. Dende 1977 ata a actualidade 1.157 asociacións foron dadas de alta no concello de Pontevedra, das cales 385 (33,27%) están clasificadas como asociacións culturais segundo datos do Rexistro de asociacións da Xunta de Galicia (base de datos consultada actualizada a 01/03/2021). Un número relevante destas asociacións non teñen actualmente actividade e non cursaron formalmente a baixa do Rexistro da Xunta de Galicia pero dan unha idea da forte dinámica do asociacionismo cultural na Cidade de Pontevedra en comparación con outras das grandes cidades galegas.

A maioría destas 385 asociacións non teñen unha clasificación específica (332) o resto repártese entre “cultura popular, gastronomía” (11), “defensa do patrimonio” (5), “históricas” (1), “musicais” (30) ou de “teatro, espectáculos”(6).




Figura 70. Detalle das asociacións culturais dadas de alta no Concello de Pontevedra segundo a súa tipoloxía dende 1977.


Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia

Táboa 105. Detalle das altas de asociacións culturais nas sete grandes cidades galegas, 1977-2020.

	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago de Compostela	Vigo
ARTES	6		2	4		9	8
CIENCIAS	3					3	
CULTURA POPULAR, GASTRONOMÍA	4	2	1	2	11	3	11
DEFENSA DO PATRIMONIO	6		3	2	5	6	5
HISTÓRICAS	1		1		1	1	
HUMANIDADES		1	1			2	
MUSICAIS	75	33	22	36	30	55	63
TEATRO, ESPECTÁCULOS	20	6	5	10	6	18	30
OUTRAS	458	156	379	447	332	354	660
Total xeral	573	198	414	501	385	451	777

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia

Figura 71. Altas anuais de asociacións culturais no Concello de Pontevedra, 1977-2020.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia


385
ALTAS DE
ASOCIACIÓNS
CULTURAIS
DENDE 1977

No curso deste traballo e para ter información de primeira man de como estas asociacións funcionan dentro do panorama cultural da cidade, realizouse unha enquisa que foi enviada as asociacións culturais dadas de alta como tal nos rexistros oficiais. Como xa se comentou, é posible que algunhas desas asociacións culturais dadas de alta no rexistro oficial da Xunta de Galicia (385) non estean oficialmente activas na actualidade. Ante isto, para lograr unha cifra máis exacta da actividade real, realizouse un cribado para localizar de xeito máis exacto as asociacións activas, finalmente contactándose cun total de 46 organizacións.

Con isto logrouse a resposta de 33 entidades, grazas as cales pódese coñecer como estas se organizan e levan a cabo a súa actividade. Recolléronse diversos datos, como a finalidade e os obxectivos de cada unha delas, a data de fundación das mesmas, con que orzamento anual contan e o número de socios actuais, así como as actividades realizadas no ano 2019 e as consecuencias que a pandemia da Covid19 tivo na súa actividade do último ano.

Dos resultados da enquisa despréndese que estas entidades tiveron que cancelar máis da metade das actividades que tiñan programadas para o ano 2020 (50,7%) e tamén que deixaron de programar actividades no contexto da pandemia, xa que en 2019 as entidades enquisadas programaron ata 309 actividades contra as 229 programadas en 2020, das que 116 foron anuladas. Por conseguinte en 2020 só se materializou unha terceira parte das actividades realizadas en 2019.

Figura 72. Porcentaxe de actividades realizadas e anuladas durante o ano 2020




309

ACTIVIDADES PROGRAMADAS EN 2019


En moitos casos tamén facilitaron datos do número de asistentes a cada unha desas actividades, acadando un total no ano 2019 de 25.990 persoas asistentes as actividades programadas por estas asociacións que responderon á enquisa, sen ter en conta que algunha destas actividades se desenvolven en recorridos polas rúas de Pontevedra co cal non é posible contabilizar asistentes (p. ex. grupos de gaitas, comparsas,...).

Compre destacar a disparidade entre estas asociacións, partindo por exemplo do orzamento ou o número de socios de cada unha delas. No referente ao orzamento total, partimos dunha cifra total de 355.805€ repartida dun xeito dispar, pois mentres unha destas asociacións que responderon ao cuestionario manexa ata 160.000€, o orzamento máis alto, outras nove atópanse por debaixo dos 2.000€ anuais. Once destas asociacións teñen un orzamento de entre 2.000 e 10.000€, seis oscilan entre os 10 e os 30 mil euros e tres ascenden a unha cantidade comprendida entre os 30 e os 50 mil euros. Entre as que manexan os menores orzamentos, practicamente simbólicos, hai maioritariamente asociacións relacionadas co teatro.

Figura 73. Detalle das asociacións que responderon á enquisa segundo o seu orzamento dispoñible, 2019



Respecto ao número de persoas asociadas tamén hai diferenzas entre as asociacións que responderon á enquisa. Tres destas teñen entre 300 e 504 persoas socias, dúas entre 200 e 300, tres entre 100 e 200, cinco entre 50 e 100 e as dezasete restantes que responderon teñen entre 20 e 50 asociados. Compre ter en conta que dúas das asociacións aquí recollidas, non teñen socios ou non facilitaron os datos.

Figura 74. Detalle das asociacións segundo o seu número de socios, 2019


Fonte: elaboración propia a das respostas á enquisa

A continuación relaciónanse as asociacións que responderon á enquisa e un resumo da información das respostas recibidas.

Nota: existen fichas completas das respostas obtidas que poden ser consultadas no grupo de investigación. Nelas recóllense a maiores, entre outra información, a persoa de contacto e os orzamentos de cada unha delas.

Táboa 106. Listaxe de entidades que responderon á enquisa por orde segundo ano de creación.

Entidade	Alta
SOCIEDADE FILARMÓNICA DE PONTEVEDRA	1921
SOCIEDADE CORAL POLIFÓNICA DE PONTEVEDRA	1925
ATENEO DE PONTEVEDRA	1965
CLUBE DE TEATRO ARUME	1978
ASOCIACIÓN O CHEDEIRO DE CERPONZÓNS	1980
CORAL POLIFÓNICA DE SOUTOMAIOR*	1980
AULA CASTELAO DE FILOSOFÍA	1981
ASOCIACIÓN CULTURAL DE CAMPAÑÓ	1984
AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA CELME	1985
ASOC. MUSICO-CULTURAL SAN MARTIÑO BANDA DE MÚSICA DE SALCEDO	1988
ASOCIACIÓN BELMAR	1989
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL CEDOFEITA DO LÉREZ	1995
ASOCIACIÓN RECREATIVA DE XEVE	1996
ASOCIACIÓN TEATRAL E CONTACONTOS PAVÍS PAVÓS	1997
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL O BURGO	1999
SEMINARIO PERMANENTE DE JAZZ	2001
CULTURAL A TEMPO ESCOLA DE MÚSICA	2007
CULTURAL TREPIA	2009
CULTURAL MARAVALLADA	2011
AVELAÍÑA TEATRO	2011
CULTURAL GAITEIROS OS DE ALGURES	2011
ASOCIACIÓN CULTURAL O MÁIS ALTO DE MARCÓN	2012
ASOCIACIÓN CULTURAL URBANA TALLER ABIERTO	2013
CULTURAL GAITEIROS DAS RIAS BAIXAS	2013
ASOCIACIÓN AMARINDA	2016
GAMING TROOP	2017
ASOCIACIÓN CULTURAL CASA VERDE	2017
DESFEITA TEATRO	2017
ASOCIACIÓN CULTURAL MÁIS CANTOS	2017
PANDEREITEIRAS DE VERDUCIDO	2017
ASOCIACIÓN CULTURAL TUROQVA	2018
CORO A XUNQUEIRA	2019
GALPON LAB	2020

Fonte: elaboración propia a partir da enquisa realizada

*Nota: non é formalmente unha asociación

Sociedade Filarmónica de Pontevedra

Dende 1921

filarmonicapontevedra.org

Rúa Tetuán, s/n. (baixo Teatro Principal)

info@filarmonicapontevedra.org



Finalidade e Obxectivos: Ofrecer concertos de música clásica na cidade

Número de persoas asociadas: 320

Actividade no 2019: Rosalía Gómez Lasheras (piano); Trío Rodin (violín, violonchelo e piano); Cuarteto Novecento (corda); Orquestra Sinfónica de Galicia (2 veces); El afecto Ilustrado (música barroca); Coro Vox Stellae; Dmytro Choni (piano)

Actividade no 2020: Brentano String Quartet (corda); Real Filharmonía de Galicia; Orquestra Sinfónica de Galicia; Trío Arriaga (violín, violonchelo e piano)

Actividades canceladas no 2020: Massimo Spadano (violín) e Iván Martín (piano); Beatriz Blanco (violonchelo) e Federico Bosco (piano); Manuel Gómez Ruiz (tenor) e Antonio Galera (piano); Cuarteto Quiroga (corda); Real Filharmonía de Galicia; Cuarteto Ardeo (corda); Orquestra Sinfónica de Galicia; Judith Jáuregui (piano); Ebsembla Praeteritum; Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra.

Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra

Dende 1925

Rua Luis Braille 40, Centro Sur.- 36003 Pontevedra

coralpolifonicapontevedra@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Coro adicado ó estudio e interpretación da polifonía vogal dos séculos XVI a XIX, música medieval, polifonía sacra e música popular ou tradicional galega harmonizada.

Número de persoas asociadas: 48

Actividade no 2019: 6 Actuacións. Aforos desde 150 a 300 persoas.

Actividade no 2020: Ningunha

Actividades canceladas no 2020: 4

Ateneo de Pontevedra

Dende 1965

36080 Pontevedra

ateneodepontevedra@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: O Ateneo de Pontevedra é un referente na cidade de Pontevedra e as súas actividades están dirixidas a todas aquelas persoas interesadas polo desenvolvemento humano, social e cultural do noso tempo. Con máis de medio século de traxectoria (constitúese o 25 de outubro de 1965), as preocupacións e intereses que conforman a súa identidade reflíctense nos contidos dos actos incluídos na súa ampla programación anual. A pluralidade no espectro dos invitados e participantes asegura o rigor e a posibilidade de contrastar diferentes perspectivas sobre os temas abordados.

Número de persoas asociadas: 160

Actividade no 2019: Cunha media de asistencia de 30 persoas, Realizáronse ata 50 actividades cunha media de asistencia de 30 persoas cada unha. Moitas destas actividades leváronse a cabo no Espazo Nemonon, e outras moitas na Sala de Conferencias da Vicerreitoría (Casa das Campás) peor tamén foi escenario común o Sexto edificio do Museo de Pontevedra ou o Teatro Principal, entre outros.

Actividade no 2020: Entre xaneiro e Febreiro, leváronse a cabo 10 actividades.

Actividades canceladas no 2020: 11 en total, entre relatorios, conferencias, Forophotos Pontevedra (2) e mesas redondas.

Teatro Arume

Dende 1978

<https://teatroarume.wordpress.com>

Rua Arzobispo Gelmírez 3

juanargl@hotmail.com



Finalidade e Obxectivos: Teatro e actividades culturais

Número de persoas asociadas: 30

Actividade no 2019:

Actividade no 2020:

Actividades canceladas no 2020:

O Chedeiro De Cerponzóns Dende 1980

Liborei, nº 22 ... Cerponzóns 36152

aavv.chedeiro.cerponzons@gmail.com

Finalidade e Obxectivos: Transporte, Medio ambiente, sanidade, patrimonio, dereitos dos veciños...

Número de persoas asociadas: 130

Actividade no 2019: Festas patronais e de Corpus, colaboración no día das Letras Galegas e no Mes da Lingua. Colaboración coa Asc. Cultural no magosto e colaboración coa Campaña do Día Internacional Pola Eliminación da Violencia Contra a Muller (12 conferencias)

Entrega do libro da historia da Parroquia, Creación dun Documental (Cerponzóns a Mil) Con motivo dos 1000 anos da Parroquia, inauguración de dous cruceiros, e da biblioteca.

Actividade no 2020: Festas patronais e Corpus, colocación dunha réplica de Miliario de Magencio. Concurso de espantallos e concurso de Maios.

Actividades canceladas no 2020: Sen datos relevantes.

Coral Polifónica de Soutomaior Dende 1980

Avda de Vigo nº20, 2ºA

airescpl@gmail.com

Finalidade e Obxectivos: Concertos e misas, así como intercambios con outras corais dentro e fora da comunidade.

Número de persoas asociadas: non

Actividade no 2019: Actuación no marco das festas da Peregrina, na Praza da Ferrería cunha asistencia de 2000 persoas.

Actividade no 2020: non

Actividades canceladas no 2020: 3

Aula Castelao de Filosofía Dende 1981

www.aulacastelao.gal

Apartado de Correos 332 36001 Pontevedra (Galiza)

airescpl@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Tomando a Filosofía nas súas dimensións crítica e transformadora, busca a renovación temática e metodolóxica no campo da Filosofía, prestando especial atención ao profesorado de ensino medio, así como a normalización da nosa lingua, principalmente no ensino.

Número de persoas asociadas: 20

Actividade no 2019: Semana Galega da Filosofía, cunha asistencia de 400 persoas

Actividade no 2020: non

Actividades canceladas no 2020: Semana Galega da Filosofía 2020

Asociación Cultural Deportiva Campañó Dende 1984

www.aulacastelao.gal

Cabaleiro 42 - Campañó - Actividades 36157 - Pontevedra

correodacultural@gmail.com

Finalidade e Obxectivos: Actividades socio culturais e recreativas

Número de persoas asociadas: 261

Actividade no 2019: Cursos, entroido bailes, charlas, teatro, viaxes, magosto, nadal, infantil, xantares..

Actividade no 2020: Entroido

Actividades canceladas no 2020: Sen actividade dende o 14 de marzo

Agrupación Folklorica Celme
Rúa Echegaray 23, 4º Pontevedra
edominguez@mundovalor.com

Dende 1985



Finalidade e Obxectivos: Fomentar a riqueza do Folklore a través da música, o baile e a vestimenta.

Número de persoas asociadas: 32

Actividade no 2019: Actuación no enterro do Loro Ravachol de Pontevedra. Actuación no Día da Muiñeira en Xuño 2019, e actuación no día da Ofrenda á Virxe Peregrina en Agosto 2019

Actividade no 2020: Entroido

Actividades canceladas no 2020: As actuacións do enterro do Loro Ravachol, no día da Muiñeira e no día da Virxe Peregrina.

Asociación Música-Cultural San Martiño
www.bandademusicadesalcedo.com
Cruceiro nº 6 - Salcedo 36143 PONTEVEDRA
info@bandademusicadesalcedo.com

Dende 1988

Finalidade e Obxectivos: Difundir e dar a coñecer a cultura galega en tódalas suas manifestacións, promover todo tipo de actividades artísticas, prestando especial atención ás relacionadas coa música e a danza, e fomentar a relación e cohesión socio-cultural dos seus asociad@s entre si e co seu entorno.

Número de persoas asociadas: 78

Actividade no 2019: Vinte actividades, cunha media de máis de 500 persoas por actuación, sendo a máis numerosa o Concerto "non tan singular" da banda de música ed Salcedo, con 3000 persoas.

Actividade no 2020: 10 concertos

Actividades canceladas no 2020: 17 actividades, entre concertos, recitais e ciclos de música da Banda municipal de Salcedo

Asociación Belmar
www.asociacionbelmar.es

Dende 1989



Augusto González Besada, 15, 1
clubbelmar@gmail.com

Finalidade e Obxectivos: Actividades culturais, familiares e de tempo libre.

Número de persoas asociadas: 25

Actividade no 2019: Diversos obradoiros cunha media de 15 asistentes cada un.

Actividade no 2020: Obradoiros

Actividades canceladas no 2020: 2

Asociación Sociocultural Cedofeita
<http://cedofeita.arcanaverba.org>
Rúa Leandro del Río, 12. Lérez. 36156. Pontevedra
acedofeita@yahho.es

Dende 1995



Finalidade e Obxectivos: Fomentar a cultura e realizar actos de tipo cultural, recuperar e potenciar as tradicións populares de parroquia, e promover e dignificar o emprego da lingua galega.

Número de persoas asociadas: 159

Actividade no 2019: Publicación da Revista Cedofeita e presentación da mesma na casa das Campás, así como o ciclo dos "venres culturais", conferencias, roteiros e participación na Feira Franca de Pontevedra con diversos obradoiros.

Actividade no 2020: "Venres culturais", e actuación do coro "Bella Helenes"

Actividades canceladas no 2020: Canceláronse as festas populares de Lérez, os "Venres culturais" e a publicación do nº 24 da Revista "Cedofeita" entre outras.

Asociación Recreativa de Xeve

Dende 1996

Lg. Maúngo, Nº11 36150-Sto. André de Xeve – Pontevedra
arxeve@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Defensa e divulgación de valores culturais galegos nas súas diferentes manifestacións, tanto do presente como do pasado. Promoción do deporte e da xuventude en tódolos eidos sociais e de actividades tradicionais lúdico-festivas. Propiciar a integración social da muller e a loita contra a discriminación e violencia de xénero.

Número de persoas asociadas: 504

Actividade no 2019: Nove actividades cunha media de asistencia de 200 persoas cada unha, dende as festas de entroido ata o magosto, pasando pola festa dos maíos ou a Feira Franca, entre outras. A máis numerosa en asistencia foi a propia festa da Asociación, con 800 asistentes.

Actividade no 2020: Enterro do Loro Ravachol.

Actividades canceladas no 2020: O resto das actividades realizadas en 2019.

Asociación Sociocultural O Burgo

Dende 1999

<http://cedofeita.arcanaverba.org>

Avda. Juan Bautista Andrade, 2. Centro Social do Burgo
culturaloburgo@gmail.com

Finalidade e Obxectivos: Organización de actividades culturais e de lecer para as asociadas e abertas ao público en xeral, a maioría delas.

Número de persoas asociadas: 340

Actividade no 2019: Eventos como a Filloada de Entroido (90 participantes), o alfombrado floral do Corpus do Burgo ou a Conferencia sobre o Pórtico da Gloria (50 asistentes)

Excursións e visitas culturais ao Pórtico da Gloria e Museo do Pobo Galego (55 participantes) e a Ribeira Sacra (55 participantes) Semana das Letras Galegas, con 400 asistentes aos diversos actos.

Actividade no 2020: 2 Asambleas

Actividades canceladas no 2020: Ata 7 actividades, como as excursións programadas e os eventos pola Semana das Letras Galegas, entre outros.

Pavís Pavós

Dende 1997

Rua Afonso XIII, Baixo Esq. Pontevedra
pavispavos@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Realización de actividades relacionadas coa narración oral e o fomento da lectura. Organización de festivais e simposios relacionados co mesmo.

Número de persoas asociadas: 12

Actividade no 2019: Obradorios de animación á lectura, de outubro a maio (23 sesións) con 40 participantes fixos cada sesión. 3 Sesións de contos na biblioteca pública con arredor de 200 asistentes en total. Organización do Festival **Sete Falares**, Encontro internacional de contadores de historias no mes de xuño con arredor de 2500 asistentes en total. 13 Sesións de contos no Salón do Libro de Pontevedra con 500 asistentes en total.

Actividade no 2020: Sesións de contos no Salón do Libro (200 asistentes), Obradoiro “A Hora do Conto” (280 asistentes) e 2 sesións de contos de nadal no Teatro Principal (150 asistentes en total)

Actividades canceladas no 2020: 16 das 23 sesións do obradoiro de “A Hora do Conto”, outras nove sesións de contos e o Festival Sete Falares íntegro.

Seminario Permanente de Jazz

Dende 2001

www.pontejazz.org

Avda. Juan Bautista Andrade, 2. Centro Social do Burgo
 Contacto: Luis Carballo 679454166
pontejazz@pontejazz.org



Finalidade e Obxectivos: Divulgación do jazz entre a sociedade galega, facendo fincapé na formación de músicos neste estilo musical.

Número de persoas asociadas: non

Orzamento no ano 2019: 1000€

Actividade no 2019: 19º Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra (60 alumnos\as) Jazz no Principal 2019 (público 400 persoas)

Actividade no 2020: 20º Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra (60 alumnos\as)

Actividades canceladas no 2020: Jazz no Principal 2020 e 2021 20º Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra (con educación online)

Asociación Cultural A Tempo Escola de Música
atempoescola.es

Dende 2007

Praza A Castaña nº 2 baixo Pontevedra
atempo.org@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Formación musical, organización y produción de concertos

Número de persoas asociadas: 63

Actividade no 2019: Aulas de música a alumnos de todas as idades e especialidades (96 participantes ao mes), 5 concertos na escola de distintas agrupacións de cámara (90 asistentes), concerto fin de curso na praza A Castaña (200 asistentes), concerto no IES A Xunqueira 1 de Pontevedra (300 asistentes), concerto no Casino Mercantil de Pontevedra (245 asistentes), concerto para a asociación de veciños de San Roque de Pontevedra (350 asistentes).

Actividade no 2020: Aulas de música a alumnos de todas as idades e especialidades (53 participantes).

Actividades canceladas no 2020: Nove concertos en total.

Trépia Asociación Cultural
trepia.org

Dende 2009

Rúa Rosalía de Castro, 100. Pontevedra
info@trepia.org



Finalidade e Obxectivos: Difusión e adaptación contemporánea da música e baile tradicionais.

Número de persoas asociadas: 240

Actividade no 2019: Normalmente organízanse tres eventos anuais (abril, outubro e decembro) co apoio do Concello de Pontevedra, cunha media de 400 asistentes; mais neste ano de pandemia as datas coincidiron con períodos de confinamento, así que non se celebraron (nin en 2019 nin en 2020)

Actividade no 2020: Só Actividades internas

Actividades canceladas no 2020: Aña Urbana 2020 (abril), Fin de curso (xuño), Magosto (outubro), Cantares e danzas de nadal e reis (decembro).

Asociación Avelaíña Teatro

Dende 2011

avelainhateatro.wordpress.com

Perfecto Feijoo 4 7B 36002 Pontevedra
carrouchagg@gmail.com

Finalidade e Obxectivos: Tentar aguixar a fogueira da cultura, abrir os ollos e espelir a conciencia social.

Número de persoas asociadas: 16

Actividade no 2019: Dúas con 150 asistentes en cada unha.

Actividade no 2020: Unha no concello de Pontevedra

Actividades canceladas no 2020: O Circuito teatral con catro obras e catro compañías, (organizado por Avelaíña en Mourente, Pontevedra e unha representación en Lerez), e sete representacións de Avelaíña Teatro na Provincia.

Asociación Cultural Gaiteiros Os De Algures

Dende 2011

Rúa Loureiro Crespo nº 5 - 5º A CP 36001 PONTEVEDRA
osdealgures@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Grupo de música tradicional galega

Número de persoas asociadas: 62

Actividade no 2019: Ata 20 actividades en Pontevedra, tanto a cargo da Deputación como do propio Concello de Pontevedra, entre as que destaca a actuación no Pregón das festas da peregrina dese ano 2019, cunha asistencia de 1.000 persoas.

Actividade no 2020: 17 actividades, case todas no marco das festas da peregrina de 2020, cunha asistencia media de 100 persoas.

Actividades canceladas no 2020: 8 actividades.

Asociación Cultural Maravallada

Dende 2011

www.maravallada.gal

Rúa San Guillermo 23 Baixo A. 36002. Pontevedra

maravallada.maravallada@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Promoción das expresións galegas nas súas diferentes formas, fomentando o seu uso en todos os eidos. Recuperación dos Cantos de Taberna, coa participación dos asistentes, en diferentes actividades, mediante ensaios en Centros Culturais.

Transmisión de Cantigas Populares en galego, co reparto de letras impresas fomentando a participación.

Número de persoas asociadas: 9

Actividade no 2019: Participación nos Cantos na Maré con cantos na taberna. (200 persoas) Ensaio nos Centros Culturais de Salcedo, Xeve e o Gorgullón, do Repertorio para o "Aquí Cántase". Actividade de "Aquí Cántase" dando comezo as Festas da Peregrina, polas Prazas de Pontevedra. Reparto das letras das cantigas. (Asistencia estimada 2000 persoas) Panxoliñas na Taberna polo Nadal. (Asistencia estimada 150 persoas)

Actividade no 2020: Cantos de Taberna no mes de Xaneiro e Febreiro, e Cantos na Varanda no mes de Maio en Streaming.

Actividades canceladas no 2020: varias das actividades que si se levaron a cabo en 2019.

Asociación Cultural O máis alto de Marcón

Dende 2012

<https://www.facebook.com/carreirapopulardePintos>

Pintos, Marcón 37

marathonpopulardepintos@gmail.com

Finalidade e Obxectivos: Promoción cultural e deportiva, actividades de dinamización do rural.

Número de persoas asociadas: n/d

Actividade no 2019: 1 actividade. Carreira Popular de Pintos, 300 persoas

Actividade no 2020: 0

Actividades canceladas no 2020: 1

Asociación Cultural "Gaiteros das Rías Baixas"

Dende 2013

Rua da Barca nº 14-1º A-Pontevedra

Contacto: Alvaro Novegil 639908788

gaiterosdaseriasbaixas@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Recuperación e difusión do xeito de tocar pechado tradicional das Rías Baixas. Seguindo a liña do seu mestre D. Ricardo Portela, tratan de potenciar e ensinar esta fermosa técnica de ditiación "a man Pechada", formando a Gaiteros de ambos sexos, dende os oito anos. Na actualidade é a única escola existente neste eido en Galicia.

Número de persoas asociadas: 65

Actividade no 2019: Curso de gaita "a man pechada" na Casa da Cultura de Lérez: Asistencia, 40 persoas polo fin de semana.

Actividade no 2020: Colaboración co Concello de Pontevedra nas Festas da Peregrina

Actividades canceladas no 2020: Suspendeuse o curso da escola de gaitas.

Asociación Cultural Urbana "Taller Abierto"

Dende 2013

www.tallerabierto.info

Plaza de la Estrella 4, bajo. 36002 Pontevedra

contacto@tallerabierto.info



Finalidade e Obxectivos: Aproveitar o patrimonio como xerador de riqueza elaborando proxectos que revertan na comunidade, revitalizando a rúa dende a implicación colectiva, difundir e defender a arte como ben común, promover e apoiar actividades e iniciativas culturais que aglutinen os principios sobre os que se sustenta á asociación, e ofrecer a oportunidade de descubrir os beneficios da actividades cultural a aqueles que se sintan alleos a ela.

Número de persoas asociadas: 33

Actividade no 2019: Ata doce actividades entre as que se atopan obradoiros de debuxo e arquitectura para nenos e familias (entre 10 e 15 participantes), concursos de fotografía e comisariado de exposicións, entre outras.

Actividade no 2020: Vídeos sobre arte galega e contemporánea, obradoiros de cinema e pintura no marco do festival Novos Cinemas, comisariado de exposicións e programas de arte para nenos entre outras.

Actividades canceladas no 2020: Obradoiros para a Cidade da Cultura e para o Concello de Sada.

Asociación de mulleres Amarinda

Dende 2016

Lg. De Cons s/n Mourente

Contacto: Paula Acibeiro Castro 606203953

amarinda@galicia.com

Finalidade e Obxectivos: Manter a unión entre as mulleres do rural

Número de persoas asociadas: 45

Orzamento no ano 2019: 300€

Actividade no 2019: Club de lectura, taller de memoria, pintura, zumba, pilates, arte floral, cestería. Unha media de 12 persoas

Actividade no 2020: Ningunha

Actividades canceladas no 2020: Todas

Asociación Cultural Casa Verde

Dende 2017

Igrexa 42 (Salcedo) 36143 Pontevedra

accasaverde@hotmail.com



Finalidade e Obxectivos: Asociación sen ánimo de lucro cuxo principal obxectivo é a organización de todo tipo de actividades relacionadas coa cultura e co lecer, e poñer en valor o patrimonio cultural, natural e inmaterial da Parroquia.

Número de persoas asociadas: non

Actividade no 2019: Baile Aninovo Infantil (350 p.), Baile Aninovo (300 p.), Baile Entroido 2019 (300 p.), Aula Municipal de teatro (50 p.), I Xincana Montañeira (60 p.), Festa da Escuma (400 p.), Cine na Rúa en Salcedo (150 p.), I Festival de Música e Teatro (500 p.), Samaín 2019 (400 p.) e Monólogo Carlos Blanco (240 p.)

Actividade no 2020: Baile Aninovo Infantil (300 p.), Baile Aninovo 2020 (320 p.), Cabalgata dos Reis (200p.), Contacontos "Contos de aca e acolá" (150 p.), Recepción das súas Maxestades no Centro Social (150 p.), Músicas de Domingo con Nelson Quinteriro (170 p.), Baile Entroido 2020 (300 p.), Autocine en Salcedo (450 p.), Obradoiros "Regreso á Prehistoria" (60 p.), Concurso de fotografías de medo Samaín 2020 (online), Na Procura do Tesouro (200 p.)

Actividades canceladas no 2020: Festa da Escuma, Orientación nocturna no Monte San Martiño, Baile Aninovo, Baile Aninovo Infantil, Baile Entroido, Obradoiros de cociña saudábel.

Asociación Gaming Troop

Dende 2017

www.gamintroop.es

Avenida de Lugo 7, 1C

info@gamingtroop.es



Finalidade e Obxectivos: Promoción e fomento de actividades relacionadas cos videoxogos

Número de persoas asociadas: 40

Actividade no 2019: 13 torneos de videoxogos cunha asistencia de 40 persoas por torneo. Participación con outros eventos celebrados na cidade como Noites Abertas, a pé de rúa ou a asociación de Autismo BATA

Actividade no 2020: 4 torneos e colaboración co evento HobbyPont na Casa Azul.

Actividades canceladas no 2020: Torneo galego de decembro.

Asociación Máis Cantos

Dende 2017

www.maiscantos.org

Casa Azul. Rúa Sor Lucía 7

ascmaiscantos@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Empoderamento das persoas maiores a través dos vencellos sociais e emocionais asociados á música tradicional, popular e ós cantos de taberna.

Número de persoas asociadas: 50 aprox

Actividade no 2019: Intervencións no I Festival Musico Cultural de Salcedo, Festa de San Blas, Romaría de San Benito do Lérez...

Actividade no 2020: Concerto na Casa Verde de Salceda, Festas da Peregrina.

Actividades canceladas no 2020: Non sabe/non contesta

Desfeita Teatro

Dende 2017

Avda Beiramar 113, CP 36208, Vigo (Pontevedra)

desfeitateatro@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Crear un grupo que busque desfrutar do teatro, ilusionar, chegar ao público e aprender do oficio de actor.

Número de persoas asociadas: 17

Actividade no 2019: Ao redor de 10 representacións cunha media de 60 asistentes.

Actividade no 2020: 3 representacións.

Actividades canceladas no 2020: 2 cancelacións, e interrupcións da actividade do grupo

TUROQVA

Dende 2018

Eduardo Blanco Amor 11

info@turoqva.com



Finalidade Obxectivos: Música e cultura tradicional festiva de Pontevedra

Número de persoas asociadas: 20

Actividade no 2019: Desfiles da comparsa de Xigantes e Cabezudos do Concello de Pontevedra, en festas do Santiagüiño e da Peregrina, con centos de persoas nas primeiras e miles nas segundas.

Actividade no 2020: Desfiles da comparsa de Xigantes e Cabezudos do Concello de Pontevedra, en festas do Santiagüiño e da Peregrina.

Actividades canceladas no 2020: Procesións, do Santiagüiño, da Peregrina e San Roque, e a batalla de flores das festas da Peregrina.

Pandereteiras de Verducido

Dende 2017

Covadáspera 7. Verducido - 36151 Pontevedra

pandereteirasdeverducido@gmail.com

Finalidade Obxectivos: Música tradicional para xente nova

Número de persoas asociadas: 25

Actividade no 2019: Festa dos Maios (2.000 persoas), San Bieito de Lerez (500 persoas), festa homenaxe aos Maiores do Burgo (500 persoas), festa solidaria Pontillón do Castro. Asanog (1.500 persoas)

Actividade no 2020: Festas de verán. Ciclo con Voz de muller

Actividades canceladas no 2020: n/d

Asociación Coral "A Xunqueira"

Dende 2019

alexandre boveda s/n 36005 Pontevedra

coroaxunqueira@gmail.com

Finalidade Obxectivos: Difusión da música coral entre a xuventude

Número de persoas asociadas: 30

Actividade no 2019: 8 concertos con aforo completo en distintas localizacións, cursos de técnica vocal (50 participantes) e de dirección coral, así como varias participación en certames do Salón do Libro.

Actividade no 2020: Actividades realizadas ata o oito de marzo, como a inauguración do Salón do Libro de Pontevedra e varios concertos.

Actividades canceladas no 2020: 2 Concertos benéficos, Misa da Peregrina, Varios concursos...máis aquelas actividades que xa non foron programadas pola situación.

O Galpón Lab

Dende 2020

www.galponlab.com

Rúa Doutor Loureiro Crespo 44-46, 1ºD, 36004 Pontevedra

info@galponlab.com



Finalidade Obxectivos: Promoción e difusión cultural e apoio a artistas emerxentes

Número de persoas asociadas: 30

Actividade no 2019: -

Actividade no 2020: 2 exposicións: mulleres creadoras na Casa da Luz, exposición de socios no espazo do Galpón Lab, 10 obradoiros de distinta índole impartidos polos artistas pertencentes a asociación. 3 eventos: Galpón Market, un mercado de forma online durante o confinamento que tivo dúas edicións; Portas abertas, que foi inauguración do espazo físico de O Galpón Lab; Celebración do Samaín. 5 entrevistas online: Kiko Da Silva, Abi Castillo, Bea Gregores, Santi Paredes e Jordi o creador da marca Aí Falaches. múltiples talleres de forma dixital durante o confinamento (un por día durante 5 semanas).

Actividades canceladas no 2020: ningunha, adaptáronse ao formato dixital.

7.2.2 Fundacións¹⁰⁸

Fundación Alexandre Bóveda

Dende 1990

www.alexandreboveda.gal/

Pazo da Cultura, Seminario 6. Rúa Alexandre Bóveda

f.aboveda@gmail.com



Finalidade e Obxectivos: Os obxectivos centrais da FAB son divulgar o ideario político de Alexandre Bóveda, así como dar a coñecer a súa figura e contexto histórico do que fixo parte de xeito sobranceiro. Promover os estudos sobre economía e cultura galega, así como tamén o estudo e recuperación da memoria democrática do país maillo seus persoeiros. No 2019 a fundación participou no documental "Memoria Neta", e levou a cabo diversas actividades como o Día da Galiza Mártir, con 100 asistentes e a entrega dos premios Galiza Mártir (50 asistentes).

Fundación RAC

2007

<http://www.fundacionrac.org/rac/>

Padre Sarmiento, 41. 36002 Pontevedra

info@fundacionrac.org



Finalidade e Obxectivos: A Fundación Rosón Arte Contemporáneo é considerada de interese galego pola Consellería de Cultura e Deporte, ten como finalidade principal o apoio á arte e a cultura, levando a cabo proxectos e actividades que incentiven a creación artística e a súa difusión. Ademais de ter en depósito unha colección privada de máis de 300 obras, a fundación leva a cabo unha importante labor pedagóxica e formativa, con visitas guiadas á colección, encontros entre estudantes e artistas, e actividades relacionadas coa literatura. Leva a cabo tamén un Programa de Residencias, mediante o cal a fundación invita a artistas procedentes de varios países do mundo para levar a cabo proxectos aquí, na súa sede do centro histórico de Pontevedra.

Fundación Cuña-Casasbellas, Fabulario Novo -Hipofanías

<http://www.hipofanias.es/Fundacion/Inicio.html>

Sala Versus, C/ Gerardo Álvarez Limeses, 12

hipofanias@telefonica.net

Finalidade e Obxectivos: Ten como obxectivo reunir, preservar, promover e difundir a obra literaria, artística e social de Manuel Cuña Novás y Jorge Cuña Casasbellas, así como a de todos aqueles autores a eles vinculados, ou afíns por unha ou outra razón. Ademais, a fundación ten por obxecto promover investigación, encontros e todo tipo de actividades que cursen na actividade poética, artística, antropolóxica e filosófica xunto coa sociedade,

¹⁰⁸ Aquelas que dispoñen de infraestrutura física foron tamén comentadas no epígrafe correspondente.

co fin de contribuír decididamente á promoción das condicións que fagan efectiva a solidariedade humana.

Fundación Manuel Moldes

2020

Rúa de Benito Corbal, 47, 36003 Pontevedra

Finalidade e Obxectivos: Esta fundación, constituída legalmente no ano 2020, crease para conmemorar a vida e obra de Manuel Moldes, pintor pontevedrés que faleceu no ano 2017, Foi profesor na facultade de Belas Artes, membro da Real Academia Galega de Belas Artes, e un dos fundadores do Grupo Atlántica. A Fundación que leva o seu nome non ten sede na actualidade, pero ocupará un espazo no novo edificio que a Xunta de Galicia ten na Rúa Benito Corbal, será na octava planta, nun espazo de 500 m².

7.2.3 Corais

A tradición coral en Pontevedra iniciase nos anos 20 do século pasado con Aires da Terra de Perfecto Feijoo. Na actualidade mantense unha relevante actividade coral coa existencia, entre outras, das seguintes agrupacións, moitas delas integradas na Federación Galega de Corais.

- Soeciedade coral polifónica de Pontevedra*
- Coral Polifónica de Soutomaior*
- CORO A XUNQUEIRA Coro Vinderel*
- Coral “Helénica”
- Coral “Bella Helenes”
- Coro “Alameda do Fogar do Maior!
- Coro do colexio Provincial de Avogados
- Coral P “Pontevedra”
- Coral Airiños de Campañó

**Xa comentadas nas fichas das páxinas anteriores*

7.3 APROXIMACIÓN AOS CLUBS DE LECTURA

No marco da cultura en movemento de Pontevedra compre falar dos clubs de lectura como outro proxecto de dinamización cultural, coa perspectiva de achegar a lectura á poboación de Pontevedra especialmente ao público infantil. A información que conforma este apartado foi proporcionada directamente polos propios clubs de lectura.

CLUBS DE LECTURA DA LIBRERÍA PAZ.

Situada na rúa Peregrina, esta librería leva a cabo encontros con diversos autores e celebra tres clubs de lectura diferentes, e as temáticas van dende narrativa infantil a xuvenil, a banda deseñada ou literatura portuguesa, entre outros.

1. **Os Xoves en Paz:** Comezou en 2016, teñen 15 asistentes por sesión e levan a cabo encontros a través das redes, con autores como Mariana Enríquez (Las cosas que perdimos en el fuego), Cristina Sánchez Andrade (Las inviernos), Juanra Madariaga (Espedición - Hugin e Munin), ou coa tradutora María Alonso Seisdedos (A concesión do teléfono).

Tamén de forma presencial, con Marina Colasanti, Xesús Fraga, Antón Lopo, Carme Vidal, Anxos Sumai, Emma Pedreira, María Reimóndez, Diego Alfonsín, Lara Dopazo, Ismael Ramos, Isaac Xubín ou Amador Castro.

Clebráronse roteiros con autores como Xosé Monteagudo (Todo canto fomos), Antonio Reigosa arredor de Cunqueiro, Manuel Gago (O exército de fume), Ana Cabaleiro (As ramonas)

Encontros con tradutores: Celia Recarey (Orlando - Irmás Cartoné), Carlos Valdés (Pasar- Irmás Cartoné)

No marco do curso académico, buscan ler algún clásico da literatura universal, e procuran a preferencia por libros escritos por mulleres, e novidades da literatura galega de editoriais “menos coñecidas.”

2. **Club de banda deseñada,** comezou en 2016: Realizan a lectura dunha obra por mes e levan a cabo encontros con autores, entre os que destacan: Monteys, Borja González, Mamen Moreu, Jordi Lafebre, Chloé Cruchaudet, Teresa Valero, Miguelanxo Prado, Kiko da Silva ou David Rubín.

A asistencia e de entre 10 e 12 persoas cada día

3. **Club de lectura en portugués 'Fiando estórias'** comezou en 2019: Realizaron un encontro con Afonso Cruz e levan a cabo lecturas de autores como Clarice Lispector, João Tordo, Lúcia Jorge, Afonso Cruz, Mia Couto, Sophia de Mello



Breyner Andersen, Valter Hugo Mae, José Eduardo Agualusa e Agustina Bessa Luis. A asistencia é de 6 ou 7 persoas en cada sesión.



CLUB DE LECTURA DO SALÓN DO LIBRO

Naceu no ano 2018 e está formado por mediadoras de lectura de diversos ámbitos, que levan a cabo reunións mensuais para ler obras de infantil e xuvenil galegas. Normalmente convidan á sesión á autora da obra lida. Así contaron coa presenza de Leticia Costas, Victor Rivas, Ana Cabaleiro ou Kiko Dasilva entre outros.

CLUB DE LECTURA DA FUNDACIÓN CUÑA-CASASVELLAS

Levan a cabo a lectura de narración ou novela corta contemporánea, reúnen cada 15 días e participan entre 8 e 10 persoas en cada encontro. Tamén celebran, cada venres, un encontro poético ao que acoden entre 8 e 12 asistentes.

CLUBS DE LECTURA ESCOLARES

1. **Nube de Palabras”, club de lectura do IES Sánchez Cantón**
<http://nubedepalabras.blogspot.com/>
Curso 2019/2020

Baixo o nome xenérico de Nube de Palabras, o centro recolle ata 12 grupos lectores, coordinado por oito mediadores pertencentes a diversos departamentos didácticos. Con este grupo cubren todos os niveis educativos que se imparten no centro e cada grupo lector comprende entre 12 e 15 alumnos. Isto fai un mínimo total de 144 alumnos e alumnas participando nos clubs de lectura. Respecto a isto, o centro informa de que non se chega a paridade entre rapaces e



rapazas, pero conseguiuase acadar un número menos dispar ao promocionar especificamente as actividades de lectura entre os varóns. Isto deu os seus froitos, sobre todo nos ciclos de lectura de 1º de ESO e nos de Bacharelato.

As postas en común teñen unha duración de trinta minutos, e baséanse en compartir comentarios e reflexións arredor das lecturas, buscando que todos os rapaces e as rapazas partipen, fomentando o pensamento crítico e o debate, ademais do desfrute pola lectura. Os ditintos grupo de lectura son os seguintes:

1. Narrativa en lingua castelá: grupo mixto de 1º e 2º de ESO.
2. Narrativa en lingua inglesa, para un grupo de 4º de ESO.
3. Lectura Igualdade/CMN con alumnado do segundo ciclo de ESO e bacharelato.
4. Narrativa en galego para un grupo de 3º de ESO.
5. Narrativa en galego para un grupo mixto de 4º de ESO e de 1º de bacharelato.
6. Narrativa en galego para 1º de bacharelato.
7. Narrativa en galego para 1º de ESO
8. Narrativa e galego para dous grupos de 4º de ESO
9. Narrativa en galego para un grupo mixto de 1º e 2º de bacharelato.

En total, sumando as lecturas realizadas en cada un dos grupos, levouse a cabo a lectura dun total de 31 obras, ademais de actividades paralelas á lecturas que foron as seguintes:

1. No primeiro trimestre, recibiron a visita do escritor Fran P. Lorenzo aos grupos de lectura de 1º de bacharelato.
2. No mes de decembro, o club de lectura e alumnado do CMN (Consello da Muller Nova) participou no obradoiro de poesía impartido pola poeta Tamara Andrés Padín. Un obradoiro temático sobre “Poesía e Igualdade”.
3. Para rematar o trimestre, os clubs de lectura de 1º de ESO tiveron un encontro coa escritora María Solar arredor da súa obra “Os nenos da Varíola”
4. En xaneiro recibiron a profesora alemá Stefanie Bauer de Bonn, e o club de lectura de 1º de bacharelato exerceu de anfitrión facendo un roteiro literario pola cidade de Pontevedra, lendo e compartindo coa invitada os textos seleccionados para a ocasión.
5. Colaboracións con outros clubs de lectura como os do IES Joham Carballeira, IES de Poio, IES de Soutomaior e os fondos do Salón do Libro.

Compre facer mención dalgunhas das actividades que pola situación xerada da pandemia, non puideron levarse a cabo, como a asistencia ao teatro do grupo de 4º de ESO, ou os encontros lectores, no marco do Salón do Libro, con Susana Aríns, Kiko Dasilva, Manuel Singala ou Jordi Sierra i Fabra.

2. “Caderno do Lérez” club de lectura do IES A Xunqueira II

<http://cadernodolerez.blogspot.com/>

Curso 2020/2021

“Caderno do Lérez é o nome baixo o que se atopa o club de lectura do IES A Xunqueira II, formado por 7 grupos lectores e dirixidos por cinco profesores de distintos departamentos do centro:

1. Grupo de narrativa para 1º de bacharelato. Ten 3 compoñentes, e no curso académico leron un total de 4 libros, dous en galego e dous en castelán.
2. Un grupo de narrativa e poesía para 2º de PMAR (Programa de mellora para a aprendizaxe e o rendemento), cun total de 7 participantes, que no curso 2020/2021 leron tres libros, dous en castelán e un en galego.
3. Un grupo de narrativa e poesía para 2º de ESO, con 9 participantes, no que leron unha obra en galego e outra en castelán.
4. Un grupo de narrativa e poesía para 1º de ESO, con 5 compoñentes, que levaron a cabo a lectura dun total de 3 libros, dous en castelán e un en galego.
5. Un grupo de novela gráfica, manga e cómic para alumnos de ESO a Bacharelato, que con 19 participantes é o máis numeroso.
6. Un grupo de novela gráfica para alumnos de Lingua francesa, con nove compoñentes, que leron un total de 7 obras.
7. Un grupo de álbum ilustrado con 6 participantes de diversos cursos, que desfrutaron da lectura de 4 libros.




Dende o centro levaron a cabo un diario de asistencia para cada reunión, que se levaron a cabo á hora do recreo na biblioteca do centro. As xuntanzas realizáronse de forma quincenal e os libros foron propostos tanto polos coordinadores de cada grupo, como polos participantes do club.

Por cada libro seleccionado, programábanse tres sesións de lectura, unha para a selección da obra e dúas para o comentario. Cada participante é libre de comentar calquera aspecto que lle chame atención do libro e búscase que identifiquen os temas que o autor mostra na obra, coa intención de contextualizar a mesma.

Partindo deses temas identificados en cada obra, propóñense actividades posteriores á lectura, buscando coñecer e contextualizar historicamente ao autor e a súa obra.

Compre desatacar outras catividades levadas a cabo no marco dos clubs de lectura:

1. A I Semana da Francofonía: proxecto levado a cabo polo club de literatura francesa, que levou adiante esta iniciativa, que na súa primeira edición fixo homenaxe ao escritor Uderzo, creador de Astérix, falecido recentemente, lendo ademais un total de 7 obras de Astérix elixidas polo propio alumnado
2. I Semana CAM (Cómic, anime e manga): realizada grazas á implicación da rapazada do club de manga e cómic, propoñendo, elaborando e dirixindo o evento.



Nos clubs de lectura celebrados nos centro educativos, conséguese que a lectura sexa un punto de encontro e achegamento na socialización do alumnado do centro. Apréndese a compartir e intercambiar ideas, valoracións e puntos de vista respectando as opinións dos demais, así como a mellora das competencias lingüísticas dos participantes nos debates e no uso da lingua galega.

7.4 LIBROS EDITADOS

Para a elaboración deste apartado foi consultada á Subdirección Xeral de promoción do libro, a lectura e as letras españolas do Ministerio de Cultura o nº de libros editados en Pontevedra entre os anos 2010 e 2020. Dos datos obtidos pódese extraer como cara ao final da serie a diferenza entre os libros editados en castelán e os editados en galego cada ano foi reducida de xeito significativo, chegando a ser practicamente igual o nº de libros publicados en ambos idiomas en 2019 (74 en castelán e 73 en galego).


Do gráfico seguinte tamén se pode resaltar a gran repercusión que tivo no sector a situación provocada pola covid-19 cun gran descenso do número de libros editados durante o ano 2020.

Figura 75. Libros editados en Pontevedra por lingua de publicación entre 2010 e 2020



Fonte: elaboración propia a partir de consulta realizada ao Ministerio de Cultura, SX de promoción do libro, a lectura e as letras españolas, (23/06/2021)

Figura 76. Evolución dos libros editados en Pontevedra por lingua de publicación e total, 2010-2020.



Fonte: elaboración propia a partir de consulta realizada ao Ministerio de Cultura, SX de promoción do libro, a lectura e as letras españolas, (23/06/2021)

O propio Concello de Pontevedra publicou numerosos libros nos últimos anos, a seguinte táboa recolle algúns dos principais exemplos.

Táboa 107. Principais libros publicados polo Concello nos últimos anos.

Título
A aves da cidade
A Pontevedra exiliada
Antes e despois
Arquivo da miña cidade
As árbores da cidade
As familias do doce de novembro
As PONTES de Pontevedra
Better on foot
Camiñadas con Castello
Camiñar resolve
Camiño escolar
Cemiterio de Santo Amaro
Chamadeiros
CREA, 8 de marzo
Curso mellora a lingua galega
DUBAI, concursos novas prácticas
Expo río
Exposición Palmeiras
Festa do Apego na Illa do Covo
Guía atención sociosanitaria para persoas con diversidade sensorial
Guía de bolboretas no ENIL Xunqueira de Alba
Historia de Lérez
Homenaxe a Pontevedra obreira
Horizonte 2020
Lingua para nós
LOURIZÁN, catálogo 2017
Menos coches
Metrominuto
Outra mobilidade, outra cidade
Paso a paso
Pasominuto
Pontevedra a pé, charla con cidadáns
Pontevedra accesíbel
Pontevedra cidade amábel
Pontevedra namora a ONU
Pontevedra segura
Pontevedra, OTRO MUNDO
Premio de Seguridade vial Urbana
Premio ONU Habitat
Primeiro a cidade
Programa festas verán 2019
Roteiro María Victoria Moreno
Roteiro polo patrimonio de Monte Sampaio
Señorita Carmiña
TEU Pontevedra
Unha cidade de premio

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Concello de Pontevedra

46

OBRAS PUBLICADAS RECENTEMENTE



7.5 COÑECEMENTO E USO DA LINGUA

A partir do módulo de coñecemento e uso do galego da Enquisa Estrutural a Fogares que se realiza habitualmente cada cinco anos, pódese analizar a porcentaxe de persoas segundo a lingua que falan habitualmente. Destes datos extraese que son as cidades de Lugo e Santiago nas que máis se utiliza o galego de forma habitual, onde máis dun 20% dos enquisados recoñece falar galego sempre. Por outra banda, as porcentaxes máis baixas de xente que fala sempre galego, están nas cidades de Vigo (3,85%) e A Coruña (5,34%), seguidas de Ferrol (6,71%) e Pontevedra (8,38%). Nesta última, fala sempre castelán o 41,06% dos habitantes por detrás dos valores doutras cidades como Ferrol (52,72%), A Coruña (48,62%) ou Vigo (45,31%).

Táboa 108. Porcentaxe de persoas segundo a lingua na que falan habitualmente, 2018.

	En galego sempre	Máis galego que castelán	Máis castelán que galego	En castelán sempre
A Coruña	5,34	14,64	31,4	48,62
Ferrol	6,71	10,98	29,59	52,72
Lugo	21,34	23,36	28,88	26,41
Ourense	10,71	22,8	38,85	27,65
Pontevedra	8,38	14,62	35,94	41,06
Santiago	20,58	23,31	33,46	22,65
Vigo	3,85	11,36	39,49	45,31

Fonte: elaboración propia a partir de IGE-EEF – Módulo de coñecemento e uso do galego

No referente a evolución no uso do galego na cidade de Pontevedra danos un valor negativo entre os anos 2008 e 2018, tanto entre os que falan sempre en galego (-31,3%) e os que falan máis galego que castelán (-24,6%). De igual forma, é importante resaltar que, fronte a este importante descenso, hai un lixeiro incremento na porcentaxe de persoas que falan sempre en lingua galega entre 2013 e 2018.


Táboa 109. Lingua habitual na que falan os habitantes de Pontevedra (%) e evolución 2008-2018.

	2008	2013	2018	Evolución 2008-2018
En galego sempre	12,19	8,26	8,38	-31,3%
Máis galego que castelán	19,38	16,05	14,62	-24,6%
Máis castelán que galego	31,54	32,14	35,94	14,0%
En castelán sempre	36,88	43,55	41,06	11,3%

Fonte: elaboración propia a partir de IGE-EEF – Módulo de coñecemento e uso do galego

Atendendo á lingua na que escriben as persoas enquisadas, o castelán é a lingua maioritaria nas sete grandes cidades galegas, cunha porcentaxe moi superior ao uso do galego escrito. Concretamente en Pontevedra, a porcentaxe de persoas que escribe habitualmente en galego é de 5,47%, fronte ao 94,53% que escribe maioritariamente en castelán.


Figura 77. Porcentaxe das persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente, grandes cidades 2018.



Fonte: elaboración propia a partir de IGE-EEF – Módulo de coñecemento e uso do galego

De acordo aos distintos módulos de coñecemento e uso do galego dos anos 2008, 2013 e 2018, pódese observar unha redución da porcentaxe de persoas que aprenderon a falar en galego (de 27,47% en 2008 a 21,12% en 2018), fronte a un incremento das que o fixeron en Castelán (de 49,95% en 2008 a 54,81% en 2018).


Figura 78. Porcentaxe das persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar, 2008, 2013 e 2018.



Fonte: elaboración propia a partir de IGE-EEF – Módulo de coñecemento e uso do galego

A partir desta enquisa (a través dunha pregunta con posibilidade de resposta múltiple) pódese observar como os habitantes de Pontevedra aprenderon a lingua galega principalmente a través da familia (64,93%), seguida da escola (53,81%) e o contacto con amigos e veciños (29,57%).

Figura 79. Persoas segundo os medios polos que aprenderon a falar en galego (%), Pontevedra 2018.




Fonte: elaboración propia a partir de IGE-EEF – Módulo de coñecemento e uso do galego

Analizando os datos do uso da lingua nas distintas cidades galegas, extráese que o número de falantes de galego vai diminuindo segundo nos referimos as sucesivas xeracións respecto dos seus pais/nais e avós/avoa. É significativo comparar estes datos en conxunto e ver como a pesar de ser o ámbito familiar a principal fonte de coñecemento da lingua, esta perde relevancia como idioma principal entre os enquisados.



FALAMOS

Figura 80. Porcentaxe de persoas segundo a lingua que fala habitualmente e a lingua na que lles falaban os seus pais e avós cando eran nenos, 2018.


Fonte: elaboración propia a partir de IGE-EEF – Modulo de coñecemento e uso do galego

7.6 ARQUIVOS E BIBLIOTECAS

Os arquivos e bibliotecas deben entenderse non só como infraestruturas ou contedores estáticos de cultura, senón como lugares onde a cultura conecta coa xente e viceversa dunha maneira fluída e dinámica. Así é como debemos entender os arquivos e as bibliotecas e por esta razón preséntase neste apéndice de cultura en movemento, as características de cada arquivo e biblioteca de Pontevedra, como unha forma de exemplificar ata que punto estas están en constante conexión coa poboación de Pontevedra e coa dinámica cultural do seu tempo.

Entre os arquivos e bibliotecas presentes na cidade, segundo a información recollida, albergan como mínimo unha colección de máis de 1.000.000 de exemplares e contan con máis de 900 postos de consulta e lectura distribuídos nos máis de 10.000 m² de superficie.

7.6.1 Biblioteca Pública Antonio Odriozola

A biblioteca pública de Pontevedra pertencente a rede de Bibliotecas de Galicia, é depende da Xunta de Galicia. En 2019 a biblioteca atendía a unha poboación de 83.029 persoas nos seus 214 postos de consulta e contaba cunha colección superior aos 627.000 exemplares.


Nese ano rexistrou ata 184.129 visitas tras un gran incremento respecto ao ano 2018 (incremento do 49,9%). En 2019 realizou 97.952 préstamos e organizou 251 actividades, o que supuxo uns gastos correntes de 1.125.940€.

Táboa 110. Principais indicadores da Biblioteca pública Antonio Odriozola, 2019

	2018	2019	Evolución
Poboación atendida	82.802	83.029	0,3%
Total postos de consulta dispoñibles	214	214	0,0%
Colección total	629.617	627.858	-0,3%
Total Adquisicións	15.389	11.613	-24,5%
Total Usuarios inscritos	36.198	36.839	1,8%
Número de Visitas	122.868	184.129	49,9%
Total Préstamos	100.383	97.952	-2,4%
Número Total de Actividades	225	251	11,6%
Número Total de Ordenadores	81	81	0,0%
Persoal en equivalente a tempo completo	28	27	-3,6%
Total gastos correntes	939.073	1.125.940	19,9%
Total investimentos	6.087	16.755	175,3%

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Rede de Bibliotecas de Galicia

Figura 81. Evolución dos principais indicadores da Biblioteca pública Antonio Odriozola, 2019.



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Rede de Bibliotecas de Galicia

Nos últimos datos existentes resalta a porcentaxe de poboación inscrita coa que conta esta biblioteca, superando o 44%. Tamén creceron de xeito notable as visitas ata unha media de 5 por persoa usuaria (incremento do 47,5%).

Segundo os datos do último informe do Observatorio Urbano de Pontevedra, a Biblioteca Pública Antonio Odriozola contaba en 2018 coas mellores taxas de documentos por habitante (7,60), adquisicións por cada 1.000 habitantes (185,85) e de poboación inscrita (43,72) de entre as bibliotecas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade anteriormente denominadas nodais.

Táboa 111. Principais taxas da Biblioteca pública Antonio Odriozola, 2019

	2018	2019
Habitantes por posto de consulta	386,93	387,99
Documentos por habitante	7,60	7,56
Adquisicións por 1.000 habitantes	185,85	139,87
Porcentaxe de poboación inscrita	43,72	44,37
Visitas por habitante	1,48	2,22
Visitas por usuario inscrito	3,39	5
Total préstamos por habitante	1,21	1,18
Total préstamos por usuario	2,77	2,66
Actividades das bibliotecas por 1.000 habitantes	2,72	3,02
Ordenadores por cada 2500 Hab.	2,45	2,44
Habitantes por persoal en equivalente a tempo completo	3.066,74	3075,15
Visitas por persoal en equivalente a tempo completo	4.550,67	6.819,59
Gastos correntes por habitante	11,34	13,56
Gastos correntes por visita	7,64	6,11

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Rede de Bibliotecas de Galicia

Táboa 112. Biblioteca pública Antonio Odriozola, 2019

	Total
Puntos de Servizo	1
Poboación atendida	83.029
Habitantes por punto de servizo	83.029
Superficie Total da Biblioteca	4.122
Superficie Total de uso bibliotecario	3.355
Total postos de consulta dispoñibles	214
Habitantes por posto de consulta	387,99
Colección total	627.858
Documentos por habitante	7,56
Número total de libros e folletos	212.857
Libros por habitante	2,56
Total Manuscritos	15
Total Documentos sonoros	6.681
Total Documentos Audiovisuais	9.769
Documentos audiovisuais por 1.000 habitantes	198,12
% Documentos Audiovisuais do Fondo Total	2,62
Total Documentos Electrónicos	3.496
Documentos electrónicos por 1.000 habitantes	42,11
Total Microformas	1
Total Documentos Cartográficos	181
Total Documentos de Música impresa	163
Total Documentos Gráficos	5.813
Total Diapositivas	3.201
Total outros documentos	3.405
Total títulos de Publicacións Periódicas	382.276
Total adquisicións de libros e folletos	2.614
Total adquisicións de documentos audiovisuais	282
Total Usuarios inscritos	36.839
Porcentaxe de poboación inscrita	44,37
Total Novos Usuarios	950
Novos usuarios por 1.000 habitantes	11,44
Número de Visitas	184.129
Total adquisicións	11.613
Adquisicións por 1.000 habitantes	139,87
Visitas por habitante	2,22
Visitas por usuario inscrito	5
% Visitas que fixo uso do servizo de acceso público a Internet	75,22
% Visitas que fixo uso do servizo de préstamo	53,20
Total Préstamos	97.952
Préstamos a usuarios adultos	66.644
Préstamos a usuarios infantís	30.921
Total Préstamos de libros e folletos	72.442
Total Préstamos de Publicacións periódicas	297

	Total
Total préstamos de documentos sonoros	1.316
Total préstamos de documentos audiovisuais	22.155
Total Préstamo de Documentos Electrónicos	330
Total Préstamo Interbibliotecario	6.165
Total préstamos por habitante	1,18
Total préstamos por usuario	2,66
Número Total de Actividades	251
Número de actividades organizadas pola biblioteca	244
Número de actividades non organizadas pola biblioteca	7
Número de adultos que asistiron ás actividades	8.270
Número de nenos que asistiron ás actividades	5.623
Actividades das bibliotecas por 1.000 habitantes	3,02
Total metros lineais de estantes ocupados polo fondo	7.350
Número Total de Ordenadores	81
Ordenadores de uso público	58
Ordenadores de uso interno	23
Ordenadores por cada 2500 Hab.	2,44
Numero de ordenadores de Acceso a Internet	49
Ordenadores de acceso a Internet por cada 1000 hab.	0,59
Nº de consultas ao OPAC	147.235
Nº de usuarios de Internet	2.222
Nº de horas semanais dispoñibles de Internet	64
Nº de sesións WIFI	136.281
Nº visitas á páxina web	70.598
Persoal total	40
Persoal en equivalente a tempo completo	27
Habitantes por persoal en equivalente a tempo completo	3.075,15
Visitas por persoal en equivalente a tempo completo	6.819,59
Bibliotecarios profesionais, dedicación plena	7
Auxiliares de biblioteca, dedicación plena	12
% persoal bibliotecario do persoal total	17,50
Total Gastos de Persoal	797.997
Gastos de persoal por habitante	9,61
Total gastos en adquisicións	50.282
Gastos en adquisicións por habitante	0,61
Total gastos en actividades	21.000
Total gastos en formación do persoal	4.557
Total outros gastos correntes	153.312
Total gastos correntes	1.125.940
Gastos correntes por habitante	13,56
Gastos correntes por visita	6,11
Total investimentos	16.755

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Rede de Bibliotecas de Galicia

7.6.2 Bibliotecas do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo

A universidade, como institución adicada á formación, posúe tamén dúas bibliotecas con fondos a disposición dos estudantes para préstamo, e de consulta libre en sala para outros usuarios.

A **BIBLIOTECA CENTRAL DO CAMPUS** atópase na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, no Campus CREA situado na Xunqueira e conta con 334 postos de lectura, 2 cabinas audiovisuais, 3 puntos de consulta do catálogo e 5 computadores para consulta de información bibliográfica distribuídos nos 2.050 m² que conforman esta biblioteca, este espazo divídese da seguinte maneira

- Planta baixa: 350 m² de depósito
- Planta 1ª: 1700 m²
 - 1400 m² corresponden á sala de lectura.
 - 300 m² despachos, depósito e mostrador

Nesta sede existen os seguintes fondos

Táboa 113. Fondos da Biblioteca Central do Campus

	Unidades
Nº de monografías en papel	63.743
Nº de exemplares monografías en papel*	152.518
Nº de títulos de audiovisuais	4.072
Nº de exemplares de audiovisuais	7.943
Nº de títulos de publicacións periódicas impresas	1.220
Nº de títulos de publicacións periódicas noutros soportes	73
Outros - nº de títulos (música, mapas, etc.)	2.389
Outros - nº de exemplares (música, mapas, etc.)	4.708

Fonte: elaboración propia a partir de datos facilitados polo Biblioteca Central do Campus

*Nota: en xeral existen 3 exemplares por título recomendado polo profesorado

A **BIBLIOTECA DA FACULTADE DE BELAS ARTES** conta con 440 m² dos que 400 corresponden á sala de lectura que dispón de 106 postos de lectura, 2 puntos de consulta do catálogo e 2 computadores para consulta de información bibliográfica. Os 40 m² restantes pertencen ao despacho, mostrador e depósito.

Esta biblioteca ten os seguintes fondos documentais:

Táboa 114. Fondos da Biblioteca da Facultade de Belas Artes

	Unidades
Nº de monografías en papel	17.143
Nº de exemplares monografías en papel	29.540
Nº de títulos de audiovisuais	775
Nº de exemplares de audiovisuais	1.551
Nº de títulos de publicacións periódicas impresas	207
Nº de títulos de publicacións periódicas noutros soportes	1
Outros - nº de títulos (música, mapas, etc.)	109
Outros - nº de exemplares (música, mapas, etc.)	313

Fonte: elaboración propia a partir de datos facilitados polo Biblioteca Central do Campus

7.6.3 Biblioteca da UNED Pontevedra

A biblioteca do Centro Asociado da UNED en Pontevedra atópase na segunda planta do edificio (Urbanización de Monteporreiro, C/ Portugal 1, 36162, Pontevedra). Conta cunha superficie útil construída de 664 metros cadrados distribuídos da seguinte maneira:

- Atención a usuarios e rexistro de documentación. 4 postos totalmente equipados.
- Postos de lectura: 160 (154 colectivos e 6 individuais). Contan con luz e toma de corrente.
- Postos con acceso a internet: 4; situados antes de entrar na sala de lectura.

Para o desenvolvemento da súa función principal, conta cunha colección de bibliografía básica de titulacións que imparte a UNED recollida na seguinte táboa:

Táboa 115. Fondos da Biblioteca da UNED Pontevedra.

	Unidades
Exemplares en catálogo de libre acceso	21.627
Exemplares en catálogo de referencia (excluídos de préstamo)	641
Exemplares de uso interno da institución (ocultos en catálogo)	782
Mediateca (volumes)	525

Fonte: elaboración propia a partir de datos facilitados pola UNED Pontevedra

Ademais, conta con 877 exemplares de temática variada que non se corresponde con bibliografía UNED (específicos da zona de Pontevedra ou de Galicia en xeral, por exemplo) e con 16 enciclopedias. Por último, sinalar que o sistema de préstamos da UNED permite o préstamo interno entre todas as bibliotecas dos diferentes Centros Asociados.

7.6.4 Arquivos e biblioteca do Museo

No caso do museo de Pontevedra, do que xa falamos como infraestrutura facendo referencia aos seus edificios e dependencias, hai que resaltar tamén que dispón duns nutridos arquivos e bibliotecas orientados tanto ao servizo interno do museo como aos usuarios externos que queiran facer uso dos seus fondos con fins de estudo e investigación. Así, na ampliación do edificio Fernández López atopamos a sala de investigación, cuxo acceso faise con cita previa e que dispón de 18 postos de consulta e ordenadores con ferramentas de xestión e catalogación.

Cóntase cun servizo de reprodución por medio de fotocopias ou de imaxe dixital. Para iso é necesaria a cumprimentación dun formulario onde figuran as condicións desta reprodución, tamén existe unha modalidade de consulta on-line (ATOPO) para acceder aos contidos do Museo e outros arquivos e bibliotecas dependentes da Deputación de Pontevedra.

Ofrecen ademais a posibilidade de asesoramento aos investigadores por parte dos técnicos de cada departamento, tanto de forma directa como por correo electrónico.

Durante o ano 2020, o número de usuarios da sala de investigación, que conta cunha superficie de 210 m², foi de 281 persoas, e na primeira metade do seguinte ano, foron 92.

Respecto aos contidos, a biblioteca ten dúas áreas ben diferenciadas, e en cada unha delas hai unha parte de libros e outra de revistas e periódicos. Por un lado, componse de libros e publicacións periódicas de carácter técnico, adquiridas para dar soporte ás tarefas de catalogación e investigación dos conservadores do Museo. Nesta área, hai ata o momento 4.020 cabeceiras de libros e revistas, e no rexistro de libros, 121.685 exemplares. Por outra banda, conta cun fondo dunhas cincuenta bibliotecas persoais, de antigos directores, patróns e simpatizantes do museo, cuxa temática xeralmente está relacionada coa Historia e a Historia da Arte de Pontevedra e Galicia.

Ao igual que na biblioteca, no arquivo tamén hai dúas áreas de fondos diferenciadas; o chamado Arquivo Administrativo nútrese coa documentación da xestión diaria da institución, e os fondos persoais, tamén de directores, patróns simpatizantes e investigadores relevantes da Historia da Arte de Galicia. O total de fondos da base de datos do Arquivo é de 79; 1 administrativo, 1 musical, 9 arquivos de sociedades e agrupacións entre outros ademais de 68 arquivos persoais.

Táboa 116. Fondos dos arquivos e biblioteca do Museo.

	Unidades
Postos de consulta	18
Cabeceiras de libros e revistas	4.020
Exemplares	121.685
Bibliotecas persoais	50
Total de fondos (arquivos)	79
Arquivo administrativo	1
Arquivo Musical	1
Arquivos de sociedades, agrupacións, etc	9
Arquivos persoais	68

Fonte: elaboración propia a partir de datos facilitados polo Museo – Deputación de Pontevedra

Compre destacar o arquivo gráfico, que por unha banda contén coleccións de fotografías profesionais e afeccionados á fotografía vinculada aos fondos persoais dos arquivos anteriormente citados. En total son 36 fondos persoais e 10 coleccións de distinta natureza: placas de cristal, vistas estereoscópicas, álbums fotográficos... así como o chamado Arquivo Musical, con partituras e gravacións sonoras que compoñen parte dese patrimonio sonoro da cidade de Pontevedra.

7.6.5 Arquivo Deputación Provincial de Pontevedra.

O Arquivo da Deputación de Pontevedra conserva e dispón especialmente o fondo documental xerado pola institución no desenvolvemento das súas funcións e servizos, pero tamén dispón doutros fondos documentais tanto de orixe pública ou institucional coma privado e familiar.

Atendendo á última memoria publicada pola institución no ano 2020¹⁰⁹, ademais da preservación de ditos documentos e ofrecer a posibilidade de consulta dos mesmos, realizáronse outras actividades relacionadas coa organización e distribución dos fondos:

- Revisión de unidades de Instalación baleiras e revisión de rexistros duplicados.
- Adquisición de documentos a un coleccionista particular para completar os fondos.
- Revisión de rexistros de diferentes concellos.
- Elaboración de novas relacionadas cos fondos do arquivo para colgar na web.
- Elaboración de contidos para a nova páxina web: arquivos.depo.gal
